Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-09-06 10:26:14.00) , ***393*** - JUSTO DIAZ RODRIGUEZ (FECHA: 2024-09-05 14:01:45.00)
CVD: 88W962yZ3T0/UF6Au8wd Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Número 10 - Ano 2024**

# ACTA

**da sesión Ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**30 de maio de 2024**

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e seis minutos do día trinta de maio de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenenta de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión Ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o vicesecretario da Corporacion, don Justo Díaz Rodríguez, en substitución da secretaria xeral do Pleno, e está presente o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 27 de maio de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/83 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2024.

**A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>**

**FACENDA LOCAL**

2/84 DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA EXPLOTACIÓN SITA NA REFERENCIA 27900A151005520000SL.

3/85 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA LICENCIA URBANÍSTICA DE OBRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE OLGA E DEMOLICIÓN DE ELEMENTOS ANEXOS, PRESENTADA POLA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL.

4/86 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA LICENCIA URBANÍSTICA DE OBRA PARA REFORMA INTEGRAL DO CENTRO DE SAÚDE DA MILAGROSA EXISTENTE CON LICENZA Nº 695/69, PRESENTADA POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

5/87 DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA GRANXA A LAGOA.

**INTERVENCIÓN**

6/88 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 13/2024 (REPARO 20/2024).

7/89 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 18/2024 (FACTURAS SEN REPARO).

**ACTAS E GOBERNO**

8/90 MODIFICACIÓN DA ACTUAL REDACCIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/78, ADOPTADO NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (2024/G004/000358).

9/91 COMPATIBILIDADE DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE NUTRICIONISTA, COMO AUTÓNOMA COA TITULARIDADE DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN, POR PARTE DE DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, CON PERCEPCIÓN DAS RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DESTE CARGO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL (2024/G004/000360).

**PROPOSICIÓNS**

10/92 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 174/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR UN MAIOR CONTROL DAS EMISIÓNS CONTAMINANTES NA PLANTA DE TABLEROS HISPANOS (Exp. 2024/G004/000328).

11/93 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 203/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA LEVAR A CABO A CAMPAÑA STOP PRECARIEDADE LABORAL, TRABALLO DIGNO (Exp. 2024/G004/000382).

12/94 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 204/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DOTAR AO SERVIZO MUNICIPAL DE BOMBEIROS DE MAIS EFECTIVOS E DE ESTRUTURA DE MANDO (Exp. 2024/G004/000383).

13/95 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 205/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE MELLORA E MANTEMENTO DOS PARQUES PERIURBANOS E FLUVIAIS DE LUGO (Exp. 2024/G004/000384).

14/96 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 206/2024 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE CONVIVENCIA CIDADÁ (Exp. 2024/G004/000385).

15/97 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 207/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO URXA A INMEDIATA INCOACIÓN PARA DECLARAR COMO BEN DE INTERESE CULTURAL INMATERIAL A OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALICIA (Exp. 2024/G004/000386).

16/98 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, NÚMERO 213/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AMOSAR O APOIO E RESPALDO AO CUMPRIMENTO DA LEI 20/2022, DE MEMORIA DEMOCRÁTICA (EXP. 2024/G004/000389).

## B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

### TESOURERÍA

17/99 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE ABRIL 2024.

18/100 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME TRIMESTRAL DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2024

### ACTAS E GOBERNO

19/101 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 11 DE ABRIL DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000341).

20/102 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 4036/2024, DO 30 DE ABRIL DE 2024, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN DENDE O 30 DE ABRIL DE 2024 (CORPORACIÓN 2023-2027): XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS (2024/G004/000338).

21/103 DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, LOGO DA INCORPORACIÓN DA CONCELLEIRA DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ (2024/G004/000344).

22/104 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 4472/2024, DO 10 DE MAIO DE 2024, RELATIVO Á NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE ÁS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS E Á DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL, CON MOTIVO DA INCORPORACIÓN DE DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ COMO CONCELLEIRA DO DITO GRUPO (2024/G004/000347).

### ROGOS E PREGUNTAS

**ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 212/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AXILICE E FAGA PÚBLICO O PLAN DE DINAMIZACIÓN DO COMERCIO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 214/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO LOCAL, ANTES DE TOMAR DECISIÓNS UNILATERALMENTE, CONSULTE E ESCOITE Á VECIÑANZA.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 215/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS DE CARA A AMPLIAR A XORNADA A TEMPO COMPLETO DE DÚAS EDUCADORAS SOCIAIS DOS CENTROS MARÍA BALTEIRA E SAGRADO CORAZÓN.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 216/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO LOCAL INSTALE PANTALLAS DIXITAIS EN LUGARES ESTRATÉXICOS DA CIDADE.

**PREGUNTAS:**

A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 208/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS INICIATIVAS QUE SE ESTÁN A LEVAR A CABO OU PARÁMETROS A SER MODIFICADOS NA NORMATIVA QUE POSIBILITE UN PRONTO APROVEITAMENTO DAS POSIBILIDADES INTRODUCIDAS POLO DECRETO 128/2023, DO 7 DE SETEMBRO.

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 209/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN ACTUAL DA CONTRATACIÓN DUNHA PLATAFORMA PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO PATRIMONIO MUNICIPAL E DO SEU INVENTARIO.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 210/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ENTREGA DAS ESCRITURAS DAS VIVENDAS DO BARRIO DA CROA.

D) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 211/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO MOTIVO POLO QUE SE ATOPAN ACESAS OS ÚLTIMOS DÍAS AS VINTECATRO HORAS AS LUCES DO AUDITORIO DE MAGOI.

**C) <u>DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS</u>**

**-** DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO MEDIO AMBIENTE

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:



MURALLA
patrimonio da humanidade

1/83 **APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2024.-** Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 27 de maio de 2024, do teor literal seguinte:

"O Excmo. Concello Pleno o día 1 de febreiro de 2024 celebrou sesión extraordinaria da que se levantou a correspondente acta que unha vez incorporadas as intervencións nela producidas foi asinada pola secretaría xeral do Pleno e pola alcaldesa-presidenta.
Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos:
APROBAR a acta correspondente a sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 1 de febreiro de 2024."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** APROBAR a acta correspondente a sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 1 de febreiro de 2024.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### FACENDA LOCAL

2/84 **DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA EXPLOTACIÓN SITA NA REFERENCIA 27900A151005520000SL.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, asinada o 2 de maio de 2024, do seguinte teor literal.

**"IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-** Solicitude de declaración de especial interese ou utilidade da solicitude de bonificación na cota do Imposto sobre Bens Inmobles presentada por Dona Ana María López Núñez, e referida a actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario.

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** A vixente Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, contempla no seu artigo 5.6 a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto durante tres anos, para "...aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construccións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmoble figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título…"

**SEGUNDO.-** Presentada a solicitude por Dona Ana María López Núñez con data do 29 de decembro de 2023, xunto coa certificación correspondente e documentación complementaria xustificativa da titularidade do inmoble e da constitución da sociedade, cumprindo o resto de condicións establecidas na normativa do imposto, se entende que procede o recoñecemento do beneficio fiscal instado pola seguinte referencia catastral;

| Referencia catastral | Localización | Titular |
|---|---|---|
| 27900A151005520000SL | LG PIÑEIRO (SAN MARTIÑO DE P) Polígono 151 Parcela 552<br>LEIRA DA HEREDERA. 27181 LUGO | Ana María López Núñez |

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-** O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, sinala no seu artigo 60 que "O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos nesta Lei". Pola súa banda, o artigo 77.5 do mesmo texto legal dispón que "O Imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para os efectos pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmobles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano".

**SEGUNDO.-** O artigo 63 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establece: "Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito impoñible deste imposto."

**TERCEIRO.-** A delimitación do beneficio fiscal instado se atopa no artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal 203, que di; "…Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, durante 3 anos, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmoble figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título, surtindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude. Para a súa concesión, deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- De ser necesario, título acreditativo da explotación por un terceiro da actividade agricola ou gandeira no ben inmoble obxecto da bonificación.
- Referencia catastral do inmoble onde se exerce a explotación agrícola ou gandeira…"

E dentro das potestades que a Lei outorga aos concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excelentísimo Concello Pleno a adopción do seguinte acordo;

Estimar a solicitude presentada por Dona Ana María López Núñez procedendo á declaración de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para a referencia catastral detallada deseguido na que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario;

| Referencia catastral | Localización | Titular |
|---|---|---|
| 27900A151005520000SL | LG PIÑEIRO (SAN MARTIÑO DE P) Polígono 151 Parcela 552 LEIRA DA HEREDERA. 27181 LUGO | Ana María López Núñez |

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 24 de maio de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

- **Votos a favor**: 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude presentada por DONA ANA MARÍA LÓPEZ NÚÑEZ procedendo á declaración de interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para a referencia catastral detallada deseguido na que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario;

| Referencia catastral | Localización | Titular |
|---|---|---|
| 27900A151005520000SL | LG PIÑEIRO (SAN MARTIÑO DE P) Polígono 151 Parcela 552 LEIRA DA HEREDERA. 27181 LUGO | Ana María López Núñez |

3/85 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA LICENCIA URBANÍSTICA DE OBRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE OLGA E DEMOLICIÓN DE ELEMENTOS ANEXOS, PRESENTADA POLA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, asinada o 8 de maio de 2024, do teor literal seguinte:

**“ASUNTO: Solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal da licencia urbanística de obra para a execución do proxecto de rehabilitación do Muíño de Olga e demolición de elementos anexos, presentada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.**

**ANTECEDENTES:** Con data 13.03.2024, CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO SIL (CIF Q3200109A) solicita licencia urbanística de obra para a execución do proxecto de rehabilitación do Muíño de Olga e demolición de elementos anexos (exp. 2024/Y001/000063).

Con data de 11.04.2024, CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO SIL (CIF Q3200109A) presenta escrito solicitando a declaración de interese público das obras e a bonificación do 50 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago. As alegacións presentadas son as seguintes:
*"Se pretende en este proyecto rehabilitar el molino debido a su actual estado de abandono. Fue usado durante muchos años como local de restauración y ahora la CHMS proyecta el cambio de uso para emplearlo como local de tipo museístico-didáctico. La idea es que el propio molino explique el funcionamiento de los molinos de agua y pueda albergar contenido didáctico y divulgativo sobre este tipo de edificaciones, creación de energía hidráulica, etc.*
*Por otra parte, el edificio tiene varios elementos exógenos que no encajan con su uso original, con la tipología edificatoria y con el uso previsto. Esos elementos son:*
*- La terraza exterior al oeste empleada para restaurante, cuya estructura inferior ha cedido y supe un riesgo para la seguridad.*
*- El anexo para instalaciones al norte, construido imitando la materialidad del molino. Esto es contrario a las actuales directrices de Patrimonio Cultural de Galicia.*
*- El segundo anexo para instalaciones al norte. Este elemento tiene muy baja calidad arquitectónica, estética y funcional.*
*- La nave exterior empleada como pulpería. Actualmente se encuentra muy degradada, sin carpinterías y con parte de los muros derruidos. Su color y materialidad es discordarte con el molino, y se encuentra en el entorno más próximo de este elemento protegido. - El depósito de combustible cerrado por una valla tipo Hércules. Esta instalación no debería encontrarse en un paseo fluvial de esta entidad, a la vista y el alcance de los peatones. Todos estos elementos serán objeto de demolición del presente proyecto. La idea directriz es recuperar el entorno y eliminar los elementos posteriores y no vinculados al uso original del molino.*
*[…]*
*En el presente caso se trata de una actuación en un edificio muy representativo para la ciudad de Lugo que se encuentra presente en el imaginario colectivo de los habitantes de la ciudad. Otras circunstancias que avalan la declaración de actuación de interés municipal son las siguientes:*
*- Está muy próximo a la entrada vieja desde Santiago.*
*- Es un edificio histórico representativo de finales del siglo XIX (año 1880). - Su uso como molino y su vinculación directa con la Aceña de Olga.*
*- Se encuentra en el Camino de Santiago Norte Interior.*
*- Se ubica en un entorno natural agradable como es el paseo fluvial del río Miño en su paso por Lugo.*

*Por otra parte, no sólo la rehabilitación del inmueble, sino también el uso previsto para él es de evidente interés para la Ciudad de Lugo. Así, la CHMS ha suscrito, el 31/07/2023, un Convenio con la Universidad de Santiago de Compostela a través del cual el organismo de cuenca cederá gratuitamente el molino, una vez finalizadas las obras, a la USC, que asumirá la gestión del mismo.*
*Entre las obligaciones asumidas por la USC en el citado Convenio se encuentran la realización de las actividades de divulgación de los equipos docentes y grupos de investigación vinculados del Campus Tierra y de la Universidad en general -especialmente los dedicados a la hidrología, gestión de recursos hídricos del río y sus fauna, flora, construcciones o etnografía-, como pueden ser, por ejemplo, y entre otras, las siguientes:*
*a. Las dirigidas a la divulgación científica entre la comunidad educativa de enseñanzas no universitarias.*
*b. Las de formación orientadas al alumnado universitario de grado y posgrado y a la formación a lo largo de la vida.*
*c. Las de transferencia y gestión del conocimiento, poniendo a disposición de la sociedad y del mercado la innovación y los resultados derivados de las investigaciones vinculadas al espacio, así como el desarrollo de trabajos científicos y/o técnicos.*
*d. Las de divulgación científica mediante, por ejemplo, entre otras, la organización de cursos divulgativos, charlas y colaboración en publicaciones de amplia difusión para hacer llegar al público en general los conocimientos adquiridos a través de la investigación en ese campo.”*
(exp. 2024/T028/000552).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ao amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.11 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, vixente no exercicio 2024, establece:

*“Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitos dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.*


MURALLA
patrimonio da humanidade

*Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.*
*Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude de licencia de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*
*A declaración de "especial interese ou utilidade municipal" corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple."*

Visto o informe de Facenda Local de data 24.04.2024 segundo o que:

1) CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO SIL (CIF Q3200109A) solicita a declaración de especial interese e a bonificación do 50 por cento para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, consistentes na execución do proxecto de rehabilitación do Muíño de Olga e demolición de elementos anexos, integramente dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

2) A solicitude cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.11 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese municipal.

E dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude presentada por CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO SIL (CIF Q3200109A), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licencia urbanística de obra para a execución do proxecto de rehabilitación do Muíño de Olga e demolición de elementos anexos, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 24 de maio de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

- **Votos a favor**: 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido

Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude presentada pola CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO SIL (CIF Q3200109A), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licencia urbanística de obra para a execución do proxecto de rehabilitación do Muíño de Olga e demolición de elementos anexos, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

4/86 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA LICENCIA URBANÍSTICA DE OBRA PARA REFORMA INTEGRAL DO CENTRO DE SAÚDE DA MILAGROSA EXISTENTE CON LICENZA Nº695/69, PRESENTADA POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA AREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, asinada o 3 de maio de 2024, do teor literal seguinte:

**“ASUNTO: Solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal da licencia urbanística de obra para reforma integral do centro de saúde da Milagrosa existente con licenza nº 695/69, presentada polo Servizo Galego de Saúde.**

**ANTECEDENTES:** Con data 26.09.2023, SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (CIF Q6550006H) solicita licencia urbanística de obra para reforma integral do centro de saúde da Milagrosa existente con licenza nº695/69 (exp. 2023/Y001/000235).

Con data de 24.11.2023, SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (CIF Q6550006H) presenta escrito solicitando a declaración de interese público das obras e a bonificación do 95 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras para obras destinadas estrictamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa:
*“Solicitamos o Pleno da Corporación do Concello de Lugo a declaración de “especial interese ou utilidade municipal” por tratarse de obras destinadas estrictamente a execución dás obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa e*

*así obter a bonificación do 95% do imposto sobre construcións, instalacións e obras para a citada obra."* (exp. 2023/T028/003348).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular "a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Ao amparo da referida habilitación legal, o artigo 4º bis.10 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, vixente no exercicio 2023, establece:

*"Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" por tratarse de obras destinadas estrictamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa, non afectando ás posteriores modificacións ou reformas que se realicen, e terá como data de finalización 22.06.2026.*
*Esta bonificación non terá carácter acumulativo e afectará unicamente ás obras incluídas no proxecto de reforma do centro de saúde A Milagrosa.*
*A declaración de "especial interese ou utilidade municipal" corresponderá ao Pleno da Corporación por maioría simple.*
*Para poder gozar desta bonificación, a Xunta de Galicia a través da Consellería correspondente ou ben a entidade mercantil adxudicataria das obras deberán solicitar do Pleno da Corporación a declaración de "especial interese ou utilidade municipal".*
*Presentada a solicitude, e unha vez completado o expediente elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificarase ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada, procedéndose á devolución da parte que corresponda se*

*posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación.”*

Visto o informe de Facenda Local de data 30.04.2024 segundo o que:

1) SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (CIF Q6550006H) solicita a declaración de especial interese e a bonificación do 95 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras para obras destinadas estrictamente a execución das obras de reforma do centro de saúde A Milagrosa, consistentes na reforma integral do centro de saúde da Milagrosa existente con licenza nº695/69.

2) A solicitude cumpre os requisitos esixidos no artigo 4º bis.10 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese municipal.

E dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude presentada por SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (CIF Q6550006H), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para as obras de reforma integral do centro de saúde da Milagrosa existente con licenza nº695/69, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o 24 de maio de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude presentada por SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (CIF Q6550006H), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para as obras de reforma integral do centro de saúde da Milagrosa existente con licenza nº695/69, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

5/87 **DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA "GRANXA A LAGOA".-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA TRANSICIÓN ECOLÓXICA, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, asinado o 2 de maio de 2024, do teor literal seguinte:

**"IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-** Solicitude de declaración de especial interese ou utilidade da solicitude de bonificación na cota do Imposto sobre Bens Inmobles presentada por Don Alfonso Rodríguez Rivera e referida a actividades económicas agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario, en nome e representación de "Granxa A Lagoa SC".

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** A vixente Ordenanza Fiscal 203 do Excelentísimo Concello de Lugo, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, contempla no seu artigo 5.6 a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto durante tres anos, para "...aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construccións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmoble figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título…"

**SEGUNDO.-** Presentada a solicitude o 31 de decembro de 2023, xunto coa certificación correspondente e documentación complementaria, xustificativa da titularidade do inmoble e da constitución da sociedade, cumprindo o resto de condicións establecidas na normativa do imposto, se entende que procede o recoñecemento do beneficio fiscal instado pola seguinte referencia catastral;

| Referencia catastral | Localización | Titular |
|---|---|---|
| | Lugar Benade Polígono 357 Parcela 38 | |

| | | |
|---|---|---|
| 27900A357000380000UJ | 0022003-002200400PH27A<br>AGRO. 27191. LUGO | Alfonso Rodríguez García |

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**PRIMEIRO.-** O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, sinala no seu artigo 60 que "O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos nesta Lei". Pola súa banda, o artigo 77.5 do mesmo texto legal dispón que "O Imposto xestiónase a partir da información contida no padrón catastral e nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados para os efectos pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados. O dito padrón, que se formará anualmente para cada termo municipal, conterá a información relativa aos bens inmobles, separadamente para os de cada clase e será remitido ás entidades xestoras do imposto antes do 1 de marzo de cada ano".

**SEGUNDO.-** O artigo 63 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establece: "Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito impoñible deste imposto."

**TERCEIRO.-** A delimitación do beneficio fiscal instado se atopa no artigo 5.6 da Ordenanza Fiscal 203, que di; "…Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, durante 3 anos, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolva total e exclusivamente actividades económicas agrarias ou gandeiras, pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, sempre que se acredite que o ben inmoble figura afecto a unha explotación agrícola ou gandeira explotada directamente polo suxeito pasivo ou por un terceiro que o poda acreditar por calquera título, xurdindo efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución da solicitude. Para a súa concesión, deberá aportar a seguinte documentación:

- Certificado actualizado da inscrición da explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.
- De ser necesario, título acreditativo da explotación por un terceiro da actividade agrícola ou gandeira no ben inmoble obxecto da bonificación.

- Referencia catastral do inmoble onde se exerce a explotación agrícola ou gandeira…"

E dentro das potestades que a Lei outorga aos concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excelentísimo Concello Pleno a adopción do seguinte acordo;

**Estimar a solicitude** presentada por Don Alfonso Rodríguez Rivera en nome e representación de "Granxa A Lagoa SC", procedendo á declaración de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para o inmoble que se detalla deseguido, no que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario;

| Referencia catastral | Localización | Titular |
|---|---|---|
| 27900A357000380000UJ | Lugar Benade Polígono 357 Parcela 38<br>0022003-002200400PH27A<br>AGRO. 27191. LUGO | Alfonso Rodríguez García |

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o 24 de maio de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

- **Votos a favor**: 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA**:

**ESTIMAR** a solicitude presentada por DON ALFONSO RODRÍGUEZ RIVERA, en nome e representación de "GRANXA A LAGOA SC", procedendo á declaración de interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego, para o inmoble que se detalla deseguido, no que se desenvolven actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario:

| Referencia catastral | Localización | Titular |
|---|---|---|
| 27900A357000380000UJ | Lugar Benade Polígono 357 Parcela 38<br>0022003-002200400PH27A<br>AGRO. 27191. LUGO | Alfonso Rodríguez García |

**INTERVENCIÓN**

6/88 **RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 13/2024 (REPARO 20/2024).-** Visto o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDESA PRESIDENTA, do 15 de maio de 2024, do teor literal seguinte:

**"Asunto: Tramitación de aprobación de facturas**
**Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga fase O)**
***Recoñecemento extraxudicial 13-2024***
***IMPORTE TOTAL: 53.737,43 €***
***IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURA: 47.109,96 €***
***IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 6.627,47 €***
***IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 00,00 €***
***IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2024: 53.737,43 €***

Durante o presente exercicio remitíronse por parte dos servizos municipais ao departamento de contabilidade municipal, diversas facturas devengadas e executadas no exercicio anterior que non foron imputadas ao orzamento, por importe total de ***53.737,43 €***

No actual exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da contabilidade municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás ditas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluídas no orzamento corporativo para o exercicio 2024, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da contabilidade municipal indicativas da referencia dos mandamentos contables RC asinados pola tesoureira municipal como responsable da contabilidade municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de ***53.737,43 €*** **(contía imputable ao orzamento*)*** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionada, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún prexuízo nin limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible

a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos no beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal Ref 2024/695, do 14.05.2024 relativo ao expediente de administrativo extraxudicial de créditos 13-2024, coas consideracións nel contidas, esta alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

## PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, proponse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de ***53.737,43 €:***

| COD | PROVEDOR | NUM FACT | DATA | CONCEPTO | APLICACIÓN | N_OPER | IMP BASE | IVE NON DED | TOTAL | ÁREA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 103004 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE2213700124197 9 | 20/1/2022 | Termo fixo 14/12/2021 - 31/12/ 2021-Termo fixo 01/01/2022 - 1 2/01/2022-Consumo gas 14/12/20 21 - 31/12/2021-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 20240001820 3 | 2.785,54 | 584,96 | 3.370,50 | ILUMGASN |
| 103008 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE2213700105735 7 | 18/1/2022 | Termo fixo 14/12/2021 - 31/12/ 2021-Termo fixo 01/01/2022 - 1 2/01/2022-Consumo gas 14/12/20 21 - 31/12/2021-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 20240001820 3 | 2.045,30 | 429,51 | 2.474,81 | ILUMGASN |
| 103011 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE2213700105734 7 | 18/1/2022 | Termo fixo 14/12/2021 - 31/12/ 2021-Termo fixo 01/01/2022 - 1 2/01/2022-Consumo gas 14/12/20 21 - 31/12/2021-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 20240001820 3 | 764,42 | 160,53 | 924,95 | ILUMGASN |
| 103021 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE2113703484473 7 | 21/12/2021 | Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre hidrocarburos 13/11/2021 - 13/12/2021 33.266 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugam | 93301.22102 | 20240001820 3 | 1.466,28 | 307,92 | 1.774,20 | ILUMGASN |
| 103022 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE2113703379068 3 | 14/12/2021 | Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre | 93301.22102 | 20240001820 3 | 351,35 | 73,78 | 425,13 | ILUMGASN |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | hidrocarburos 14/10/2021 - 08/11/2021 7.760 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugame | | | | | | |
| 103023 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE21137034932398 | 22/12/2021 | Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre hidrocarburos 09/11/2021 - 13/12/2021 46.324 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugam | 93301.22102 | 202400018203 | 2.043,05 | 429,04 | 2.472,09 | ILUMGASN |
| 103025 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE21137033492369 | 12/12/2021 | Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre hidrocarburos 14/10/2021 - 08/11/2021 28.264 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugam | 93301.22102 | 202400018203 | 1.249,53 | 262,40 | 1.511,93 | ILUMGASN |
| 103027 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE22137006597149 | 18/3/2022 | Termo fixo 26/11/2021 - 31/12/ 2021-Termo fixo 01/01/2022 - 26/01/2022-Consumo gas 26/11/20 21 - 31/12/2021-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 202400018203 | 961,11 | 201,83 | 1.162,94 | ILUMGASN |
| 103029 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE22137006367259 | 16/3/2022 | Termo fixo 09/11/2021 - 31/12/ 2021-Termo fixo 01/01/2022 - 13/01/2022-Consumo gas 09/11/20 21 - 31/12/2021-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 202400018203 | 1.129,75 | 237,25 | 1.367,00 | ILUMGASN |
| 103031 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE21137033790666 | 14/12/2021 | Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre hidrocarburos 14/10/2021 - 09/11/2021 19.372 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugam | 93301.22102 | 202400018203 | 854,51 | 179,45 | 1.033,96 | ILUMGASN |
| 103032 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE22137000992725 | 18/1/2022 | Termo fixo 14/12/2021 - 31/12/ 2021-Termo fixo 01/01/2022 - 12/01/2022-Consumo gas 14/12/20 21 - 31/12/2021-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 202400018203 | 2.430,62 | 510,43 | 2.941,05 | ILUMGASN |
| 103034 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE22137006594687 | 17/3/2022 | Termo fixo 29/12/2021 - 31/12/ 2021-Termo fixo 01/01/2022 - 28/02/2022-Consumo gas 29/12/20 21 - 31/12/2021-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 202400018203 | 580,89 | 121,99 | 702,88 | ILUMGASN |
| 103035 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE22137000435309 | 9/1/2022 | Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre hidrocarburos 29/10/2021 - 28/12/2021 10.895 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugam | 93301.22102 | 202400018203 | 496,87 | 104,34 | 601,21 | ILUMGASN |
| 103119 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE23137024030293 | 18/10/2023 | Termo fixo 13/09/2023 - 30/09/ 2023-Termo fixo 01/10/2023 - 11/10/2023-Consumo gas 13/09/20 23 - 30/09/2023-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 202400018203 | 321,98 | 16,10 | 338,08 | ILUMGASN |
| 103204 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE23137024031219 | 18/10/2023 | Termo fixo 09/08/2023 - 30/09/ 2023-Termo fixo 01/10/2023 - 10/10/2023- | 93301.22102 | 202400018203 | 41,73 | 2,09 | 43,82 | ILUMGASN |

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Consumo gas 09/08/20 23 - 30/09/2023-Consumo gas 01 | | | | | | |
| 103231 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE23137024035232 | 18/10/2023 | Termo fixo 13/09/2023 - 30/09/ 2023-Termo fixo 01/10/2023 - 1 1/10/2023-Consumo gas 13/09/20 23 - 30/09/2023-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 202400018203 | 17,15 | 0,86 | 18,01 | ILUMGASN |
| 103320 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE23137025445345 | 5/11/2023 | Termo fixo 01/09/2023 - 30/09/ 2023-Termo fixo 01/10/2023 - 3 1/10/2023-Consumo gas 01/09/20 23 - 30/09/2023-Consumo gas 01 | 93301.22102 | 202400018203 | 36,53 | 1,83 | 38,36 | ILUMGASN |
| 103321 | GAS NATURAL SUR SDG SA A65067332 | FE23137025446022 | 5/11/2023 | Termo fixo-Consumo gas-Imposto especial sobre hidrocarburos 01/10/2023 - 31/10/2023 31.504 kWh x 0,002340 EUR/kWh-Alugam | 93301.22102 | 202400018203 | 2.372,91 | 118,65 | 2.491,56 | ILUMGASN |
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Á concellería delegada de Infraestruturas Urbanas.
- Á concellería delegada de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Tres concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

3.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, está dotado en réxime de dedicación parcial (cun 70% da dedicación exclusiva) na contía de **37.548,84 euros**, repartidos en catorce mensualidades ao seguinte cargo:
- Á concellería delegada de Muller, Igualdade e Inclusión.

Aplicaránselles as asignacións anteriores aos concelleiros/as con dedicación exclusiva ou parcial a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das corporacións locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado.

No caso de que un concelleiro/a con dedicación exclusiva ou parcial pasase a atoparse en situación de baixa por motivos de saúde, establecerase o complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100 % das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas, se é o caso.

**B)** Determinación dos supostos nos que a concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de **ASISTENCIAS** e contía destas.

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial as seguintes indemnizacións:

a) Por concorrencia a sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.

c) Por concorrencia ás sesións das comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial terán dereito á percepción destas asistencias.

**C)** Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a **DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO** será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:
- Compoñente fixo: 3.900,00 euros.
- Compoñente variable: 500,00 euros por membro.

SEGUNDO.- As dedicacións fixadas no presente acordo producirán efectos con carácter retroactivo ao día da efectiva delegación, agás a establecida para a

concellería da Área de Cohesión Social, que producirá efectos a partir do día 01.07.2023."

2. INFORME DE INTERVENCIÓN, do 20 de maio de 2024, que figura no expediente.

3. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o 24 de maio de 2024.

Ao non suscitarse de debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

MODIFICAR o Acordo número 6/78 adoptado na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023 -modificado á súa vez por Acordo número 3/17 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024-, no sentido de adaptar a denominación das tenencias de Alcaldía e concellerías delegadas ao establecido no Decreto 4036/2024, do 30 de abril, polo que se establece a nova organización municipal, con motivo da toma de posesión da concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, dona María de los Ángeles Novo Martínez, cuxos parágrafos PRIMEIRO e SEGUNDO da súa parte dispositiva quedarán redactados como segue:

"PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte **RÉXIME DE ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E GRUPOS POLÍTICOS:**

**A)** Determinación dos supostos de **RETRIBUCIÓNS E ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS**:

1.- A/O alcaldesa/alcalde presidente percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, a cantidade de **74.287,92 euros,** repartidas en 14 mensualidades.

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de **53.641,14** euros, repartidos en catorce mensualidades aos seguintes 13 cargos:
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Cohesión Social e Territorial.
- Á concellería delegada de Xuventude e Deportes.
- Á concellería delegada de Benestar e Maiores.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Á tenencia de Alcaldía delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.
- Á concellería delegada de Infraestruturas Urbanas.
- Á concellería delegada de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Tres concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

3.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, está dotado en réxime de dedicación parcial (cun 70% da dedicación exclusiva) na contía de **37.548,84 euros**, repartidos en catorce mensualidades ao seguinte cargo:
- Á concellería delegada de Muller, Igualdade e Inclusión.

Aplicaránselles as asignacións anteriores aos concelleiros/as con dedicación exclusiva ou parcial a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das corporacións locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado.

No caso de que un concelleiro/a con dedicación exclusiva ou parcial pasase a atoparse en situación de baixa por motivos de saúde, establecerase o complemento retributivo desde o primeiro día de incapacidade temporal que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance ata un máximo do 100 % das súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas, se é o caso.

**B)** Determinación dos supostos nos que a concorrencia efectiva ás sesións de órganos colexiados devindicará dereito á percepción de **ASISTENCIAS** e contía destas.

1. Por asistencias a sesións, percibirán todos os membros electivos da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial as seguintes indemnizacións:

a) Por concorrencia a sesións do Concello Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.
b) Por concorrencia a sesións da Xunta de Goberno Local, a asistencia de 60 euros, coa mesma limitación do parágrafo anterior.
c) Por concorrencia ás sesións das comisións de Pleno, a asistencia de 100 euros, sen que poida adquirirse o dereito a percibir máis dunha asistencia por día.

Só os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial terán dereito á percepción destas asistencias.

**C)** Ao abeiro do establecido no artigo 73.3 da Lei de bases, a **DOTACIÓN ECONÓMICA MENSUAL QUE CORRESPONDE A CADA GRUPO** será a que resulte da suma dos seguintes conceptos:
- Compoñente fixo: 3.900,00 euros.
- Compoñente variable: 500,00 euros por membro.

SEGUNDO.- As dedicacións fixadas no presente acordo producirán efectos con carácter retroactivo ao día da efectiva delegación, agás a establecida para a concellería da Área de Cohesión Social, que producirá efectos a partir do día 01.07.2023."

9/91 **COMPATIBILIDADE DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE NUTRICIONISTA, COMO AUTÓNOMA COA TITULARIDADE DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN, POR PARTE DE DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, CON PERCEPCIÓN DAS RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DESTE CARGO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL (2024/G004/000360).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA ALCALDÍA, asinado o 14 de maio de 2024, do teor literal seguinte:

**"COMPATIBILIDADE DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE NUTRICIONISTA, COMO AUTÓNOMA COA TITULARIDADE DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN, POR PARTE DE DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, CON PERCEPCIÓN DAS RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DESTE CARGO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL** (2024/G004/000360)**.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe elaborado pola secretaria xeral do Pleno, do 14 de maio de 2024, que é do seguinte teor:

"Visto o Decreto da Alcaldía número 4036/2024, do 30 de abril de 2024, que, entre outros aspectos, no seu parágrafo DÉCIMO procede á designación dos titulares das concellería delegadas, entre os que se atopa dona María de los Ángeles Novo Martínez á fronte da de Muller, Igualdade e Inclusión.

Tendo en conta a solicitude presentada, o día 6 de maio de 2023, por dona María de los Ángeles Novo Martínez na que expón que foi elixida concelleira do Concello de Lugo o día 25 de abril e que solicita a compatibilidade para o exercicio da súa actividade profesional como nutricionista con persoal a cargo, e que a actividade se desenvolve sen dedicación exclusiva.

E vista a Lei 31/2022, do 23 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2023 (prorrogado), relativa ao réxime retributivo dos membros das corporacións locais, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais regulación concordante, resulta que:

Primeiro.- As percepcións retributivas polo exercicio da actividade principal no ámbito da corporación municipal da dita concelleira ascenden a **37.548,84 euros**.

Segundo.- Estas retribucións correspóndense co 70% das retribucións correspondentes aos cargos de concelleiros delegados con dedicación exclusiva, sendo o réxime de dedicación mínima igualmente o 70% da xornada ordinaria na Administración pública (37,5 horas semanais) cun mínimo de 27 horas semanais.

Por todo o anterior, a funcionaria que subscribe entende, á vista da solicitude e documentación aportada por dona María de los Ángeles Novo Martínez, que é compatible o desempeño do cargo de concelleira delegada co desempeño da actividade privada de nutricionista, dado que se cumpren os supostos para compatibilizar ambas as dúas, con base nas seguintes consideracións xurídicas:

> Primeiro.- O Pleno do Concello precisa contar cos elementos de xuízo necesarios para determinar a natureza da ocupación ou actividade privada para a que se solicita a compatibilidade que, neste suposto, -segundo a solicitude formulada pola interesada e declaración de intereses-, é a de nutricionista, actividade profesional do ámbito sanitario que desenvolve como autónoma (é dicir, sometida ao réxime RETA), por conta propia, co cal tamén coincide a súa denominación. Pódese deducir o seu carácter marxinal, toda vez que indica na solicitude que non se dedica a esta co carácter de exclusiva, dispoñendo ademais de persoal a cargo sobre o que se considera exerce labores de dirección propias da condición de empregador.
>
> Segundo.- A segunda cuestión para ter en conta é o réxime de dedicación establecido. O recoñecemento da dedicación parcial supón que a actividade da concelleira non é nin tan sequera preferente (como o sería se a dedicación fora exclusiva) polo que non pode impedir que poida desenvolver outras actividades remuneradas.

Agora ben, en ningún caso nin a dedicación parcial nin a exclusiva poderán causar detrimento á súa dedicación á corporación nin relacionarse coa actividade municipal e cos seus labores de concelleira delegada.
Chegados a este punto, podemos citar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, do 23 de febreiro de 2018, Sala do Contencioso-Administrativo de Málaga por canto esta analiza o suposto dun réxime de dedicación parcial superior ao 75% (exactamente do 90%, para o terceiro tenente de alcalde). O Tribunal considera que debe existir algunha diferenza entre a dedicación exclusiva e a parcial, sen que a diferenza entre a exclusiva (100%) e a parcial sexa tan insignificante que permita eludir as restricións legais.
Recoñecendo que o límite do 75% está fixado polo lexislador para os municipios de poboación inferior a 1.000 habitantes, considera o Tribunal que, aínda que sexa para os efectos orientadores, pode resultar de interese atender a tal porcentaxe *(Disposición adicional vixésimo sétima. Réxime retributivo dos membros das corporacións locais na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2023)*. Por prudencia económica e xurídica, os operadores xurídicos locais podemos considerar admisibles o 70% de dedicación á actividade pública, tendo a certeza e garantía xurídica de que se adecúa ao ordenamento.

Terceiro.- Con carácter xeral, e como se ten dito, sempre que a actividade privada non se relacione coa actividade municipal e cos seus labores de concelleira delegada e se trate dunha actividade marxinal que non cause detrimento á súa dedicación á corporación, non hai inconveniente para que o Pleno poida conceder esta compatibilidade. Agora ben, estamos a tratar a posible compatibilidade coa dedicación parcial, polo que procede a análise do artigo 75.2 LBRL:
"2. Os membros das corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou posúan delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a estas, nese caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Estas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, se é o caso, nas leis de orzamentos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparellada esta dedicación parcial e das retribucións deles, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.
Os membros das corporacións locais que sexan persoal das administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto deste artigo."

Como podemos observar, e a diferenza do que ocorre coa dedicación exclusiva, os membros das corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial non estarán suxeitos á Lei 53/1984, do 26 de decembro, cunha única excepción: se os membros da corporación con dedicación parcial son persoal das administracións públicas, pois, neste caso si que estarán sometidos á devandita lei.

Polo tanto, non existirá incompatibilidade entre o exercicio da profesión de nutricionista no ámbito privado e o cargo de concelleira delegada. Se a concelleira delegada non ten dedicación exclusiva, senón parcial, e ademais non é persoal doutras administracións ou dos seus entes dependentes, non está suxeita neste caso á Lei 53/1984 de incompatibilidades, e non terá que solicitarlle ao Pleno a compatibilidade desta actividade privada que exerce coa súa dedicación parcial e se a solicita, o Pleno terá que concederlla.
Este é o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado en dereito. Non obstante a corporación adoptará o acordo que estime oportuno."

Está Alcaldía, con base no informe sinalado e de conformidade co disposto no artigo 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, **PROPONLLE** ao Excmo. Concello Pleno autorizar a compatibilidade solicitada por dona María de los Ángeles Novo Martínez para o desempeño do cargo de concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión co desempeño da actividade privada de nutricionista."

2. INFORME DE INTERVENCIÓN, do 20 de maio de 2024, que figura no expediente.

3. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 24 de maio de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** autorizar a compatibilidade solicitada por dona María de los Ángeles Novo Martínez

para o desempeño do cargo de concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión co desempeño da actividade privada de nutricionista.

## PROPOSICIÓNS

10/92 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 174/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR UN MAIOR CONTROL DAS EMISIÓNS CONTAMINANTES NA PLANTA DE TABLEROS HISPANOS (Exp. 2024/G004/000328).-** Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**
A empresa Tableros Hispanos SLU, establecida no núcleo de San Xoán da Pena, en Nadela, Lugo, está clasificada pola Xunta de Galiza como Potencialmente Contaminante debido aos productos químicos utilizados no proceso industrial e á proximidade das instalacións con distintos núcleos de poboación.

A Xunta de Galiza, despois da intensa mobilización veciñal do ano 2023, obrigou á empresa a instalar unha estación de control de emisións que mida en tempo real as emisións. Esta estación, coñecida na rede de Meteogalicia como "Cuíña", situada ao sur da planta, recolleu no que vai de ano **16 días nos que se superou o valor de PM25 recomendado pola OMS** (15 $\mu g/m^3$ PM25 e 45 $\mu g/m^3$ PM10 diarias nas xornadas de máis emisións), chegando en varias xornadas a duplicalo, e rexistrando o seu valor máximo neste 2024 o 22 de marzo cunha lectura de 54 $\mu g/m^3$ PM25 e 63 $\mu g/m^3$ PM10, unha xornada na que se duplicou o Valor Límite de Emisións de Partículas de 55 $\mu g/m^3$ recollido na Autorización Ambiental Integrada da planta, AAI aprobada con informes negativos da CHMS ao non posuír autorización de verquidos por non cumprir as instalacións os requisitos mínimos,

Esta contaminación provoca nas veciñas e veciños de Nadela diversas molestias, entre as que destaca o escozor e inflamación nas vías respiratorias, especialmente nos días de maiores emisións da planta, ademais de diversos problemas derivados polos altos niveis de ruído da instalación.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno da Corporación o seguinte **ACORDO:**
Instar á Xunta de Galiza a:
1. Aumentar a periodicidade das inspeccións de emisións da planta de Tableros Hispanos en San Xoán da Pena
2. Instalar unha nova planta de medición de emisións na zona norte da factoría.
3. Informar ás veciñas e veciños das medidas de control que ata o momento se desenvolveron para garantir o cumprimento da normativa ambiental vixente.

4. Xunto coa CHMS, esixir o cumprimento da legalidade vixente para continuar coa actividade, e promover a reducción ao máximo posíbel da contaminación no proceso productivo.”

E vista, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 218/2024 de Rexistro de Pleno, que non foi aceptada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** **i**nstar á Xunta de Galiza a:

1. Aumentar a periodicidade das inspeccións de emisións da planta de Tableros Hispanos en San Xoán da Pena.

2. Instalar unha nova planta de medición de emisións na zona norte da factoría.

3. Informar ás veciñas e veciños das medidas de control que ata o momento se desenvolveron para garantir o cumprimento da normativa ambiental vixente.

4. Xunto coa CHMS, esixir o cumprimento da legalidade vixente para continuar coa actividade, e promover a reducción ao máximo posíbel da contaminación no proceso productivo.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Esta proposición do BNG... Ten a palabra o seu voceiro don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moi bo día. Moitas grazas... E grazas e benvidas, veciñas do entorno da planta do Vilar, que están hoxe presentes neste pleno e que ademais levan moito tempo denunciando a situación e loitando porque se poida vivir dignamente nese entorno e que, sobre todo, que esta fábrica deixe de afectar á saúde das persoas e do medio ambiente.

Ben, aquí existe unha preocupación veciñas, xa dende hai bastante tempo, na cal hai unha unha fábrica instalada no entorno de Nadela, que se leva denunciando que emite emisións, sobre todo partículas sólidas, principalmente partículas chamadas PM2,5, ao medio ambiente, por riba ou moi preto do umbral máximo permitido para..., que permita a normativa e que pasan a ser perigosas para a saúde humana. Durante bastante tempo incluso se chegaba a dicir que o que aí se emitirá era simplemente vapor de auga, algo que, evidentemente, contradicía os datos das estacións meteorolóxicas, entre elas a estación meteorolóxica que temos na Rolda de Fingoi, que cada vez que sopraba o aire do sur, pois víamos como a cidade se atopaba..., Lugo era a cidade galega co aire máis contaminado de todo o país, cando, ademais, Lugo non é comparable a nivel nin de tráfico nin de industria con cidades como pode ser Coruña ou Vigo, pero que tiñamos peor aire.
De feito, recentemente, o pasado 23 de marzo de 2024, o propio diario El Progreso sacaba unha noticia na que dicía: Lugo afectada este sábado por unha calidade de aire moi mala pola contaminación dunha fábrica, e falaba precisamente da concentración de partículas PM2,5, pola fábrica que se ubica no Vilar. De feito, a propia noticia dicía o seguinte: "Lugo se encuentra afectada este sábado por unha calidade de aire moi mala debido a la contaminación de una fábrica situada en Nadela. Segundo la información de este sábado en Meteogalicia, esta calidad de aire muy mala se localiza en la estación emplazada en el área rural del Vilar y está provocada por el contaminante PM2,5".
Ben, agora mesmo despois de que houbese mobilizacións por parte das veciñas e veciños do entorno, tanto na fábrica como incluso aquí no centro da cidade, e despois de que tamén dende o Bloque Nacionalista Galego presentásemos unha iniciativa no Parlamento esixindo a colocación dunha estación medidora *in situ*, pois conseguiuse, efectivamente, poñer unha estación. Unha estación que, por certo, podemos observar, a estación que aparece recollida como estación de Cuíña, aínda que realmente se atopa no Vilar, como en moitas ocasións, os datos dan por riba dos que permite a propia normativa.
Pero tamén é certo, e así o recollemos na propia proposición, a proposta dos veciños e veciñas, que é necesaria outra estación. ¿Por qué? Porque esa só mide cando o aire sopra nunha dirección.
Cando sopra na outra non está a medir e incluso podería caber a posibilidade que iso fose controlado pola fábrica á hora de facer determinadas queimas ou non.
Con iso tamén queremos deixar claro que nós dende o BNG, e tamén por parte da veciñanza do entorno, o que queremos é que a fábrica siga funcionando, porque dá postos de traballo e é necesaria, pero que ten que ser como calquera outra fábrica, ten que funcionar baixo o cumprimento das normativas e da lexislación vixente. A respecto do que é a contaminación medioambiental, e a respecto do que é a contaminación para a saúde das persoas, e téñeno que cumprir como calquera outra. E aí quen ten a competencia clara é a Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias precisamente para facer seguimento disto.
E ante esta situación eu tamén quería lembrar algo que ademais me comentaron moitos veciños e moitas veciñas dese entorno. De que hai algo máis dun ano a

señora Candia, aquí presente, comprometeuse con eles e con elas a que ía conseguir unha reunión co delegado da Xunta para tratar este tema.
A día de hoxe, segundo se me informou, esa reunión aínda non tivo lugar. Hai máis dun ano. E aquí pasaron dúas cousas: ou a señora Candia non cumpriu coa súa palabra ou si cumpriu pero o delegado da Xunta non quixo reunirse cos veciños e veciñas para tratar este tema. As dúas cousas son bastante graves, porque estamos a falar dun problema grave e medioambiental e dun problema coa saúde humana. E con isto tamén quixera facer unha reflexión. Nestes días que se está a debater a instalación dunha fábrica como é a de Altri parece curioso que se diga dende membros do Partido Popular que a defendan dicindo que non vai haber ningún problema, porque a Xunta vai controlar a contaminación que poida provocar esa fábrica cando non é capaz de controlar as emisións dunha fábrica moitisimo máis pequena como esta que temos no entorno de Nadela.
Seguirei despois.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Por parte do Partido Socialista ten a palabra o concelleiro Miguel Fernández.

**-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas. Bo día a todos e a todas. E tamén un saúdo e benvida para os veciños de Nadela e dos arredores. Como dicía o secretario xeral das Nacións Unidas, Antonio Guterres, necesitamos unha economía verde, non unha economía gris. E, se ben é certo que desde a rede española do Pacto Mundial, identificouse que, efectivamente, existe unha progresiva concienciación empresarial en temas medioambientais, tamén o é que as medidas que se deben levar a cabo deben de tomarse con urxencia.
As empresas, que son fundamentais, efectivamente, para a prosperidade, para a creación de emprego, etcétera. desde este grupo municipal estamos convencidos que a ese obxectivo non se pode chegar a calquera prezo, senón apostando por coidar o planeta e facelo máis sustentable, e que a produción industrial tiña unha repercusión directa sobre o medioambiente en positivo, e procúrase que o retorno sexa sempre beneficioso, de tal maneira que todas as compañías, sexan grandes ou sexan pequenas, deben prestar atención ás certificacións implantadas polos organismos internacionais de estandarización, co fin de asegurar un bo desenvolvemento da súa actividade, superando os seus imperativos de non agresión ao medio ambiente para asumir o compromiso proactivo de conservación e de mellora da calidade de vida daqueles núcleos nos que se asenta.
Dito isto, no caso de Tableiros Hispanos, e a pesar das medidas correctoras que se implantaron nos últimos anos, a súa actividade continúa, e así o certifican os datos, pois causando considerables trastornos á poboación da zona, afeccións que deben erradicarse de xeito... A través dun exhaustivo control por parte da administración competente, e neste caso e despois o voceiro do Partido Popular, especialista nestes temas o negarán, pero responsable é a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Secretaría Xeral de Calidade Ambiental.
Debe velar porque o dereito ao beneficio empresarial non choque nin diminúa en ningún momento o dereito da vixilancia a residir nun ambiente san e con garantías.

Está claro que as medidas e as melloras que se introduciron na planta para minar os ruídos e tamén emisións incluso parece que se incrementaron dispositivos de vixilancia, pero o resultado recente dalgún dos indicadores, como lles dicía, pois estes mecanismos amosáronse absolutamente insuficientes e, desde logo, non todo o eficaces que debería.
Revelan que sigue sendo necesario optimizar aínda moitos deses parámetros para cumprir coa normativa, como se dicía, pero sobre todo para protexer e preservar a saúde das persoas. E en síntese aquí temos unha empresa que, efectivamente, xera riqueza e crea postos de traballo, pero que, como todas e como todos ten que cumprir escrupulosamente a normativa e a lexislación vixente.
Temos uns veciños que son os prexudicados, que piden algo tan revolucionario como pon un dos carteis: respirar limpo. E temos unha administración, a Consellería de Medio Ambiente, que deu esta a autorización ambiental e é a encargada de recibir todos os datos de contaminación e tomar as medidas oportunas.
Como todo isto se recolle nos puntos de acordo da proposición, pois concordamos con ela e consecuentemente votaremos a favor. Moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Fernández. Ten a palabra polo grupo popular, a señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS:** Moitas grazas, alcaldesa. Bo día. Ben. Quiero comenzar mi intervención por la parte que consideramos más importante respecto a esta moción, tanto para este grupo municipal como para el Goberno gallego.
Y lo más importante, por encima de cualquier outra cuestión, es proteger la salud y el bienestar de los vecinos de la planta de Tableros Hispanos en Nadela, a los que aprovecho la ocasión para saludarles, así como vigilar que se cumpla estrictamente la normativa medioambiental.
Por este motivo, yo les anuncio que vamos a votar a favor de esta iniciativa. En este contexto, tiene que quedar claro en este debate que la única administración que precisamente está trabajando y realizando los controles y requerimientos necesarios para el cumplimiento de la normativa es la Xunta de Galicia.
La única. Y ese es el motivo por el que presentamos una enmienda a esta moción, porque es sorprendente que, ante un asunto tan preocupante para estos vecinos, ustedes solo se acuerden de poner deberes precisamente a la única administración que los está haciendo, que es la Xunta de Galicia, y se olviden de poderse deberes a si mismo respecto a sus competencias, las municipales, que son muchas en esta materia, como por ejemplo puede ser el control de los niveles sonoros. Más si tenemos en cuenta que uno de los principales problemas que padecen los vecinos es precisamente el ruido.
Bien este és sólo un ejemplo, tienen muchas competencias, así que deberes a la Xunta sí, pero deberes al Concello, también.
En cualquier caso no podemos negar que cualquier actividad económica tiene un impacto en el territorio, incluso las más sencillas. Una librería, una peluquería, un comercio de ropa tienen ese impacto.

Partiendo de esa premisa, en Galicia, afortunadamente, contamos con una normativa medioambiental técnica y sectorial de las más estrictas de Europa.
Un ejemplo de que nuestras normativas más estrictas las tenemos, por ejemplo, en la tramitación de los parques eólicos, que mientras la Xunta de Galicia exige una declaración de impacto ambiental ordinaria, los parques que tramita el estado, el Gobierno Central, exige simplemente una declaración de impacto ambiental simplificada y muchos menos trámites, aun siendo parques de mayor tamaño.
Pues bien, ese cumplimiento, en ese contexto de cumplimiento de una normativa más estricta, nosotros, el grupo Popular, vamos a ser los primeros en exigir que la empresa cumpla los parámetros necesarios para que los vecinos vivan en un entorno saludable.
De hecho, fue a instancia de un gobierno del Partido Popular en la Xunta de Galicia que se tomaron, entre otras, las siguientes medidas en la planta de Tableros Hispanos en Nadela.
Primero se revisó la autorización ambiental, integrada y concedida a la empresa cuando se publicaron las conclusiones sobre mejores técnicas disponibles respecto a la fabricación de tableros de madera.
Segundo, se requirió la instalación de una estación fija de control de calidad de aire, en base a los resultados de la campaña de medición de las partículas PM10 realizada por la Xunta. Porque el control funciona.
Señor Arroxo, no se montó esta estación fija porque ustedes hiciesen ninguna gestión en el Parlamento. Sino porque los indicadores de los resultados daban unos resultados que aconsejaban y recomendaban instalar esta estación.
Tercero, se requirió la adopción de medidas para asegurar la reducción de los niveles de las partículas que conllevó la presentación de un plan de reducción de emisiones difusas por parte de la empresa.
Y cuarto, respecto a los vertidos, nos consta que la empresa está realizando obras para la instalación de la depuración prevista en autorización de impacto ambiental, en lo que se refiere al vertido número 5 que afecta al proceso. Las inversiones necesarias en los otros cuatro puntos de vertido identificados en la autorización ya están ejecutadas.
Bien, por tanto, en tanto no se acaben estas obras del vertido número 5, la Confederación Hidrográfica no emitirá el acta de reconocimiento final.
Bien, en definitiva, los vecinos pueden tener la seguridad de que en lo que depende del Partido Popular se va a hacer todo lo posible para que la actividad de la empresa sea compatible y no perjudique en modo alguno a los vecinos del entorno que para nosotros es sin duda lo prioritario.
Bien, en cualquier caso, y como una reflexión general, y no en absoluta respecto a este caso concreto, parece que el BNG, autor de esta iniciativa, tiene un problema con la industria, a la que nunca pierde ocasión de criminalizar. No a los parques eólicos. No a las centrales térmicas, no a las centrales hidroeléctricas. No a la eólica marina. No a la minería, no al turismo, no a Alcoa, ahora ya sí; no a Finsa, ahora ya sí; no a Inditex, ahora ya sí, y por ahora no a Altri, luego ya veremos. Aunque antes también fue sí a Altri.

Bien, es el partido del no a todo. Piden empleo industrial, pero después se posicionan en contra de cualquier proyecto de industria en nuestra comunidad. Ya nos dirán cómo quieren crear este tipo de empleo cuando boicotean todo tipo de industria que proyecte instalarse o crecer en Galicia.
Nada más, muchas gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Moitas grazas. Silencio, por favor. Moitas grazas, señora Sanz. Segunda quenda. Ten a palabra o señor Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Home, que fale o Partido Popular da situación dos eólicos, poñendo á Xunta como exemplo das medidas de control dos parques eólicos cando o contencioso lle está tomando partes día si e día tamén... Home, a ver, a ver. Sexamos un pouco serios, que aquí o que está habendo é un espolio absoluto dos nosos recursos.
Pero ímonos centrar no tema en cuestión. É curioso que se diga que a única administración que está facendo algo é a Xunta. A ver, é que é unha competencia da Xunta o control de gases. É que é unha competencia da Xunta. Non vai vir o Concello de non sei onde ou o Estado de non sei canto. Non, non. A administración que ten que facer isto é a Xunta. Outra cousa é que a Xunta non saiba, ou non queira, ou queira desviar o tema porque non lle interese. Como fai con tantas cousas. Como fai con tantas cousas, como fai agora nestes días, como dicía antes, con Altri, que di que vai facer uns controis marabillosos, cando non é capaz de controlar unha fábrica moitísimo máis pequena que ten aquí a carón de Lugo.
E que fai que primeiro a veciñanza desa contorna estea respirando o aire que está respirando, pero que incluso os 98.000 habitantes que vivimos en Lugo teñamos o peor aire de tódalas cidades galegas. Que iso é o que estamos a respirar todas e todos. E por que acontece iso? Porque non se están facendo controis.
Por que se conseguiu que se puxese unha estación alí? Non foi por iniciativa do Partido Popular. Foron por estas veciñas e moitas máis xentes que se estiveron mobilizando, que estiveron diante da fábrica, que estiveron aquí diante e que estiveron loitando para que se puxesen eses controis.
Non foi que un día un conselleiro ou un deputado, unha deputada, do Partido Popular dixese: imos poñer aquí unha estación meteorolóxica. Non, non, foi porque houbo xente que estivo loitando por iso. Porque ata ese momento non se quería facer nada. Entón, lembremos realmente como foi a historia.
Entón aquí o que o que hai que facer é asumir se o Partido Popular está disposto a facer o control necesario sobre a industria contaminante ou se o vai obviar, porque é o que está no debate debate neste punto. Estamos a falar dunha instalación concreta, pero é o o que se está a debater neste momento neste país. Nesta semana moito máis, polas mobilizacións que vimos este pasado domingo.
En todos sexamos serios. Entón sexamos serios. Non presentemos emendas de: "O Concello que tamén faga algo". Non, non, quen ten que facelo, neste caso, a respecto dos gases que está habendo e quen ten competencias é a Consellería de Medio Ambiente, en maos da Xunta de Galicia, xestionada polo Partido Popular.

E non hai máis, non hai máis historia. Digan, pois si, estamos a favor. Moi ben, pois encantados de que esteamos a favor. E fágano, porque de nada vale hoxe levantar a man e non facer nada.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Ten a palabra, segunda quenda, o señor Fernández polo Partido Socialista.

**-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois a verdade, señora portavoz do PP, ten hoxe un papel complicado, porque ten que facer un xogo de malabar entre desviar a atención en relación á Xunta, botar balóns fóra e meter a outros na cuestión para ver se así se dilúe a responsabilidade que tería. Pero non lle vai colar. Xa o dixo Rubén Arroxo anteriormente, que o responsable de todo isto de emisión dos gases é a Consellería de Medio Ambiente.
Eles son os encargados de aprobar a autorización ambiental integrada, de modificalo no seu caso, de recibir e controlar, e esixir o cumprimento dos parámetros medioambientais e son tamén, sobre todo, os responsables de facer que se tomen as medidas necesarias para efectivamente garantir que a calidade do aire nesa zona sexa a correcta e a que mandan as normas.
En todo caso, ímoslle dar o beneficio da dúbida. Benvidos por fin a esta reivindicación, e simplemente esperar a que respondan cando se lles pida colaboración para este cuarto punto que parece que van apoiar, de esixir o cumprimento da legalidade vixente para continuar coa actividade.
Benvidos e o tempo dará ou quitará razóns. Moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Fernández. Segunda quenda para a señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS:** Señor Arroxo, no confunda. Se puso la instalación de la estación porque los indicadores daban unos resultados de PM10 superiores a los recomendados, no por... La movilización de los vecinos desde luego que es algo necesario para poner el foco en el asunto, pero se puso por un dato objetivo que eran los indicadores, que resultaban de las PM10.
Y de verdad me sorprende que solo le pongan, repito, deberes a la Xunta, porque sé que estamos hablando de la emisión de gases, que es una competencia de la Xunta, pero hay otras competencias que molestan a los vecinos, como los ruídos, que también tiene mucho que ver el Concello y otro tipo de competencias que usted deben conocer.
Bien en cualquier caso, como conclusión, señalar que mediante esta iniciativa se le está pidiendo a la Xunta que continúe y que intensifique un trabajo que ya está haciendo respecto a la empresa Tableros Hispanos en Nadela.
Primero, controlar el cumplimiento de la normativa medioambiental mediante la medición de emisiones. Segundo, imponer, en su caso, medidas correctoras y tercero, imponer, en su caso, sanciones económicas.
Es más, todo el trabajo que lleva desempeñada la administración autonómica en los últimos años ha dado sus frutos, ya que se han tomado medidas como la

imposición de sanciones por motivos como el ruido, el acopio de madera o el punto de vertido a la empresa, por un importe superior a 60.000 euros. Y la obligación de reforzar los controles de emisión a la atmósfera con la exigencia de la ya varias veces mencionada, instalar una estación de calidad del aire llamada Cuíña.
En cualquier caso, lo más importante e que el trabajo debe ser permanente y el control continuo, y hay que seguir analizando y valorando la necesidad de exigir que se implanten nuevas medidas correctoras del ruido, de la emisión de gases o de los vertidos, en función de los indicadores de las distintas emisiones.
Bien, como representante del Grupo popular en este pleno les garantizo que tanto nosotros como la Xunta de Galicia estaremos vigilantes, controlando que los valores no superen los parámetros exigidos, y en el caso de hacerlo, como estos quedan registrados, les garantizo que se impondrán las medidas correctivas y las posibles sanciones. Y, por coherencia, votaremos como ya les avancé, a favor de la iniciativa, pero añadiendo, como ya anuncié también, la exigencia al Concello de que ejerza sus competencias en esta materia.
Xunta y Concello, ambas administraciones deben ir de la mano con el objetivo común de garantizar una vida y un ambiente saludable para los residentes en el entorno de Tableros Hispanos de Nadela.
Y, sobre todo, mano tendida con los vecinos, para facilitar cualquier información que precisen o escuchar cualquier queja que nos quieran transmitir. Las puertas de la Xunta están abiertas para ustedes. Aquí parece que hay una obsesión siempre por mencionar a la portavoz Elena Candia en todos los plenos, pero en este grupo municipal les ofrecemos, en cualquier caso, mediar ante la Xunta de Galicia para si esa reunión realmente no se tuvo, pues que se tenga a la mayor brevedad.
En cualquier caso, creo que compartimos un objetivo común de mejorar su calidad de vida y me complace que, previsiblemente, vamos a votar por unanimidad esta iniciativa. Muchas gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, Sra. Sanz. Última quenda para o señor Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Pois a ver se hai sorte despois de que leven máis dun ano agardando por esa reunión, pois por fin conseguen tela. A ver, aquí podémonos facer trampas ao solitario. Eu podo dicir que esta camisola é verde, e dicir que é verde, aínda que non o sexa, pero aquí é que todo o mundo sabe como é a historia de todo isto.
Todo o mundo sabe que esa estación se puxo porque... Non porque o Partido Popular dixese: imos poñer aquí unha estación. Púxose porque estiveron os veciños e as veciñas mobilizándose e esixindo, e porque despois nós dende o BNG o trasladamos ao Parlamento, que ao principio ata se dicía que non era necesario, que isto estaba totalmente controlado. Ao final a presión conseguiu que se puxese.
A ver, é que podemos contar aquí unha historia, pero realmente tódalas persoas que estamos aquí sabemos cal é a realidade do que aconteceu. Entón non nos autoenganemos.

Entón, simplemente finalizar dicindo que si que me alegro de que se poida votar por unanimidade a favor esta proposición, pero que non quede na votación, que se faga o traballo que hai que facer, porque senón é moi bonito levantar aquí a man e que despois non se faga nada.
E non acepto a emenda porque non está relacionada coa...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Si, verdadeiramente, señor Arroxo, o Partido Popular son verdadeiros malabaristas, competencia exclusiva deles, pero intentan que o Concello asuma unha competencia impropia máis. Máis do 10% do noso orzamento está dedicado a competencias impropias. Que quere dicir? Que non son competencias nosas, pero que non as exerce a Xunta de Galicia, como pode ser os servizos sociais.
Polo tanto, creo que son auténticos malabaristas.
Imos votar.

11/93 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 203/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA LEVAR A CABO A CAMPAÑA STOP PRECARIEDADE LABORAL, TRABALLO DIGNO (Exp. 2024/G004/000382).-** Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“Exposición de motivos:

Hai dous anos da aprobación da última reforma laboral (Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro) coa que nace unha nova reforma coa gravidade de non derrogar as anteriores, especialmente a de Rajoy do 2012, que tantos recortes e danos vén causando aos dereitos da clase traballadora.

Desde a súa entrada en vigor confírmase mes a mes o que estivemos denunciando que sucedería no momento da aprobación. Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais, que se ven sensiblemente reducidos. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes, a continuidade das desigualdades de xénero e a extensión dos baixos salarios mentres a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais. Así, deste xeito, as empresas transfiren ao sector

público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.

O resultado é unha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral e se institucionaliza a pobreza laboral. Ter traballo xa non permite os ingresos necesarios para vivir dignamente e poder acceder a dereitos básicos como alimentación e vivenda. Son especialmente exemplo desta realidade, a mocidade e as mulleres, convertidas en man de obra barata, parecendo non ter fin a fenda salarial.

A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e que o economicismo dite a regulación e aplicación dos dereitos sociais.

A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa con poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo e no mundo do traballo, sobre todo en Galiza, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na economía, en que se intensifica o proceso de valorización do capital mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas, en territorios máis lonxe de Galiza, ao tempo que vai a máis o risco da exclusión social e dun elevado e estrutural desemprego.

Son urxentes medidas para rematar coa precariedade, o abuso da contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores de actividade tanto do ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.

Por último, no pleno do Congreso dos Deputados do pasado 10 de xaneiro, un dos tres decretos sometidos a votación, non saíu adiante e fixo que non se aprobase a prioridade aplicativa dos convenios colectivos autonómicos.

Compre xa facer realidade un piar básico do Marco Galego de Relacións Laborais e poder exercer o dereito a decidir e negociar en Galiza os nosos convenios colectivos, as nosas condicións de traballo, de forma directa e democrática, con solucións xustas á nosa realidade laboral, social, industrial, económica e demográfica.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta proposición, propoñendo a adopción dos seguintes Acordos:

1.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.

2.- Demandar do Goberno español a derrogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.

3.- Instar aos Gobernos galego e español a aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.

4.- Instar ao Goberno español á aprobación inmediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marco autonómicos de acordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro.

Así mesmo, reclamar aos Gobernos galego e español un acordo para completar as transferencias das competencias pendentes a Galiza, para poder exercer todas as funcións en materia de lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións. Transferencia íntegra da formación para o emprego."

E vista, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 219/2024 de Rexistro de Pleno, emenda que non é aceptada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Reclamar ao Goberno galego á urxente aprobación dun Plan galego de recuperación económica, industrialización creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.

SEGUNDO.- Demandar do Goberno español a derrogación da reforma laboral de 2012 e aprobar un cambio radical na reforma de 2021 para a creación de emprego digno e con dereitos e aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.

TERCEIRO.- Instar aos Gobernos galego e español a aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducir a xornada laboral semanal ás 35 horas para avanzar na aplicación da xornada de catro días a 32 horas á semana, xa que os avances tecnolóxicos e os cambios na organización do traballo permiten facelo para xerar máis riqueza social.

CUARTO.- Instar ao Goberno español á aprobación inmediata dun novo Decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marco autonómicos de acordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84 que contemplaba o apartado dous do artigo primeiro do Decreto 7/2023, de 19 de decembro.

Así mesmo, reclamar aos Gobernos galego e español un acordo para completar as transferencias das competencias pendentes a Galiza, para poder exercer todas as funcións en materia de lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento de prestacións. Transferencia íntegra da formación para o emprego.

## DELIBERACIÓN

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra polo BNG a concelleira Cristina López.

**- MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Moi bo día a todos e a todas. Quero dar a benvida ás veciñas que temos aquí de Nadela. E parabéns pola vosa loita continua, que vexo que no cesa. De verdade, parabéns, que tamén aquí os traballadores do Concello, que nos acompañan no día de hoxe.
Con esta proposición o que buscamos é a unanimidade por parte deste deste pleno, co fin de acabar coa precariedade laboral. E ímonos remontar ao ano 2012. O ano 2012, por parte do presidente do goberno, Mariano Rajoy, que estaba nestes momentos, decreta unha reforma laboral, unha reforma laboral que foi a reforma laboral máis destrutiva da historia para todos os traballadores e traballadoras, que o único que se conseguiu foi unha destrución masiva de centenares de postos de traballo, conseguiron abaratar de forma salvaxe, o que eran todos os despedimentos, e foron os grandes responsables do aumento da precariedade laboral, traballo máis inestable, menos seguros e peor pagados. E daqueles, como se adoita facer, daqueles polvos, eses lodos.

E aquí estamos, a día de hoxe, cuns traballadores cunha importante temporalidade, importante parcialidade e unha devaluación salarial totalmente salvaxe. Debilitaron os dereitos dos traballadores. Favorecer a negociación colectiva de carácter empresarial fronte á negociación de ámbito sectorial, eliminaron a ultraactividade decaendo as condicións do consenso e do convenio, transcorridos un ano dende o final da súa vixencia e introduciron algo moi curioso, que foi a clarividencia.
E, como debía de ter algo de medo a unhas denuncias de intrusismo laboral por parte da bruxa Lola ou de Aramis Fuster, pois decidiron regulalo.
Así permitíronlle aos empresarios que, previas elucubracións de posibles perdas ou de descenso da actividade económica, ou posibles perdas que puidesen despedir aos traballadores de forma moi, moi económica.
Entón cal é o resumo da reforma laboral do ano 2012? Maiores despidos, primacía do emprego temporal fronte ao indefinido, devaluación salarial e menor flexibilidade na negociación colectiva.
E chega o ano 2021. Nós puxemos moitas esperanzas en que ía haber, ou que se ía cumprir coa derogación desta reforma laboral do ano 2012 que foi tan, tan lesiva coa clase traballadora, e que a día de hoxe seguimos sufrindo as consecuencias da mesma.
E vemos como a modificación que se fixo na reforma laboral co decreto 32/2021, as consecuencias que nos trouxo foi, obviamente non derogar a reforma...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Perdón, señora concelleira. Imos parar un momentiño. Paramos un momento.

[...] Facemos un receso de cinco minutos para que lle dea tempo a recuperarse.
A ver os cinco minutos xa pasaron con creces. A ver se imos entrando. Os visitantes, por favor, que senten nos seus sitios.
Imos continuar, señora López. Non sei se quere volver empezar ou continuamos. Vale, pois continuamos. Ten a palabra e continúa Cristina López.

**-MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** As consecuencias da reforma laboral do ano 2021 foron que as clases traballadoras, as modalidades contractuais multiplicaron a precariedade laboral xeralizáronse os contratos a tempo parcial, o despido libre. Isto é o que se conseguiu introducindo de forma abusiva e fraudulenta dos períodos de proba. Así, os empresarios poden despedir a custe cero aos traballadores. Poténcianse as axencias, as axencias privadas de contratación en detrimento dos servizos públicos de emprego, fomento dos ERTES permanentes e unha continuidade da desigualdade de xénero e dos baixos salarios.
A acción dos gobernos e da política laboral debe superar o centralismo español, a submisión aos principios neoliberais e ao economismo dunha regulación e a aplicación dos dereitos sociais.
A importancia na protección dos dereitos da clase traballadora ten relación directa co poder facer fronte con xustiza social aos efectos do cambio no tecido produtivo de Galicia e no mundo do traballo, sobre todo no noso país, ante a descarbonización e o forte impacto da implantación das novas tecnoloxías na

economía e que se intensifica o proceso de valorización do capital, mentres que se desvaloriza o traballo, acelerando a concentración da riqueza en menos persoas en territorios moito máis lonxe de Galicia, ao tempo que se vai a máis o risco de exclusión social e dun elevado estrutural desemprego.
Galicia ten unhas características propias, tanto xeográficas como demográficos, como da estrutura de tecido produtivo, nas cales ten que ter autonomía propia para ter unha lexislación e ter competencias no que era todo o tema e todo tema laboral.
Entón son urxentes as medidas para rematar con esta precariedade, co abuso na contratación a tempo parcial e coa temporalidade en todos os sectores da actividade, tanto no ámbito privado como nas diferentes administracións e empresas públicas.
Continúo na seguinte intervención.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra polo Partido Socialista Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Bueno, moi bo día a todas e a todos. Grazas, señora alcaldesa. E benvidos a... Agora non están, as veciñas e veciños, así como representantes sindicais que nos acompañan. Aproveitando que están gustaríame que estivesen tamén os que antes lexitimamente se reuniron aquí para reivindicar os que consideran os seus dereitos e empezar dicindo todo o apoio do Partido Popular que amosou a señora Carballas cargado de oportunismo, cara á galería, para a foto e chea de hipocresía, porque estabamos falando doutro tema.
Porén, cando no congreso teñen que mollar e e votar a favor dos dereitos constitucionais os traballadores e traballadoras, así como da lexitimidade das distintas centrais sindicais nas súas reivindicacións votan en contra.
E así o relaciono coa moción que agora nos toca, porque antes ata levei un apuro pensando que estaba falando desta moción. No 2012, como ben indicaba a voceira do Bloque Nacionalista Galego, aprobouse esa reforma laboral polo Partido Popular, que facilitou os despidos e invalidou a negociación colectiva, que hoxe cara á galería tanto apoian.
É máis, este xaneiro no 2024, o PP, xunto con Vox e Junts votaron tamén en contra da aprobación do Real Decreto no que aumentaba o subsidio de desemprego, da protección de persoal eventual agrario, do permiso da lactancia. Imos, coma sempre, antepoñen as súas siglas para saír ben parados na foto ou na noticia que lles conveña en contra dos dereitos da cidadanía. Desprestixian, como sempre, o bo traballo dos outros grupos políticos, cabrean e menten. Menten porque, non o digo de forma xenérica, senón que o poden comprobar nese diario de sesións do 10 de xaneiro, no que constaba o seu voto en contra. Así que a palabrería se demostra nos boletíns oficiais, non en papel mollado, como fixo hai uns minutos a comenencia do momento, aproveitando a presenza dos representantes e os traballadores que aquí nos acompañan.
En canto á moción máis en profundidade o noso posicionamento en canto a reformas laborais do 12 do 21 da redución de xornada, os convenios e acordos autonómicos, das transferencias laborais, do plan de recuperación económica,

social e industrial, concordamos no contido, aínda que nos separan os criterios ideolóxicos, pero concordamos coa proposta do Bloque Nacionalista Galego. Entendemos a necesidade dese plan galego de recuperación económica, industrial e social. Amosamos total conformidade na derogación da reforma laboral do 12, que se intentou, pero temos que seguir traballando e avanzando a partir desa última reforma do 2021, pero querería parar un segundo, porque no caso desta reforma permitiu uns avances que creo que son dignos de mencionar neste pleno.
O descenso do paro en decembro do 21, 3.105.905 persoas estaban en paro. No 2024 reduciuse a 2.666.000. Maior afiliación na Seguridade Social en decembro do 19... Perdón, do 21, había 19.700.000 persoas afiliadas. En abril deste ano, máis de 21 millóns de persoas. A contratación virou cara á fixeza, xa que no 2021 había 173.000 contratos indefinidos e actualmente no 2024 estamos falando dun incremento do 55% deses contratos indefinidos.
Polo tanto, o traballo estase facendo dende o goberno de Pedro Sánchez, dende o goberno central, aqueles medos que nos metían, que esa reforma, ao aumentar o salario mínimo interprofesional ou facer normas e leis que protexesen os dereitos laborais que ían traer penuria. E todo negrura.
Por iso e por todo o exposto, o diálogo segue sendo máis que necesario e a integración das distintas sensibilidades o que vai permitirnos con estas políticas progresistas é unha maior lexitimación das leis.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Continuará na segunda quenda. Ten a palabra polo Partido Popular a señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Gracias, alcaldesa. Vou comezar a miña intervención cunha reflexión que escoitei esta mañá da nosa portavoz. Vostedes son os do ceo azul, o campo verde e o futuro dos galegos cada vez máis negro.
Señor Arroxo, vostede fala de autoengano, a señora López fala de precariedade laboral, a señora Alvarellos, a alcaldesa, fala de malabaristas, e señora González Abelleira, non a vexo moi ubicada. Estamos no Concello de Lugo. Isto non é o Congreso. Para varrer na casa dos demais hai que ter a súa moi limpa, e non é o caso. Non é o caso. Ademais vostede está acusando de falsidades a unha comapañeira de corporación, a min, ante unha ausencia total de argumentos. Estamos no Concello de Lugo, non no Congreso, recórdeo.
A verdade é que isto é impresionante. Proposición sobre propostas por unhas condicións de traballo digno. Supoño que isto será un erro. Ou é un erro ou é unha tomadura de pelo.
Propostas de condicións de traballo digno para quen? Para todos os traballadores ou só para algúns traballadores? Pero vostedes non son conscientes do que está a pasar?
Parécenos incrible que tendo a todos absolutamente a todos os sindicatos da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa, insisto, a todos, concentrados diante do Concello para reivindicar os seus dereitos, teñan tan pouca consideración de traer esta iniciativa ao Pleno.

Porque hoxe os traballadores concentráronse para pedir o que é deles e que vostedes non lles dan. Como, por exemplo, atrasos nos pagos, carreira profesional, actualización da RPT, adaptación do horario... Non están a pedir nada que non lles corresponda. Parécenos unha absoluta falta de respecto cara aos traballadores deste Concello, tanto por parte do BNG como por parte do PSOE, porque aquí son culpables os dous. Porque aquí o BNG presenta unha iniciativa e o PSOE apóiaa.
Porque vostedes son un bigoberno que supostamente, segundo din, teñen unha comunicación fluída, polo que imaxinamos, que a presentación desta iniciativa estaría consensuada.
Ao ver a iniciativa, a verdade é que nós quedamos sorprendidos, pero é que coas súas intervencións a cousa vai a peor. Consellos vendo que para min non teño.
Insisto, vostedes son conscientes de onde están? Señores do BNG. Xa sabemos que vostedes están afeitos, por unha banda, a perder eleccións. E, por outra, a estar na oposición, pero é que no Concello de Lugo, a pesar de que perderon as eleccións, están no goberno. Están no goberno co PSOE. Están tan afeitos a facer oposición que non saben gobernar. Están tan obsesionados e tan centrados en facer oposición á Xunta de Galicia que os problemas dos lucenses, o que pasa no noso Concello, dálles igual.
Aquí vemos como vostedes, o BNG, teñen varias chaquetas e no mesmo mes póñense unha chaqueta ou outra chaqueta, dependendo do día do mes que sexa. Se é o día 1 de maio, póñense a chaqueta de crear emprego, defender aos traballadores, ou polo menos a unha parte deles. Se o día 26 de maio, o pasado domingo, van a Palas, e ponse a chaqueta de opoñerse á creación de emprego e de postos de traballo.
E se é o día 30 de maio, é dicir, hoxe, póñense a súa chaqueta habitual neste concello. A da ambigüidade, a da indiferenza, e de poñerse de perfil e darlles as costas aos traballadores do Concello.
Señores do BNG, estamos vendo que están nun lugar onde críamos que era imposible velos. Están en misa. Si, si. Están en misa, e repicando. Porque queren vir aquí a tratar de dar leccións e pedir a outras institucións o que vostedes mesmos non fan. Esixir a outros, si; facelo vostedes, non. Non se pode empezar a casa polo tellado. Empecen por vostedes mesmos. Porque no Concello de Lugo o PSOE e o BNG son os de "fai o que eu digo e non fai o que eu fago".
Dende as institucións debemos ser exemplares. Esa exemplaridade amósase con feitos. Por elo, dende o grupo municipal do Partido Popular queremos amosar o noso apoio aos traballadores e traballadas do Concello, pero con feitos, e por elo rexistramos unha emenda de engádega para instar ao Concello de Lugo a que defenda os dereitos de todos os traballadores que prestan os seus servizos ao concello.
Así mesmo, reclamar ao Goberno municipal a que negocie e solucione cos sindicatos presentes na Xunta de Persoal e Comité de Empresa os problemas que veñen sufrindo dende hai anos. Atrasos nos pagos, carreira profesional, actualización da RPT, etcétera, Deben amosar o seu apoio a todos os traballadores, non só a un sector deles. Se de verdade apoian aos traballadores e traballadoras do Concello, acepten a nosa enmenda.

Deixen de lado o seu sectarismo e fomenten os diálogos coa Xunta de Persoal e o Comité de empresa. Deixen de ningunear e menosprezar aos traballadores do Concello e os seus representantes e fomenten o consenso. Grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Carballas. Segunda quenda para a señora López.

**-MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** A que non dou crédito son eu coas súas intervencións. A verdade é que é inaudito.
Claro que se apoian a todos os traballadores e todas aquelas reivindicacións, pero estes traballaron arreo coa reforma do 2012 para poder tratar de impedilo. Iso... Si, si, non desvíen o tema nin o centren. Porque é directamente proporcionar todo o que fixeron dende o ano 2012 e daqueles polvos, estes lodos, que é o problema que temos. Claro que se negocia con eles, como non se vai negociar.
É polo que estamos loitando, para que haxa unha negociación. Pero vostedes no ano 2012 o único que fixeron foi destruír empregos, destruír de forma masiva empregos...
Acabar coa negociación colectiva e como lles dicía antes, poñerse na actividade do adivinismo, a ver se adiviñamos e tedes uns malos resultados para poder botar aos traballadores de forma masiva, que foi o que fixeron.
A destrución foi brutal, foi a reforma laboral máis lesiva durante todos os anos da democracia para os traballadores. E agora veñen vostedes dando exemplo, son exemplo absolutamente de nada, máxime cando resulta que agora ao Partido Popular, nestes momentos dilles que vai derogar a reforma do ano 2012.
Se tan boa fora, para que queren derogala agora. O cinismo é totalmente desmesurado, totalmente desmesurado, porque o único que fixeron foi precarizar de forma extrema aos traballadores e ás clases máis desfavorecidas, como son as mulleres e como son os xoves. O único que fixeron é incrementar a temporalidade laboral, as xornadas moi moi precarias e vímolo recentemente coa última folga que tivemos data do sector da limpeza. Catro meses de folga, onde vostedes o único que fixeron foi boicoteala, un boicot continuo, con esas chamadas de teléfono, tanto ás ANPAS como aos centros escolares, imaxínome que, señora Carballas, vostede recordará iso. Para que deixasen escritos non en contra da Xunta de Galicia, senón que fixesen escritos unha e outra saír nos medios de comunicación, resulta que os pequenos, por un pouco polvo que había nos centros escolares, porque obviamente as folgas teñen que notarse, porque senón para que as facemos...
Resulta que vostedes o único que fixeron foi tratar de boicotealas... Onde estaban vostedes? Onde estaba o señor Rueda cando as traballadoras do sector da limpeza quixeron reunirse con eles?
Pés en polvorosa. Botou a correr. Iso foi o que fixeron. E o único que veñen facer aquí agora é demagoxia, dicindo que defenden aos traballadores do Concello. Son uns auténticos demagogos.
Entón o que queremos para os traballadores galegos e galegas é reclamarlle ao goberno galego a urxente aprobación dun plan galego de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno e servizos públicos na nosa terra.

Demandar do goberno español a derrogación da última reforma laboral, a do ano 2012, e aprobar un cambio radical na reforma do ano 2021, para a creación de emprego digno e con dereitos e a aprobación dunha nova lexislación laboral e social que restitúa os dereitos perdidos e favoreza novos dereitos.
Instar ao Goberno galego e español á aprobación dos cambios lexislativos necesarios para favorecer a repartición do traballo, reducindo a xornada semanal a 35 horas e para avanzar na ampliación da xornada de 4 días e 32 horas semanais.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora López, continuará na última quenda. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Entendo que non comprenda que a esencia dos sindicatos é precisamente reivindicar os dereitos laborais a través da negociación colectiva. Por iso o lóxico é que se unan para reivindicar eses dereitos e que se manifesten publicamente.
E ter máis votos non significa garantir os gobernos. Nós non teremos máis votos que vostedes, pero estamos acostumados a gobernar e a xestionar, que iso é o que é o sistema democrático que nos avala.
En relación, e continuando coa moción, a necesidade destes avances normativos, porque tamén lle recordo que a negociación colectiva non é do Concello de Lugo exclusivamente, o EBEP, polo que se rexen os traballadores municipais, ou as leis de función pública, non as negociamos no Concello de Lugo. Negócianse, como lle dicía antes, nos boletíns oficiais, cando se publican e queda demostrada a súa lei, a súa norma, que é polo que nos rexemos. Non inventamos normas no Concello de Lugo.
Por iso é necesario seguir avanzando nestes cambios normativos para reducir esa xornada laboral e neste caso para a semana que ven os axentes sociais na súa lexítima defensa van iniciar contactos co Goberno do Estado coa idea de que esta redución da xornada se veña a aplicar para este verán, que agora esperemos que chegue. E sobre a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios e acordos autonómicos, foi o Partido Popular, Vox e Junts, vólvollo repetir, o que non permitiu que o Real Decreto se publicase no Boletín Oficial do Estado, porque votaron en contra, necesitando a maioría absoluta para convalidarse como norma e imperativo legal no ordenamento xurídico español.
Polo tanto, o Partido Popular votou en contra dos dereitos que estamos falando, de redución de xornada, convenios e acordos autonómicos, transferencias laborais, Plan de Recuperación económica, social e industrial, así como os dereitos de lactancia, para o sector agrario, que xa indiquei na miña primeira intervención.
Polo tanto, sei onde estou, no Concello de Lugo. Non temos capacidade lexislativa, porque aquí temos outras competencias, pero sempre imos apoiar as reivindicacións dos traballadores e traballadoras e conseguir eses dereitos laborais que as leis nos indican.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular, señor Mar Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Si. É que isto non hai por onde collelo. É que me deixa sen palabras...
Como non teñen argumentos, falan do ano 2012. E o que pasa neste concello, que? Señora López, fala vostede de demagoxia. Manda narices. E a señora González segue sen estar ubicada. Que non están pagando aos traballadores, non se enteran. Non están pagando aos traballadores. Aquí, en Lugo. Non o fai Vox, non é Junts. Non é a reforma laboral. Son vostedes os que non están pagando aos traballadores.
Nós tamén poderiamos vir aquí e rebater. Eu teño aquí cifras, podo darlle cifras, podo darlle argumentos, podo falar de mil cousas. Poderiamos falar de todas as medidas en favor do emprego, da Xunta de Galicia ou das medidas que están levando a cabo para seguir consolidando. Podemos facer un balance sobre a reforma laboral. Podemos falar de moitas cousas.
Pero vostedes o que queren é vir aquí de salvadores do mundo, de parte do estranxeiro, pero o máis importante, o máis importante, que é loitar por Lugo, vostedes non o están facendo. Miran para fóra, miran para outro lado. E o que pasa aquí, o que pasa aquí dálles igual. Iso non lles importa.
Falan na súa iniciativa de baixos salarios, mentres a patroal empeora as condicións laborais e salariais.
Falan dunha clase traballadora empobrecida, xa que se instaura por lei a inestabilidade e inseguridade laboral, institucionalízase a pobreza social. Pero non se dan de conta de que aquí a patronal son vostedes? Que non están pagando aos traballadores, iInsisto, do Concello... E isto que acabo de ler, isto que poñen vostedes aquí... Isto que... É o que están a facer vós. Tanto o PSOE como o BNG cos traballadores do Concello. Vostedes son esa patroal que tanto critican polo incremento dos beneficios, a costa dun empeoramento, iso si, das condicións laborais e de calidade de vida da clase traballadora. Eu non sei que graza lles fai. Non sei de que tanto se rin.
Vostedes, aínda que lle deben diñeiro aos traballadores dende hai anos, a todos os traballadores municipais, transfiren o diñeiro, e o orzamento que correspondía á persoal para pagar outros gastos.
Xa denunciamos que o ano pasado, só no ano pasado, transferiron 1.200.000 euros, que correspondían aos traballadores e o gastaron noutras cousas, porque iso é o que fan vostedes.
Gastan, que non é o mesmo que investir.
Tamén falan na súa moción que é urxente rematar coa precariedade, o abuso, a contratación. E que fixeron vostedes, señores do BNG e do PSOE para rematar con este abuso de contratación no Concello de Lugo?
Tomaron algunha medida? Porque neste concello hai máis dun cento, máis dun cento de postos de traballo cubertos de forma temporal, por interinos ou co persoal en adscrición provisional.

Ademais de todo isto, saben que teñen contratadas empresas que non están a pagar aos seus traballadores e non fan nada por solucionalo, por non falar da caza de bruxas que se levou a cabo en postos estratéxicos e que rematou con dúas sentencias demoledoras para o Concello...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a última quenda a señora López.

**-MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Vou continuar. Instar ao goberno español á aprobación inmediata dun novo decreto para a recuperación da prevalencia aplicativa dos convenios colectivos e acordos marco autonómicos, de acordo á modificación dos apartados 3 e 4 do artigo 84, que contemplaba o apartado 2 do artigo 1º do decreto 7/2023 de 19 de decembro. Tamén como reclamar aos gobernos galego e español un acordo para completar as transferencias das competencias pendentes para Galicia, para poder exercer tódalas funcións en materia de lexislación e xestión do traballo, o emprego, formación e recoñecemento das prestacións. É dicir, unha transferencia íntegra das formacións para o emprego. E, señora Carballas, as traballadoras do sector da limpeza tamén lle son de Lugo. O que pasa, claro, é que aí pode haber un conflito de intencións no Partido Popular, debido a que, claro, a señora Micaela Núñez Feijóo, a señora Micaela Núñez Fejóo, claro, sabemos de quen é irmá. Entón aí habería conflito.
Entón mellor, entenden, non atender ás reivindicacións e boicotear ás traballadoras que tamén son de Lugo.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Carballas. Por favor, esíxolle educación, educación, porque os demais este escoitaron a súa intervención sen falar, e polo tanto, vólvelle esixir educación. Xa llo dixen unha vez. Hai dúas bancadas. Unha respecta sempre o que se fala e a outra, non.
En todo caso, para rematar, porque así vou rematar, hai dous conceptos que son contraditorios e totalmente incompatibles. Que son dereitos laborais e Partido Popular. É así.
Imos votar.
Non ten a palabra. Dixo que a rexeitaba. Se non escoitou, eu escoiteino. Imos votar.

12/94 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 204/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DOTAR AO SERVIZO MUNICIPAL DE BOMBEIROS DE MAIS EFECTIVOS E DE ESTRUTURA DE MANDO (Exp. 2024/G004/000383).-** Vista a antedita proposición expresiva do seguinte:

“La ciudad de Lugo cuenta con casi 100.000 habitantes, lo que llevaría, si se cumpliese el ratio establecido, a que la dotación del cuerpo de bomberos debería rondar los 100 efectivos, sin embargo está actualmente en 56, lo que implica que de

forma habitual se tenga que recurrir al personal de descanso para cubrir incidencias simultáneas.

Así mismo, con la aprobación de la última RPT el cuerpo de bomberos se vio privado de figuras esenciales en la cadena de mando, dejando toda la carga sobre una única persona: el sargento jefe.

Por todo ello el Grupo Municipal del Partido Popular considera de interés municipal que el Pleno de la Corporación Municipal ACUERDE:

Que se amplíe de forma progresiva la RPT para dotar al servicio de un mayor número de efectivos; así como de una estructura de mando adecuada para el buen funcionamiento del mismo."

Tendo en conta, así mesmo, a emenda "in voce" presentada durante a deliberación do asunto polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, consistente na substitución do acordo proposto na proposición polo seguinte texto: "Continuando coa folla de ruta trazada polo executivo local, ao abeiro da revisión prevista da relación de postos de traballo que o goberno municipal ten en marcha na súa primeira fase e que continuará desenvolvendo, e atendendo a información das necesidades das diferentes categorías, abordarase a análise da escala xerárquica do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento e se ampliará de forma progresiva a RPT do mesmo, sempre dentro das dispoñibilidades orzamentarias e demais normativa de aplicación para dotar a este servizo dun maior número de efectivos, así como dunha estrutura de mandos que mellore o funcionamento do mesmo". Emenda que é aceptada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción dada a súa parte dispositiva pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Continuando coa folla de ruta trazada polo executivo local, ao abeiro da revisión prevista da relación de postos de traballo que o goberno municipal ten en marcha na súa primeira fase e que continuará desenvolvendo, e atendendo a información das necesidades das diferentes categorías, ABORDAR a análise da escala xerárquica do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento e AMPLIAR de forma progresiva a RPT do mesmo, sempre dentro das

dispoñibilidades orzamentarias e demais normativa de aplicación, para dotar a este servizo dun maior número de efectivos, así como dunha estrutura de mandos que mellore o funcionamento do mesmo.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular ten a palabra a señora Candia. Ah, non. Entendín a señora Candia. Pode pulsar. Moitas grazas.

**-ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Muchas gracias, traemos aquí una moción que desde el Partido Popular lo que pretendemos es que se tome en consideración la situación en la que se encuentra el parque de bomberos y dotarlo de mayor efectivos para garantizar, sobre todo y fundamentalmente, la seguridad, ya no solo de ellos, que también, sino la de todos los lucenses.
No es hasta el año 1989, siendo alcalde de esta ciudad don Vicente Quiroga, cuando se actualiza y se constituye el primer reglamento de bomberos, que fue aprobado por pleno de este Ayuntamiento el 29 de junio de dicho año.
En ese reglamento se establecía la existencia de un director técnico que era el jefe de servicio, un sargento jefe, cuatro cabos y 44 bomberos. En total, eran 56 efectivos los que en el año 1989 prestaban servicio en este Ayuntamiento.
Dicho reglamento se modificó en el año 1995 y se incrementó con una persona que era la administradora de servicio, con lo cual teníamos un cuadro de mandos suficientemente importante y una dotación de bomberos que, a medida que iba creciendo, el número de habitantes iban aumentando también en número.
Pero nos encontramos con que la RTP que se ha aprobado en el año 2020 se suprimen dos puestos que nosotros son fundamentales, que es el del director técnico y administrador de servicio, recayendo en el sargento jefe del mismo todo el volumen de trabajo al margen de la dirección propia de dicho cuerpo.
Nosotros pensamos que son efectivos insuficientes y pensamos que un cuerpo como el de bomberos debe estar perfectamente estructurado, y me puedo referir ahora cómo estaba la Policía Local hace años y como se encuentra en la actualidad para prestar un servicio de atención fundamental para nuestra ciudadanía.
Pensamos que es importante una modificación da la RPT, y también sabemos que no es un trabajo que se pueda realizar de hoy para mañana.
Con lo cual, en esta moción que hoy presentamos lo único que pretendemos son dos cosas: primero, una estructura de un cuerpo de mando que es importantísima para dirigir el servicio, donde figuren esas tres piezas fundamentales que ya figuraban, insisto, en el año 1995, y que se vaya incrementando el número de bomberos, dependiendo, evidentemente, de la situación en la que nos encontremos.
La parte resolutiva es muy sencilla, que se amplíe de forma progresiva la RPT para dotar al servicio de un mayor número de efectivos, así como de una estructura de mando adecuado para el buen funcionamiento del mismo.

Tomamos como referencia también una ciudad que puede ser similar a la nuestra. Lugo tiene 330 kilómetros cuadrados y aproximadamente 99.000 según el último censo, 99.000 habitantes.
Santiago tiene una extensión menor. Son 220 kilómetros cuadrados.
Y también más o menos, menos, un poco menos, el número de habitantes. Hay una diferencia muy importante en el número de efectivos entre una ciudad u otra.
Yo sé que el haber llegado aquí no es responsabilidad suya. Aquí ha habido una política en relación a los cuerpos de seguridad de esta casa, tanto policía como bomberos, nefasta durante muchos años.
Lo único que pedimos es desde el grupo municipal ahora, en un escenario nuevo, en una situación nueva, que lo mismo que se ha tomado en consideración y con seriedad, insisto y reconozco, el haber dotado a la policía local de una estructura importante para garantizar la seguridad de los lucenses, que también se haga con el cuerpo de bomberos.
Sé que hay mucho trabajo por hacer. Insisto, sé que no se puede realizar de un día para otro, pero desde aquí va nuestro planteamiento en el sentido de que hay que dotar de muchos mayores efectivos. Y, sobre todo, esto redundará en el servicio diario, en el turno diario que tienen ellos establecido, donde es importante que no solo haya un mando en el turno, sino que haya dos.
Puede haber un sargento, puede haber un cabo, puede haber dos cabos. Con un número es suficiente de bomberos para poder atender simultáneamente dos servicios, que no es la primera vez que ocurre, y hay que recurrir a bomberos que se encuentran fuera de turno, con la suerte de que con lo profesionales que son siempre lo van a acreditar acuden muchas veces incluso sin que se les llame.
Pero también puede ocurrir que no se encuentren en nuestra ciudad y tengamos una merma de efectivos importantes para atajar y atender cualquier tipo de circunstancia.
Con lo cual, nuestro planteamiento va en esa línea en la que se restituya lo que es la estructura al mando y se aumente el número de efectivos, evidentemente, con las limitaciones que antes decía, que no se puede acometer de un día para otro. El de la Policía se ha hecho a lo largo del tiempo: cuatro años, cinco años... Pero yo creo que debemos llegar a ese ratio que nos establece la Comunidad Económica Europea, que es un bombero por cada 1.000 habitantes.
Y si no llegamos, pues por lo menos acercarnos lo máximo posible.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Rozas. Ten a palabra o voceiro do Goberno, o señor Permuy.

**-ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas, alcaldesa. Antes de entrar na proposición, como nós non interrompermos cando falan os membros da oposición, a señora Mar Carballas dixo que a nós o que pasaba neste concello dábanos igual.
Que quede claro: gústame ser moi clariño. O seu partido, o seu, o Partido Popular, é o único responsable da perda de postos de traballo neste Concello e nos demais da administración. Lembran a lei Montoro? Lembran que por cada dúas prazas que

quedaban libres só se podía cubrir unha? Durante sete anos, vostede que fai as preguntas, sabe cantas prazas perdeu este Concello? Pode facer un cálculo.

Respecto á proposición que representa o Partido Popular, dicir que o corpo de bombeiros ten a súa orixe, incluso bastante antes do que dicía o señor Rozas... Ven do ano 1929. Se ben é certo que no ano 1988-89 é cando realmente aparece o servizo de incendios ao separarse do parque móbil co que estaba incluído.

A plantilla rondaba nese momento os 33 efectivos, unha ratio dun bombeiro por cada 2387 habitantes. A plantilla foise incrementando paulatinamente ata chegar ao momento actual, en que con 56 efectivos nos leva unha ratio dun bombeiro por aproximadamente cada 1736 habitantes.

Neste momento adquire unha maior dimensión a transformación que historicamente se coñecía nas administracións como servizo de extinción de incendios, transformándose nun servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento.

E, como xa indiquei ao longo destes anos foi [...], na actualidade, co di o señor Rozas, está formado por un sarxento xefe, cinco cabos e 50 bombeiros, existindo ademais unha praza de bombeiros na segunda actividade na pena RPT, que non está cuberta neste momento.

Nesa plantilla, ademáis, na actualidade, 12 dos efectivos están cubertos por persoal interino.

Estes efectivos están repartidos en cinco quendas que prestan servizo os 365 días do ano, dividido en xornadas de 24 horas e coas correspondentes vacacións, descansos e permisos.

Na actualidade están establecidos uns servizos mínimos que constan dun cabo, que é o xefe de saída, un bombeiro telefonista, que é operador de comunicacións e cinco bombeiros condutores que forman parte do persoal operativo.

Dentro do traballo de actualización, análise da RPT, que está na fase de convocatoria e publicación de todas as ofertas públicas de emprego, así como en fase practicamente rematada o borrador da OPE de 2024 para a súa difusión, estase a tratar este tema para facer unha foto que reflicta a realidade da plantilla respecto á relación de postos de traballo, para continuar coa súa análise, discusión e modificación. Dentro deste proceso eminentemente vaise realizar a publicación dunha convocatoria de bombeiros condutores cun total de dez prazas na oferta pública de emprego, dúas corresponden ao ano 2021, catro ao 22 e catro do 2023.

Ademais, no borrador da oferta do 2024 incorpóranse outras dúas prazas que son as que se poden ofertar en aplicación das taxas de reposición fixadas a nivel do Estado.

Ademais, cómpre sinalar que existen outras catro prazas sen cubrir e que unha vez rematados os procesos selectivos, estas... Poderemos dispor dunha lista de cobertura de vacantes e substitucións que permita que estas sexan ocupadas.

Deste xeito, continuarase co paulatino reforzo deste servizo.

É ben certo que este é un servizo básico e prioritario, que no que sempre caberán os incrementos de plantilla que permitan aumentar os dotacións e ademais incrementar as tarefas de prevención.

Así mesmo, será preciso continuar coa abordaxe da definición e cobertura da escala xerárquica do servizo.

Nos últimos tempos fíxose unha adscrición temporal de funcións a un bombeiro condutor para que poida desenvolver os cometidos de cabo, e ademais incorporouse un auxiliar administrativo para descargar de tarefas burocráticas os postos operativos.
Xa para rematar esta primeira intervención, creo que é importante destacar que unha cousa é proponer e outra é articular os mecanismos para que se poidan levar a cabo esas propostas. E repito, repito, o seu goberno, os seus gobernos de dereitas, son os responsables dos maiores recortes en materia laboral, especialmente no ámbito da administración pública, con esas taxas de reposición do 50% durante varios anos, que provocan que agora sexa necesario ir recuperando esas plantillas que se foron perdendo.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Permuy. Ten a palabra o señor Rozas.

**-ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** En los responsable de la situación en la que se encuentran los bomberos en concreto, que eso es de lo que estamos hablando, no se remita usted al señor Montoro, que en unos poquitos años fue la peor gestión que ha tenido esta casa durante muchos años con cuerpos como el cuerpo de bomberos.
No voy a nombrar aquí, que es de todo conocido, incluso como acabó alguno de sus responsables. No. No vaya usted a la ley Montoro porque la ley Montoro con las fuerzas y cuerpos de seguridad no contemplaba los recortes. Era la reposición del 100% de efectivos. Con lo cual, un pequeño matiz, ¿no?
Otra cosa, en el año 1989 Lugo tenía 50 bombeiros. El día de hoy, que si al final no cambió hay siete bomberos de servicio para toda la ciudad de Lugo, son 56 en RPT. Son 52 en activo, porque hay cuatro que ya se han jubilado. Y en junio se jubila otro. Con lo cual, quedamos en 51. Año 1989, 50 bomberos. Año 2024, 51 bomberos.
Insisto, en mi exposición de que sé que esto no es puede arreglar de un día para otro. Y me alegra que usted haya tomado en consideración, que estén tomando en consideración la situación del servicio para paulatinamentea, de hecho va, insisto, en la exposición de la moción, vayan recuperando el número de efectivos.
Porque, mire, el tema de la seguridad no le atiende ni entiende de partidos políticos ni de concejales del PSOE ni concejales del PP. Es un tema que le implica a toda la ciudadanía.Y, fundamentalmente, primero a los propios bomberos, que muchas veces en situaciones, usted lo sabe, también, lo suficientemente desagradables, y ya lo que más preocupa es que no haya los suficientes como para atender como mínimo dos servicios al mismo tiempo.
Con lo cual, me alegro de que baya en la línea de que todo el mundo piensa que hay que dotar ese servicio de personal suficiente, de una estructura lo suficientemente importante, pero mire, yo ya estaba aquí... No es la ley Montoro. Aquí hemos tenido situaciones kafkianas con relación a la policía local y a los bomberos de Lugo, que ya vio que en mi primera intervención ni tan siquiera

mencioné porque quiero, y no quiero dejarlo al margen, como tampoco quiero hacer relación a lo que ha ocurrido, por desgracia, en el Ayuntamiento de Vigo.
Se necesita personal cualificado para que en un momento determinado la propia seguridad de los bomberos y de todos los lucenses esté perfectamente delimitada.
Y cuando hablamos de una estructura de mando, no hablamos por capricho, hablamos porque cada uno tiene que tener sus funciones.
Y esa persona que incorporaron ustedes de administración por 9 meses yo lo único que pido es que la incluyan en la RPT, que vuelvan a incluírla en la RPT para que de alguna manera quede fija y cada uno se dedique a lo que realmente tiene que dedicarse.
Uno, el director técnico a evaluar la situación en la que se encuentran los edificios para que puedan acceder ellos. El jefe del parque para dirigir el…

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Rozas. Acabou a súa quenda, continúe na seguinte. Ten a palabra o voceiro do goberno, o señor Permuy.

**-ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Evidentemente que a seguridade dos lucenses e dos traballadores do corpo de bombeiros ten que ser prioritaria. Estamos niso de acordo.
Tendo en conta o que se está a dicir de sobredimensionamento, que o goberno local está facendo servizo, o reforzo dos efectivos que se fixo hai anos e que estamos a traballar, como digo, nas convocatorias da oferta pública de emprego na categoría de bombeiros, que nos permita cubrir o 100% das prazas en propiedade e dispor dunha lista de contratacións para ir avanzando nesa cobertura de postos. Estando de acordo no fondo do asunto que aquí se está a debater e soamente co fin de complementalo e precisalo, dende este grupo municipal dos Socialistas de Lugo, ao abeiro da normativa vixente, presentamos unha emenda *in voce* de substitución ao acordo proposto por vostedes na súa proposición para dotar ao servicio municipal de bombeiros de máis efectivos e estrutura, esta enmenda vai non seguintes termos: Que continuando coa folla de ruta trazada polo Executivo local ao abeiro da revisión prevista da relación de postos de traballo que o goberno municipal ten en marcha na súa primeira fase e que continuará desenvolvendo e atendendo á información das necesidades das diferentes categorías, abordarase a análise da escala xerárquica do Servicio de Prevención e extinción de incendios e salvamento e ampliarase de forma progresiva a RPT do mesmo, sempre dentro das dispoñibilidades orzamentarias e demais normativas de aplicación, para dotar a este servizo dun maior número de efectivos, así como dunha estrutura de mandos que mellore o funcionamento do mesmo.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Permuy. Última quenda para o señor Rozas. Ten que... Iso. Señor Rozas.

**-ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Si, sin ningún problema. Básicamente es lo que ponemos nosotros en nuestra … Lo único que le pido es que debido a la

importancia que tiene este servicio haga todo lo posible para que esto sea lo más rápido posible, para que de alguna manera esté garantizada, ya no solo la seguridad de todos los lucenses, sino la seguridad de los propios bomberos, que de alguna manera les facilitaría mucho el trabajo.
Somos razonables, señor Permuy, y con relación a este tema somos conscientes de que el daño hecho ha sido tan grande, tan grande, que recuperar la situación ideal para esta ciudad va a llevar tiempo.
Pero, insisto, lo mismo que se ha hecho con la Policía, y prácticamente se ha conseguido, lo único que espero es que también se haga con el cuerpo de bomberos.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Rozas. Ben certo que se está a traballar, e ademais se está a traballar arreo para que o corpo de bombeiros estea o mellor dotado. Estamos ao 100% da plantilla. Pero tamén quero recordar que a única cidade grande das de Galicia, das sete grandes cidades de Galicia que goberna o Partido Popular, que é Ferrol, non chegan a cumprir os 70% das prazas do corpo de bombeiros, que creo que é importante tamén recordalo.
Polo tanto, xa saberedes en que ía derivar a xestión do Partido Popular neste concello. Imos votar.

13/95 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 205/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE MELLORA E MANTEMENTO DOS PARQUES PERIURBANOS E FLUVIAIS DE LUGO (Exp. 2024/G004/000384).-** Vista a antedita proposición do seguinte teor:

"Un dos principais atractivos cos que conta a nosa cidade son as súas zonas verdes, especialmente os parques periurbanos e fluviais. Estes poñen en valor o noso patrimonio natural e paisaxístico, ademais de conectar municipios, puntos de interese turístico ou núcleos de poboación.

Ademais son un espazo de encontro e esparecemento onde os lucenses e quen nos visita poden pasear, facer exercicio, sentar a ler, xogar ou gozar do noso río. En definitiva, son lugares que achegan a natureza e os recursos ambientais a quen vive na cidade.

Os parques periurbanos e fluviais cos que contamos na actualidade débenselle fundamentalmente a gobernos do Partido Popular, sendo construídos xa hai décadas e esquecidos completamente polos distintos gobernos que tivo esta cidade. Se facemos unha breve análise do estado de cada un deles, faise evidente unha necesidade de maior mantemento e investimento nos mesmos.

É por iso que urxe un plan integral de mellora e mantemento destes espazos da cidade que poñan en valor e melloren as súas instalacións. É necesario que este plan afecte o paseo do Rato, ao paseo do Miño, ao roteiro da Fervenza, ao paseo de Ombreiro e ao resto de paseos fluviais que actualmente presentan un gran

deterioro. Ademais, debe incluír ás obras e traballos precisos para a unión completa entre o paseo do Miño e o paseo do Rato tan demandada pola cidade.

Desde esta corporación vemos imprescindible involucrar á Deputación Provincial de Lugo na mellora, mantemento e coidado dalgunha destas infraestruturas ao ser titular das mesmas.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Instar ao Concello de Lugo e a Deputación Provincial de Lugo a elaborar un Plan Integral de mellora e mantemento dos parques periurbanos e fluviais deste municipio e rematar, por fin, a unión dos paseos do Miño e do Rato."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Por parte do Partido Popular, señor Ameijide.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Imos falar eu creo que dunha proposición amable, na que entendo que ningún grupo pode estar en contra da mesma, porque é algo do que todos sentimos orgullo. Todos os lucenses sentimos orgullo do Miño, todos os lucenses sentimos orgullo do río Rato, sobre todas esas zonas periurbanas que temos na nosa cidade. E dende o Partido Popular estamos especialmente orgullosos, porque, como ben saben, o 100% das zonas periurbanas que se fixeron nesta cidade foron feitas con gobernos do Partido Popular.

Don Francisco Cacharro, dende a Deputación, foi quen de durante os seus mandatos facer o paseo do río Rato, que coñecemos hoxe como o Paseo do Rato.

O Paseo da Fervenza, foi quen de facer o paseo de facer o paseo cara Ombreiro, e incluso outras ducias de kilómeotros de rutas fluviais e sendeiros só no noso municipio.

O goberno de Joaquín García Díez nos anos finais dos anos 90 tamén completou, como ben saben, ese paseo do Miño.

De feito é algo que se lles recoñecía hai días, nunha homenaxe nesta cidade. Precisamente estaba presente a alcaldesa de Lugo, dona Paula Alvarellos, onde se lle recoñecía, explícitamente, a súa labor por facer eses parques periurbanos, e tamén na peonalización.
Hai que recordar que practicamente o 90% das rúas peonís que hai hoxe na cidade de Lugo foron feitas en gobernos do Partido Popular, e así se lle agradeceu explicitamente nesa declaración. Recoñecendo que foi o Partido Popular o gran impulsor da peonalización e, evidentemente, do 100% das zonas verdes periurbanas de Lugo. Volvo repetir, o 100% das zonas periurbanas de Lugo foron feitas por gobernos do Partido Popular.
E isto é algo importante para nós, porque é un sitio onde imos os lucenses a pasar o noso tempo libre.
Hai que quen o utiliza para ir camiñar, hai quen o utiliza para facer deporte, quen o utiliza para recuperarse incluso de rehabilitacións ou de doenzas. Pero en definitiva, é algo do que estamos orgullosos e que é moi necesario para Lugo.
Pero non está todo ben que nos gustaría. Porque, claro, vostedes herdaron, tanto no Concello como na Deputación, uns terreos importantes, ducias de paseos fluviais, que estaban en perfecto estado e que a día de hoxe, pois, vou ser xeneroso, non están tan ben. Son eses herdeiros que cando herdan un ben, en lugar de melloralo, pois progresivamente vano deteriorando. E vostedes pois porque non poden vendelo, senón tamén sería como eses herdeiros que herdan catro bens e venden cinco.
Pois nestes 25 anos de gobernos socialistas no Concello e 17 na Deputación, a parte de non facer nin un só metro cadrado de zonas verdes, abandonaron o que xa había feito.
Se nos imos ao paseo do Rato, os sendeiros que antes tiñan dous metros de ancho e as zonas de ocio que había neles, a día de hoxe os sendeiros teñen máis ou menos 60 centímetros de ancho e esas zonas verdes e ese mobiliario urbano, pois en boa parte está absolutamente deteriorado.
Se nos imos ao paseo de Ombreiro, estamos nunha situación moi moi similar. Podemos ir á Fábrica da luz, incluso, a Fábrica da luz está neste estado. Non é algo que nos inventemos. É que está así. Herdaron unhas instalacións de primeiro nivel e a día de hoxe son insalubres, perigosas, cheas de auga estancada, totalmente... Malos olores, totalmente insalubres, animais incluso mortos nesa zona. E nunha zona totalmente abandonada.
O pasado do Miño nun estado moi parecido. Unha zona pública de baño imaxinaria. Somos o único concello do entorno bañado por ríos como o río Miño, que non somos capaces de tramitar unha praia fluvial.
Isto é para facelo mirar, porque calquera, de calquera cor política: PSOE, BNG, Partido Popular... Calquera cousa próximo ten unha praia fluvial menos o Concello de Lugo. Algo saberá.
E o Paseo da Fervenza está nun estado aínda peor. Practicamente... Non! Que practicamente? Directamente intransitable. Este é o caso. Esta é a realidade. Hai catro puntos alomenos. A última vez que pasei por el, que están con árbores que cortan o seu paso.

Por tanto, o primeiro que lles temos que dicir nesta moción é que, por favor, entre Concello e Deputación, manteñamos o que temos, que costou moito sacrificio e moitos traballo a todos os lucenses e vostedes téñeno totalmente abandonados. E poñemos o segundo recado nesta moción. Durante todos estes anos non foron quen de facer nin un metro cadrado máis, pero teñen a oportunidade de conectar o Paseo do Miño e o Paseo do Rato.
Levamos anos pedindo estas iniciativas. Levamos anos dende o Partido Popular demandando esa unión. Sabemos que xa se adquiriron hai uns anos os terreos, pero a día de hoxe o único que hai alí é unha selva.
Por iso tómeno un pouquiño máis en serio, porque de verdade que os lucenses necesitámolo, pero sobre todo, merecémolo.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Ameijide. Ten a palabra o voceiro do goberno, Miguel Fernández.

**-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas. Por eu a verdade é que esta proposición, aínda que reducida en canto a súa extensión, pois contén unha serie de afirmacións que eu considero que debo de matizar. Deixando a parte, vou decir que todas os atractivos da cidade son un entorno natural de zonas verdes, pois non deixa de ser unha perogrullada que o sabemos todos os veciños e visitantes. Por algo Lugo é a única cidade incluída na súa totalidade na Reserva da Biosfera. Pero referiuse unicamente, como fixo o señor Portavoz dos parques do Miño, Rato, Roteiro da Fervenza e Ombreiro, resulta un pouquiño sospeitoso, cando menos unha manobra máis de distracción ás que nos ten acostumados para tratar de desculpar sempre as responsabilidades e os compromisos da Xunta.
Como se entende, senón, que nese listado que relatou non apareza nin o roteiro do Mera, nin moito menos os lagos de Teixeiro, ese lugar emblemático do que xeracións de lucenses desfrutamos durante anos e que deixaron no máis absoluto abandono. Terá algo que ver que estas dúas áreas son responsabilidade da Xunta de Galicia? Pois aí llo deixo, porque supoño que tamén formarán parte dese patrimonio privilexiado do que vostede falaba.
E vou dicir que a totalidade dos parques son autoría dos gobernos do Partido Popular, pois non é verdade, sencillamente non é verdade. Moitas zonas verdes, ás que logo me referirei, parque Marcos Cela, Paxariños, etcétera, foron inaugurados na época dos alcaldes López Orozco e Lara Méndez.
Miren, todo é mellorable, evidentemente, e niso, como en todo, temos que ter en conta as limitacións orzamentarias. Pero vir aquí e non recoñecer o grande esforzo que en materia de medio ambiente de parques e xardíns se fixo desde este concello, incluso orzamentario, nos últimos anos, pois eu cualificaríao de irresponsable. E voulle dar uns datos, porque son os que realmente dan idea da calidade de xestión, máis aló de declaracións ou de palabras ou de comentarios.
Mire, adxudicamos un novo contrato, como saben, de mantemento de zonas verdes por valor de 12,5 millóns de euros. É dicir, o contrato máis substancioso con diferenza do Concello, incorporando, por tanto, máis persoal, máis medios técnicos, diferente xestión, máis esixencias.

O que nos permitíu, ou que nos está permitindo o coidado integral das zonas axardinadas que ampliamos, escóiteme ben, ampliamos ata chegar a 1,3 millóns de metros cadrados. É dicir, ten razón, senón Ameijide, non se ampliou un metro cadrado, ampliáronse 1,3 millóns de metros cuadrados. E fíxose un contrato por valor de 12,5 millóns de euros. Creáronse novos parques e zonas verdes: parque da Lembranza, o Arboretum, esa zona entre as Gándaras e o Ceao, que ocupa nada menos que 5 hectáreas de superficie, cunha arboleda autóctona, xardín da praza das lavandeiras, rotondas, parterres, etc.
Mire, só por darlle un exemplo, nos últimos dous anos plantáronse 900 novas árbores na cidade e repuxéronse 150. Estas 900 novas árbores, evidentemente, plantáronse unhas en terreos que xa estaban e outras de nova execución. Realizáronse numerosas intervencións: parque Marcos Celas e Paxariños, fixéronse desbroces, limpeza, reposición de valados, que agora se están completando xa na conta das melloras do novo prego de parques e xardíns. No Paseo do Miño, reposición de valados de madeira, arranxo de sendeiros, colocación de bancos, renovación das dúas áreas de xogos infantil, e tamén, recórdolle, pois instalamos mobiliario en forma de picnic, tumbonas, papeleiras, vestiarios, etcétera, para esa zona pública de baño que vostedes, desde a Xunta de Galicia, pois non quixeron autorizar, a pesar da reivindicación, das esixencias e das necesidades dos veciños e veciñas.
No parque Rosalía de Castro fixemos un plan integral no que se investiron 55.000 euros, onde se actuou en bancos, fontes, luminarias, recuperáronse, ou reparáronse mellor dito, as escaleiras de madeira, etcétera.
Por tanto, ese plan de mantemento do que fala xa existe como existe tamén na propia Deputación Provincial, e incluso froito da necesaria colaboración se fixeron unha serie de actuacións importantes para a cidade, como foi a creación dunha senda ciclista de 2,5...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Fernández. Continúa na segunda quenda. Ten a palabra o señor Ameijde.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Porque coñezo ao señor Fernández, e que ademáis el sabe, e é público e notorio que lle teño un importante aprecio polos anos que compartimos nesta corporación, sei que o que está dicindo non o está dicindo por mala fe nin por intención de manipulación, porque do contrario, a súa intervención enteira é propia dunha como se di, por exemplo, en condución evasiva. Porque aquí non falou para nada do que se estaba falando na moción.
E incluso retorceu, precisamente, conceptos que se inclúen nesta moción.
Miren, nós falamos de parques periurbanos. Para que sexa periurbano, ten que estar na contorna ou no arredor da cidade. Os Lagos de Teixeiro, evidentemente, están no municipio, pero non no entorno da cidade. E os outros que dixo vostede son zonas verdes ou parques que se fixeron no interior da cidade.
Por tanto, volvo dicirlle e afirmarlle que o 100% das zonas verdes que se fixeron nos parques periurbanos da cidade, fíxoos o goberno do Partido Popular. É máis, ata unha que citou, que é do Ceao, que supoño que se refire ao Ceao-As

Gándaras, pero fíxoo o Partido Popular, que foi o Polígono Industrial, que fixo Xestur, e que vostedes, por certo, deixaron abandonados as zonas verdes e todo o mobiliario urbano que se instalou nese polígono.
E sábeo porque debatemos isto mesmo neste mesmo salón de plenos. E se quere imos dar un paseo xuntos, que o convido a circular por aí, porque as árbores que plantaron vostedes nese parque, do polígono Ceao- As Gándaras están cerradas, e non se pode circular por elas, porque hai unha valla, salvo que vostede vaia saltando as vallas ou propoña que os lucenses vaian saltando as corredoiras e vallas para poder circular por esas fincas.
Señor Fernández, téñolle un profundo afecto, como vostede sabe, pero non minta, non engane, e céntrese no que falamos: parques periurbanos de Lugo e os que hai e os que son fluviais, evidentemente son os que son e son eses.
E son dos que temos que falar. E téñenos abandonados. Isto é algo innegable. Isto non é algo cuestionable, pero se o propio tenente da alcaldesa facíao... Acórdase, señor Arroxo, acórdase cando se poñía a funda... Por certo, funda nova, e non estaba moi utilizada. Esta seguro que a comprou para a rolda de prensa.
Acórdase cando saía coa desbrozadora en man a limpar o paseo e a zona de unión do paseo do río Rato. Acórdase? Pois volva poñer a funda, volva poñer a funda, porque estes terreos agora sonlle do Concello de Lugo. Estes terrenos sonlle do Concello de Lugo. O 85% dos terreos que hai entre a unión do Paseo do Miño e o Paseo do Rato unha parte do Concello de Lugo e outra parte son, como ben sabe, doutras administracións. Por tanto, vaia desbrozalos. Poña a funda! Poña a funda e vaia desbrozalos! Dea exemplo agora que está gobernando. Dea exemplo! É o que lles pido.
E vostedes a calquera particular lle permitirían ter a unión do Miño-Rato como está? Non? Pois dende logo, tómeno en consideración. E volvo repetir, os lucenses merecemos que as nosas zonas fluviais, que nos custaron moitos cartos aos veciños de Lugo, as coiden e as manteñan en estado óptimo, porque as teñen literalmente abandonadas. E isto non é algo cuestionable nin que se poida negar.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Ameijide. Ten a palabra o voceiro do goberno, Miguel Fernández.

**-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois, señor Ameijide, eu sabe que lle teño afecto tamén no ámbito persoal, pero non se trata diso, non? Eu diría que me queira menos e sexa máis rigoroso á hora de trasladar informacións tendentes a demostrar que mentimos ou que non dimos toda a verdade.
Mire, unha pregunta primeiro: o roteiro Mera é urbano, é periurbano ou é mediopensionista? Non o sei. E por... Como comentaba que non me refería expresamente á moción, que eu entendo que si, pois vou aquí... No punto de acordo aparecen dúas cousas. Primeiro o mantemento dos parques, como lle digo, xa se está facendo, existe un plan perfectamente deseñado dende a área correspondiente, que se está incrementando nos últimos tempos, como lle dicía tamén, a raíz da posta en marcha do novo prego de zonas verdes. Estase facendo, e como, entre outras cousas, pois se vai actuar nas Paxarelas, que se van reeditar

ou cambiar, o chan... Incluso poñer un chan doutros materiais menos resbaladizo e máis seguro, etcétera. E en relación á unión dos paseos do Miño e do Rato, home, parece que non vemos, xa por non ver, eses expedientes internos, senón os medios de comunicación, que xa se comunicou que o Concello procedeu, pois a unha adquisición de máis de 28.000 metros cadrados de superficie por máis de dous millóns de euros para, precisamente, acabar con ese problema histórico que había no Concello, que era unir o rato e o Miño. Polo tanto, estanse facendo, como debía saber tamén, que hai un compromiso coa Confederación Hidrográfica para rexenerar o Rato de forma integral, para acadar máis espazos de lecer, creando novos roteiros, etcétera, para mellorar e acondicionar toda a contorna fluvial.
É dicir, a verdade, din que non se fixo nada e é ben certo o dito ese de: non hai máis cego que o que non quere ver.
Este Concello fixo un esforzo orzamentario moi importante en relación a zonas verdes e ao medioambiente, que se está a materializar agora co novo contrato e eu creo que é algo que ven, desfrutan e valoran todos os veciños e veciñas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Última quenda para o concelleiro do Partido Popular, o señor Ameijide.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Non se equivoque. Non dixemos que non fixesen nada. É unha evidencia que están facendo nada ou moi pouco.
E senón imos esta tarde se quere vostede e eu e percorremos, andando, en bici, correndo, como queira, todos eses paseos, e verá como nada non sei, pero moi pouco, pero moi pouco.
Claro que teñen o 85% dos terreos. Xa llo dixen, dende hai un ano, pero é que dende hai un ano seguen tendo unha selva alí. Por iso non fixeron absolutamente nada e esa é unha das cousas que criticamos nesta moción. Se me escoitase durante a intervención, seguramente o sabería. E di tamén que xa se está facendo ese mantemento. Hoxe, pois se o están facendo, non o están facendo moi ben. É mellor que lle volvan comprar outra funda ao señor Arroxo e que os acampañe neses desbroces, porque evidentemente, se están mantendo os parques vostedes e consideran que isto é manter en condicións óptimas o Miño, o Rato, o paseo do Ombreiro ou o Paseo do Miño, a verdade é que é para facelo ver.
E dígolle unha última reflexión, queiran un pouquiño menos e traballen un pouquiño máis.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, señor Ameijide. Dende logo, cada día me sorprende máis, señor Ameijide.
Hoxe gustoume esa faceta que non coñecíamos de actor. E ademais dirixíanse á cámara con bastante soltura, porque non falaba para o pleno, falaba para a cámara, que estivo grabando todo o tempo. Pero gustoume, gustoume, ademais como bo actor, di o que pon o seu guión, independentemente de que sexa verdade ou non.
Así, por exemplo, creo entender, ou se mal non recordo, a ruta do Paseo Arqueolóxico fíxoo a Confederación Hidrográfica Miño-Sil na época de Zapatero.

Por iso quero darlle a en hora boa, polas súas dotes de actor, que, como dixen, di o que ten o guión que non sempre é a verdade.
Imos votar esta proposición.

14/96 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 206/2024 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA DE CONVIVENCIA CIDADÁ (Exp. 2024/G004/000385).-** Vista a devandita proposición o teor da cal é o seguinte:

"En el mes de enero este grupo presentaba ante el Pleno esta proposición con el objetivo de dotar a la ciudad de una ordenanza que preservase el espacio público como un lugar de convivencia y civismo, de forma que todas las personas puedan disfrutar de los espacios públicos que tiene nuestra ciudad con el debido cumplimiento de las normas sociales basadas en el respeto.

Diferentes asociaciones vecinales nos trasladan su preocupación por la falta de una ordenanza que regule la convivencia ciudadana en nuestra ciudad. Es por ello que reiteramos esta iniciativa para que se reconsidere la postura adoptada en el pleno del pasado mes de enero

Desde el Grupo Municipal Popular entendemos que es imprescindible que nuestra ciudad cuente con una Ordenanza que establezca unas pautas de comportamiento cívico, dirigido precisamente a garantizar la libertad de toda la ciudadanía, preservando el patrimonio urbano y natural, así como los bienes públicos.

Por todo ello, el Grupo Municipal Popular que subscribe esta proposición considera de interés municipal que el Pleno de la Corporación Municipal acuerde instar al equipo de gobierno a:

Elaborar una Ordenanza de Convivencia Ciudadana que refunda en un sólo texto todas las conductas relacionadas con la convivencia que figuren en otras normas municipales, así como otras nuevas como pueden ser gorrillas, desórdenes leves...

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señor Rozas.

**-ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Muchas gracias de nuevo. Volvemos a traer hoy aquí una proposición solicitando que por parte del Ayuntamiento de Lugo se redacte una ordenanza de la convivencia. Por mucho que se empeñen ustedes en decir que todo está perfectamente arreglado y todo está controlado, pues la realidad no es esa. Noy voy a volver aquí a hablar de las estadísticas en las que ustedes seguro que van a volver a hacer referencia, pero ya que les digo y les adelanto lo mismo que les dije las veces anteriores. Los papeles podrán decir una cosa, pero la percepción de la calle es otra.
Ustedes son conocedores de esta situación que se está producindo en esta ciudad y lo único que pretendemos con esa ordenanza es que esta situación no vaya a más y no tengamos que lamentarnos de situaciones que se pueden producir y de las que después nos llevarían al lamento.
¿Qué trabajo cuesta plasmar en un documento...? ¿Qué trabajo cuesta plasmar en un documento todas las ordenanzas relativas a conductas incívicas que se producen en nuestra ciudad? ¿Qué trabajo cuesta plasmar en ese documento cuñas nuevas, por ejemplo, las relacionadas con los gorrillas de las que tantas veces hemos hablado aquí?
Sinceramente no entendemos cómo no le dan medios, por ejemplo, a la Policía Local para que puedan dejar este tipo de situaciones. La otra vez, hace un par de meses, tres meses, decíamos aquí que la actuación que tenía la Policía Local para sancionar a los gorrillas era por la ocupación de la vía pública. No era precisamente con los desmanes que cometen de coacción y atosigamiento a cualquier ciudadano que quiera dejar su coche estacionado, por ejemplo, en el entorno del HULA.
Desde el PP pensamos que más bien obedece a pactos de gobierno que a otra cosa. Que sus socios de gobierno no les dejan sacar ese documento para adelante y que de alguna manera lamentamos profundamente que esto vaya para adelante. Pero no se olviden de una cosa: el día que haya que dar responsabilidades o explicaciones será usted, señora alcaldesa, que es la máxima responsable del gobierno de esta ciudad. Decía Truman, que es una frase que a mi me gusta y utilizo con frecuencia, que la responsabilidad siempre acaba en la mesa del presidente.
Son temas lo suficientemente importantes que lo que se pretende con esta moción es anteponernos ante las situaciones que puedan ocurrir y darles argumentos y medidas a la propia Policía Local, que es la que directamente nos afecta como responsables municipales que somos, argumentos como para poder, de alguna manera, corregirlos. Nos gusta ser previsores y anteponernos a los problemas que puedan venir. Es una reclamación ciudadana con la que estamos de acuerdo, así como en ayuntamientos del mismo signo político que el suyo, y hablo del Ayuntamiento de Vigo tienen zonas protegidas debido a ordenanzas reguladoras de

convivencia de la ciudad y el ocio por el acuerdo plenario de 30 de marzo de 2009. Ayuntamiento de Vigo.
Lo único que pedimos es que esa ordenanza que figura en ese ayuntamiento, que tiene perfectamente focalizados cuáles son esas zonas, se acometa desde nuestra ciudad, desde Lugo.
Esto no es un tema bajo nuestro… político ni mucho menos. Es un tema de seguridad. Y con la seguridad, como hablábamos antes con el tema de los bomberos, yo creo que non debemos de jugar. A la ciudadanía hay que escucharla, hay que hablar con ella, que es lo que hablábamos el otro día. Y a mi sí que me llama poderosamente la atención y le agradezco que el eslogan que utiliza usted ultimamente y que aparece reflejado en algunos de los paneles del Ayuntamiento pone "Paula Alvarellos escoita, traballa e mellora".
Si al final lo va a llevar a la práctica, lo cual yo creo que sería bueno, ya verá como propuestas como esta no nacen de ningún capricho ni ninguna ideología, sino de la toma de contacto continua con los ciudadanos, que es lo que nosotros hacemos y seguimos haciendo.
¿Y por qué volvemos a traer otra vez esta ordenanza? Primeiro porque creemos en ella, y segundo porque también somos conocedores de que asociaciones de vecinos se han reunido con políticos de su mismo signo en otras institucións donde les han plasmado y les han planteado este tipo de situacion y porque a nosotros nos dicen que no ha caído en saco roto.
Aqui hay una junta de seguridad, que tanto la encabeza usted como la subdelegada del gobierno y la preside usted. Debatan en la Junta de la Seguridad Ciudadana este tipo de situaciones y yo lo único que les pido es que documentos como este, que ya están redactados, que supusieron un esfuerzo y un enorme trabajo por parte de los profesionales que se dedicaron a ello, no caiga en saco roto.
Debatan, mejórenlo, negócienlo, hagan lo que sea…

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Gracias, señor Rozas. Acabou o seu tempo, continuará na seguinte quenda. Ten a palabra a voceira do goberno Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Seguimos cos mantras do medo, da inseguridade. Eu voume dirixir ás actas dos plenos do 29 de outono de 2020, no que o señor Fernández, como portavoz falaba deste tema e no que eu mesma no pleno do 25 de xaneiro de 2024 tamén falamos da mesma situación.
Polo tanto, subscribo todo o expresado neses plenos. Entendendo que poida adxuntarse a esta acta o contido para telo tamén presente.
Dende o grupo socialista seguimos na mesma posición porque foi trasladada esta proposta no seu día á cidadanía e non se conseguiu o consenso esperado. E sempre se dixo que esta norma tiña que ser para acadar o máximo consenso posible. E Lugo, señor Rozas e señores do Partido Popular, garante a convivencia no espazo público, porque temos xa unhas pautas de comportamento e ademais o comportamento de todas as veciñas e veciños, a inmensa maioría, afortunadamente, temos unhas condutas cívicas absolutamente intachables.

Polo tanto, eu creo que non podemos seguir nese mantra de zonas perigosas, de zonas con medo, de que non temos protección...
Esta proposta, como lle dixen no 18, xerou moito disenso social, e decidimos e seguimos na mesma postura de non seguir adiante con esta ordenanza. E Lugo, igual que no 2018, no 2020, no 2024 e segundo os datos do Ministerio de Interior, segue estando entre as capitais de menos incidencia criminal de todo o estado español, e para máis tranquilidade máis do 60% dos delitos que se cometen no noso municipio, segundo os datos que traslada a Subdelegación de Goberno, son de tipoloxía leve, e ademais este primeiro trimestre do ano seguen baixando, un 3,9% de menos incidencia neste tipo de condutas.
Tendo en conta a súa proposición, fago mención, que falta unha ordenanza a convivencia. Non é verdade, continúo na seguinte.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Rozas.

**-ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Ustedes no le han trasladado nada a la ciudadanía. Le han traladado a sus socios de gobierno un documento elaborado por propio personal de la casa, donde por el motivo que sea no han llegado a ningún acuerdo y lo han retirado. A la ciudadanía no. A la ciudadanía lo que le trasladan ustedes es una situación de vacio, en el sentido de no tener en consideración todo este tipo de situaciones que se están produciendo, y ahí viene el retorno de las propias asociaciones de vecinos, por ejemplo, yo se las nombro, que son los que nos vienen a plantear a nosotros, además de que somos ciudadanos y también andamos por la calle y sabemos lo que pasa, todas las situaciones que estamos produciendo.
Ustedes no se lo han trasladado a la ciudadanía, se lo han trasladado sus socios de gobierno, que por lo que parece son los que han dicho que no.
Y las estadísticas pueden reflejar lo que pongan ellos. Yo no voy a cuestionarlas, pero por esa misma regla de tres también podemos hacer caso a encuestas. La última publicada hace unos días por un medio de comunicación, donde los propios ciudadanos contemplan como el problema de la seguridad en el punto número 6 de 24 que preguntan.
Hablo de competencias municipales, con lo cual, evidentemente sí que es un problema que hay y sí que es un problema que existe. Y no es ninguna mantra, y seguiremos insistiendo, porque, como le dije antes, esto no es un tema de colores políticos. Por lo menos nosotros así nos lo planteamos.
Nosotros lo traemos aquí porque es una reivindicación de la ciudadanía. Es una plasmación de hechos, suficientemente documentos por los propios vecinos, donde piden que, de una vez por todas, esto se regule.
Y yo, que tampoco entiendo muy bien por qué aquí se sigue un criterio y en otros ayuntamientos del mismo signo político que ustedes, sí que lo ponen en marcha no sé por qué aquí no se hace.
Quizá, por los que les decía antes de que son ustedes rehenes de sus socios de gobierno y al final no pueden sacar este documento, porque sino, ya me dirá usted a mi, ese documento que está perfectamente hecho, redactado por propios

funcionarios municipales, ¿quién se lo ha encargado? ¿Quién encargó este documento en su día para elaborar una ordenanza de la convivencia y que este ayuntamiento de Lugo le dotase, por ejemplo, de medios a la Policía Local para atajar temas como hablamos antes de los gorrillas.
Yo creo que tampoco pasa nada porque ustedes se vez en cuando rompan ese pacto de gobierno que tienen, que de alguna maneira lo que quedaría fundamentado y sobre todo en ese tema es que aquí todo el mundo está preocupado por la seguridad.
Y las estadísticas dicen lo que dicen, la percepción de la calle es otra. Y ustedes lo saben, lo mismo que lo sabemos nosotros. Y lo mismo que no somos conocedores, ya no solo, insisto, porque somos ciudadanos, sino porque las propias asociaciones de vecinos no solo nos lo trasladan a nosotros, sino que se lo trasladan también. insisto, a responsables políticos de su mismo signo en otras administraciones.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Rozas. Ten a palabra a voceira do goberno Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Pois si, efectivamente, fala de La Voz de Galicia e non está no lugar 6, senón no lugar 9, cun 3,5% de principal problema detectado. Pero que curiosamente "Non saben, non contestan" é un 4,3%.
Entón a importancia que vostedes lle queren dar é relativa. O que lle dicía antes, na súa proposición no ano 2022, en palabras do Partido Popular, no que a bombo e platillo estaban satisfeitos co que o Partido Socialista e o Bloque apoiabamos para mellorar a seguridade, dicían: a convivencia en comunidade, esixe o cumprimento das normas sociais, unhas normas que á súa vez, permiten o exercicio de dereitos que están garantidos a través de normas aprobadas polas administracións públicas, xa que estas teñen a obriga de exercer o liderado para preservar o espazo público como un lugar de convivencia e civismo baseado no respecto.
Ou arre ou xo. Ou existen as leis ou non existen. E isto literalmente o Partido Popular o dixo nas súas declaracións. E para máis abuntamento, recoñecía que o artigo 149.1.29 da Constitución dicía que é competencia exclusiva do Estado a seguridade pública, sen prexuízo da posibilidade de creación de policías por parte das Comunidades Autónomas. E a Subdelegación de Goberno ten que facer o seu traballo. E, en todo caso, a seguridade naqueles puntos onde poida reforzar coa Policía Local.
Estaban recoñecendo o que están pedindo. Vólvelle dicir o mesmo, señor Rozas, ou arre ou xo. Existen as normas ou non existen? A percepción do 3,5% de problemática, cando a maior é do 13%, que interese ten para o Partido Popular dicir que Lugo é unha cidade insegura na que os cidadáns e cidadás deben estar preocupados.
É un mantra do Partido Popular.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Abelleira. Última quenda para o voceiro do Partido Popular, señor Rozas.

**-ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Aquí se habló de malabarismo hace no mucho en un debate de otra moción. Pues me remito a lo ha hecho usted ahí. La competencia de la seguridad ciudadana es de la Policía Nacional. Yo creo que a estas alturas lo sabe todo el mundo, pero que refuerso de la Policía Local es importante y que hay medidas que son aplicables exclusivamente por la Policía Local, que es lo que figura aquí, que es lo que figura aquí, que es lo que estamos pidiendo que se ponga en práctica. Cuando habla usted del punto número 9, para min me sale el número 6, porque hai otros que no son de nuesta competencia, de la competencia municipal.
Pero, le acepto el número 9. ¿A usted no le supone nada que una de las mayores preocupaciones de la ciudadanía sea la seguridad? Para mi, de 24 puntos, aunque sea el número 9 son lo suficientemente importante, y no se trata de criminalizar a nadie ni de ningún mantra.
A nosotros nos han trasladado esta preocupación los ciudadanos. Como lucenses que somos en alguna ocasión también hemos visto alguna cosa. Con lo cual, lo único que pedimos es dotar a la Policía de medios para que en un momento determinado no tenga que recurrir a…

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Acabou o seu tempo.
Si que me gustaría intervir nesta. Primeiro para agradecerlle todos os consellos que me acaba de dar. Tamén esa mención que fai Truman, que tamén o admiro eu.
Pero eu sei, son alcaldesa e sei a responsabilidade que teño. Non só como veciña, como alcaldesa, senón como xurista, como vostede ben sabe. Pero agradézolle, señor Rozas, as súas palabras.
En todo caso, traen vostedes dunha maneira case habitual cada certos meses, unha proposta coma esta. Levamos unha tras outra, tras outra, vostedes son conscientes do dano que lle fan á cidade. Porque fronte a estas... Fronte a estas proposicións que fan cada seis meses aproximadamente a mesma. Frente a esas nós damos os datos, os datos que nos dá a Guardia Civil, os datos que nos dá a Policía Nacional e os datos que nos dá a Policía local. Non sei se vostedes dubidan dos datos que nos dan. Parece que están dubidando do que din as forzas e corpos de seguridade, porque é o que nos transmiten.
Eu estou constantemente pedindo eses datos, e sempre é o mesmo. Lugo é unha das cidades, non de Galicia, de toda España, máis seguras. Polo tanto, eu creo que teñen que pensar un pouco antes de facer estas propostas unha e outra vez, porque lle fan dano á cidade.
Están constantemente creando ese mantra, esas asociacións, esas enquisas, que deben facer eles, provocando que a xente …ese mantra que falaba a voceira do grupo de Goberno, ese mantra para que a xente teñan esa percepción de inseguridade, que non se corresponde coa realidade. Non se corresponde que coa realidade.
Faille moito dano á cidade, moito, e a determinados barrios, probablemente seleccionados de forma bastante sibilina, pero fan moito dano á cidade.

E eu digo o que di a Policía Nacional, a Garda Civil e a Policía Local: Lugo é unha das cidades máis seguras de España.
Imos votar.

15/97 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 207/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO URXA A INMEDIATA INCOACIÓN PARA DECLARAR COMO BEN DE INTERESE CULTURAL INMATERIAL A OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALICIA (Exp. 2024/G004/000386).-** Vista a citada proposición expresiva do seguinte:

"No pleno do 27/02/2020 acordouse apoiar á proposta da Xunta de Galicia para declarar como Ben de Interese Cultural Inmaterial a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia polo seu carácter sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma.
Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:
O Concello de Lugo urxa á Xunta de Galicia a inmediata incoación do acordo acadado nesa data."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** urxir á Xunta de Galicia a inmediata incoación do acordo acadado o 27 de febreiro de 2020.

## DELIBERACIÓN

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, a señora Candia.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moi bo día a todas e todos e moitas grazas. A verdade é que levamos un pleno, como todos os meses, traendo aquí a esta plataforma asuntos importantes e que poden redundar positivamente na cidade.

Neste caso facendo ademais seguimento dunha iniciativa que xa manifestara un apoio por parte de todas... De todos non, pero da maioría do Pleno da Corporación antes da pandemia, en febreiro do 20, unha iniciativa... Unha petición menos concreta, por aquel entón buscábase que todas as antigas cidades do reino se posicionasen a favor da declaración de Ben de Interés Cultural para ver tamén o pronunciamento. Sabemos que ademais están gobernadas por distintas cores políticas. Unha iniciativa que lideraba tamén dende o bispado e que tivo neste caso, no ano 20, como dicía, o apoio desta corporación.

Hoxe damos un salto cualitativo, porque entendemos ademais no mes onde se celebra, que non debe de quedar esquecida e ademais damos un salto cualitativo na petición. Non é unha manifestación de apoio. É unha petición á Xunta de Galicia para que urxa de maneira inmediata a incoación da declaración de Ben de Interese Cultural da ofrenda ao antigo Reino de Galicia.

Cando falamos de Patrimonio Cultural Inmaterial non se presta á pregunta sobre a pertenza dun determinado uso da cultura, que, por certo, este grupo vén facendo reflexións a ese respecto.

Moitas veces esa rúa que escoitamos, e escoitamos de verdade, non de titular, insisten en que por parte desta corporación se fai unha cultura para uns poucos. E nós reivindicamos esa universalidade da cultura, e cando tratamos de patrimonio cultural inmaterial, sen dúbida nesta iniciativa trátase diso, non se presta á pregunta sobre pertenza, senón que é un instrumento que entendemos que contribúe á cohesión social, que fomenta o sentimento de pertenza e de responsabilidade e que axuda aos cidadáns a sentirse membros dunha comunidade.

Que Lugo é unha cidade cun amplo patrimonio material ninguén o cuestiona. Pero neste caso esta iniciativa apuntala tamén a súa riqueza dende o punto de vista inmaterial, á marxe de ideoloxías, á marxe de sentementos relixiosos, a ofrenda é algo identitario, algo que nos separa e que nos dá ese salto cualitativo das cidades de Galicia.

Apuntala unha oferta cultural e apuntala tamén considerar a Lugo como un destino turístico con máis alternativa e tamén, por que non, ese turismo relixioso, que respectamos, que apoiamos e que cremos que esta cidade non debe de esquecer. Apuntamos moitas veces tamén o turismo deportivo, que tamén e que tamén coincidimos, pero que sen dúbida o turismo relixioso é tamén un signo de identidade desta cidade.

Con esta iniciativa, o que queremos é que esta cidade teña un novo Ben de Interese Cultural. Iso vai ser valorado polos turistas, sen dúbida, polos visitantes, pero tamén moi importante, pola cidadanía, que ten un elemento máis de autoestima, de identidade e da riqueza cultural.

Hoxe, pois como dicía o meu compañeiro, con outra iniciativa amable, o que queremos é, instar a un goberno, que é o que ten a competencia. Neste caso, o goberno da Xunta de Galicia, que vostedes citan tamén moitas veces. Neste caso debe ser el, ademais, nun contexto onde a Xunta de Galicia acaba de nomear un novo conselleiro de Cultura, que ademais, se me permiten esa singularidade nunha anualidade onde a ofrenda lle toca tamén a un concello no que eu nacín e do que

sempre me sentirei tamén orgullosa, e que permitiría marcar unha páxina da historia.
Creo que no ano 15 tamén se fixo, porque este tipo de declaracións, precisamente, evitaría que coas tradicións e cos legados culturais que herdamos, pois tampouco se convertan en armas políticas arroxadizas.
Así que, pois da maneira máis sentida posible, diríxome a todas as forzas representadas nesta corporación para solicitar un apoio unánime.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra a concelleira de Cultura, dona Maite Ferreiro.

**-MAITE FERRREIRO TALLÓN:** Bo día, grazas, alcaldesa. Hoxe confírmanos con esta proposta, e xusto coa anterior, que o Partido Popular realmente non ten proxecto para Lugo, porque hoxe tocou repetir dúas mocións presentadas neste pleno que no seu momento xa foron debatidas e, nunha delas non foi aprobada, e noutra, como ben di a voceira do Partido Popular, efectivamente foi aprobada no pleno que se celebrou o 27 de febreiro do 2020, no que se amosou pleno apoio á proposta da Xunta para declarar como Ben de Interese Cultural Inmaterial a ofrenda do antigo Reino de Galicia polo seu carácter sobranceiro.
Xa daquela o Partido Popular funcionaba a golpe de noticias que saían nos medios de comunicación. Xa daquela o Partido Popular utilizaba a demagoxia, quedar ben sen facer nada, porque o día 6 de febreiro, 20 días antes de presentar a moción a este pleno, a prensa publicaba a noticia de que a Xunta iniciará os trámites para promover a declaración BIC á ofrenda do antigo Reino de Galicia, a instancias do bispado de Lugo, con foto incluída. É o que ten. Aquí temos unha foto onde a Xunta anunciaba que tomou nota da petición do bispado de Lugo.
Vostedes presentan a moción despois de que a Xunta xa se pronunciara afirmativamente á petición do bispado, entidade que loxicamente é a que tiña que facer a solicitude.
Catro anos despois veñen pedir ao Concello de Lugo que urxa á Xunta a facer algo que promete e que, por suposto, non cumpriu. Catro anos despois veñen traer aquí unha proposta que a Xunta xa dixo que ía facer e o propio Partido Popular vén pedir auxilio á corporación municipal para pedir que a Xunta cumpra algo que xa prometeu. Normal: promete, pero non fai nada.
Vostedes, o grupo do Partido Popular, con dúas deputadas autonómicas no seu grupo, non foron capaces que o seu partido cumprise unha promesa de hai catro anos, unha iniciativa ademais do propio Partido Popular.
A verdade é que a situación é curiosa, porque nestes últimos meses vemos á señora Candia, a parte de ser concelleira, levar dicindo por todos os sitios de Lugo, que como ademais representante e vicepresidenta da Mesa do Parlamento, xunto co resto dos compoñentes do grupo municipal do Partido Popular, dicindo que a Xunta son vostedes, que nós somos a Xunta é o que anda dicindo. E agora, como digo, vai pedir auxilio a este goberno de perdedores, que vostedes tamén chaman como adoitan dicir, porque o seu partido non lles fai caso.

É ben triste. Non debeu ser doado, eu enténdoo, desde o Goberno entendémolo, asumir e recoñecer publicamente o ninguneo que lles fan desde ese goberno ao que din vostedes mesmos representar.
En fin, a primeira vez debe ser o máis difícil. E agora que xa deron ese paso anímolles a buscar o apoio deste pleno tamén para solicitar que o señor Rueda e o resto do goberno da Xunta do Partido Popular cumpra os compromisos adquiridos con Lugo. E pásolle a enumerar así moi brevemente todos eses compromisos que a Xunta ten comprometido e que vostedes os concelleiros e concelleiras do Partido Popular sábeno ben, e que nós, desde logo, apoiaremos, como é a rehabilitación da Tinería, a rehabilitación do cuartel de San Fernando, a mellora da atención sanitaria nos centros de saúde, que día a día vemos como seguen estando desmantelando ás veciñas... Moitas queixas tamén, señor Rozas. Moitas queixas dos veciños e das veciñas de que non teñen médico. Tamén. Entón esas cuestións tamén, xunto con este incumprimento da propia Xunta, que é o da moción que hoxe nos trata.
En fin, estas tres cuestións, que ademáis acabo de mencionar, e que ano tras ano a Xunta de Galicia incumpre e segue a deixar Lugo discriminado.
Continúo despois, moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro. Ten a palabra novamente a señora Candia.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Señora Ferreiro, seguro que vostede non era a persoa máis idónea para defender esa iniciativa e lamentámolo profundamente, porque vostede, efectivamente, é das que goberna só para uns poucos, e non mantén as formas, nin sequera nos actos culturais onde nós asistimos en onde en repetidas ocasións ata nos fixo chamadas de atención.
Pero non llo tomo a mal. Evidentemente, xa llo dixen moitas veces, que non ofende quen quere, senón quen pode. E non se esqueza. A vostede non lle pagan os lucenses nin por seguirme nos meus actos nin por facer oposición á Xunta, nin sequera por reproducir o que digo, que, claro, para entender primeiro hai que atender. E vostede xa non atende, porque, evidentemente, xa parte da crispación, do enfrontamento e do continuo debate político, ata nunha iniciativa, se se me permite, pois creo que bonita e que repercute positivamente en Lugo, nunha área que vostede dirixe, tan necesitada, e aquí si que a vostedes non a chaman á orde. Vostedes poden falar do que queiran, que ben saben que a alcaldesa permítelles que fale de calquera asunto e a nós si. Entón teño que cinguirme ao que lle quero contestar.
Pero se hai unha área na que sen dúbida Lugo está absolutamente carente dun proxecto ambicioso de cidade é precisamente no eido cultural e turístico. E mira que é difícil, porque aquí si que os mimbres son sólidos. fortes, singulares e únicos.
Somos a envexa de moitas cidades, pero cando se constrúe só sobre o odio ao Partido Popular, cando vostede non me ve como unha compañeira, que efectivamente lle ganou as eleccións, pero está gobernando vostede, e eu respéctoa, e ten que render contas dese goberno. Non lle vale... Vostede xa sabe que non ten ningún espazo no perfil oficial do Concello de Lugo, que vostede ten

que usar o do Bloque Nacionalista Galego, porque eses son espazos…, a cultura, practicamente non ten ningún espazo no perfil do Concello, porque esa é un área que leva o seu socio de goberno.
Pero eu teño que intentar facer seguimento das accións que vostede fai, e efectivamente, a programación cultural universal para todos é moi mellorable. E dígollo da forma máis amable, para que non pense que é unha crítica sen xustificación.
Mire, a Tinería empecen por dar as licenzas e por asinar ese convenio que, como ben, sabe a señora alcaldesa recentemente recoñeceu na reunión que a pelota estaba no seu tellado, para o Pazo de dona Urraca.
O cuartel de San Fernando, digan claramente que fondos teñen de Europa para que a Xunta, tal como prometeu o seu presidente e lle cumprirá, achegue a porcentaxe que falta para a rehabilitación e despois continuar co plan de musealización.
E o da seguridade non llo podo citar, porque non está nesta orde do día porque me chamarían a atención.
En definitiva, vostede probablemente non acolleu na vida...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Candia. Continuará na seguinte quenda. Ten a palabra a concelleira de Goberno, Maite Ferreiro.

**-MAITE FERRREIRO TALLÓN:** Entendo que estea molesta, señora Candia. Entendo, entendo, porque se é certo que veñen aquí a falar da actividade cultural de Lugo, cando vostede non pisa un acto e, polo tanto, non valora se gusta ou non gusta, porque claro, vostede dedícase a ir facer a foto e marchar. É normal, ten moito traballo, eu enténdoa. Non quero con iso, e tamén con todo o aprecio, o cariño e con toda a educación e o respecto. Sabe que parece que son unha maleducada. Pois vale, si, a verdade é que prefiro ser maleducada e non ser como outros do Partido Popular, que non son maleducados, pero están interrompendo continuamente e ter que chamarlles a atención, como se fosen nenos pequenos. Temos conceptos diferentes, parece ser, da cultura, da educación e do respecto e de todas esas cousas.
Pero ben, en fin, adiántome ao que ía dicir, que seguramente ía dicir que eu non votei a favor desa proposta. Efectivamente, porque somos coherentes, o Bloque Nacionalista Galego naquel momento abstivémonos, porque consideramos que, lonxe de nós apoiar todos eses actos que teñen cabida a toda a veciñanza, cremos que non debemos tampouco impedir, pero non apoiar un acto estritamente relixioso, que é dentro dunha catedral.
Nós entendemos que as persoas que queiran ir a un acto relixioso que vaian, pero botamos de menos esa outra actividade que non ten que ver coa Igresia, para celebrar o antigo reino de Galicia.
Eu non sei se vostedes saben que houbo Reino de Galicia, porque algunhas veces creo que non o queren nin aceptar.

En fin, dan un salto cualitativo. Eu a verdade é que me alegro, que o salto cualitativo que dá o Partido Popular en Lugo é pedir socorro ao pleno do Concello para pedirlle á Xunta que cumpra algo que prometeu hai catro anos.
Eu enténdoo. Entendo que ten que ser moi fastidiado para eles, con toda a amabilidade llo digo, pero se quere outro día debatemos das actividades culturais de Lugo e da programación cultural que hai na nosa cidade. Moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro. Última quenda para a voceira do Partido Popular.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Eu non a chamei maleducada, e senón cando remate o pleno volve escoitar a intervención. A proposta é moi clara Se están de acordo e apoian que usamos a Xunta de Galicia á inmediata incoación do acordo para a declaración de Ben de Interese Cultural da Antigua Ofrenda ao Reino de Galicia, están de acordo con que a antiga ofrenda ao Reino de Galicia sexa declarada Ben de Interese Cultural. Están de acordo con que a cidade teña un novo Ben de Interese Cultural, si ou non?
Eu creo que o intentei explicar da mellor maneira posible.
Nós estamos de acordo, e agardamos que este pleno tamén diga que si, porque enriquecerá a oferta cultural, posicionará novamente a Lugo dentro dos destinos con máis Bens de Interese Cultural e creo que redunda positivamente en toda a cidade, nos que teñen a relixión católica, pero tamén nos que non a teñen.
E non se esqueza, señora Ferreiro, vostedes gobernan para todos, para os que votaron ao Bloque Nacionalista Galego e para os que non. E todos deben ter dereito a sentirse respectados. Moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. Creo que a concelleira de Cultura fixo un pouco de historia respecto a isto. Aquí non se discute se solicitamos que sexa Ben de Interese Cultural, porque iso xa o pleno xa o fixo. É o que quero dicir. No ano 20 xa votamos... Esa proposición aprobouse.
Polo tanto, non estamos discutindo isto. O que está facendo vostede é un certo malabarismo. Volvemos outra vez con malabarismo... Un salto cualitativo, como dicía vostede. Urxen á Xunta de Galicia para que faga o que non fixo. Vale, é un salto cualitativo. Ten vostede razón. É un salto cualitativo porque nunca lle urxiu nada á Xunta de Galicia. Nunca. En cousas moi importantes para os lucenses. Nunca lle vin urxir nada. Pero tamén en temas xerais: educación, sanidade... Xa non falo do que falou a concelleira, praia Fluvial... Todas esas cousas... O Museo da Romanización... Non lle urxe nada dos lucenses, pero tampouco dos demais en temas xerais. E agora urximos isto, que levan catro anos sen facelo.
Eu quero ir un pouquiño máis alá: en novembro do 19 o Bispado fixo esa solicitude, mandou os informes á Xunta de Galicia para que fose declarado Ben de Interese Cultural Inmaterial. Foi en novembro do 19.
Por certo, aí traballou o servizo de protocolo deste Concello, porque, por se vostede non o sabe, hai un protocolo, aprobado hai moitísimos anos, podo dicir que centos de anos, no que ten unha intervención moi importante este Concello e, polo tanto, o

Bispado solicitounos o servizo de protocolo para facer esa solicitude. E nós intervimos moi activamente para que se fixese esa solicitude. Por iso a min me deixa de pedra, cando vén aquí…

Por outra parte, como eu son optimista o que vexo, como dicía a concelleira de Cultura, tan pronto viu que a Xunta cando lle chegou dixo que o ía facer, despois xa viu o Partido Popular, 20 días despois, para dicir: isto pedino eu e gañeino eu, cando non era certo. Aquí estabamos traballando en silencio, como facemos sempre, traballando co Bispado para mandar a Santiago para que fose declarado.

Pero si é certo que pode haber un salto cualitativo ou non, pero seguramente estamos, quedan dúas semanas para a ofrenda. Seguramente ven instar por primeira vez aquí e urxir á Xunta de Galicia, porque probablemente estamos en eleccións. E así terá información a señora Candia e o grupo municipal do Partido Popular de que proximamente se vai declarar como un Ben de Interese Cultural Inmaterial. É probable. Entón, se hoxe pon unha proposición, despois di: grazas a nós que urximos á Xunta de Galicia... Probablemente, eu son optimista e, polo tanto, oxalá. Oxalá. Pero tamén eu voulle recordar, como sexa así, o que non quero é que o retrasen, polo que acabo de dicir, porque é capaz de coller o teléfono e chamar a Santiago e dicir: non o fagades, porque senón colleume co carriño do xeado. Creo, ata teño, como son optimista. Estou desexando, e aquí traballouse moito. Eu mesma tamén, dende Patrimonio deste Concello, para que fose declarado. O que pasa é que nós facémolo dunha maneira tranquila, sosegada e non esperamos catro anos, como vostedes. E agora urxen á Xunta de Galicia.

Polo tanto, paréceme curioso. Espero ser optimista e que salga, aínda que sexan eleccións, aínda que se intente poñer esa medalla, porque nós, por suposto que imos votar que si a que se urxa á Xunta de Galicia para que faga algo que non fixo en catro anos, porque nós traballamos nelo.

Tamén quería contestarlle por alusións as licenzas da Tinería, que lle deixei falar para que... Está moi ben informada, Reunión que manteño, nas que pido discreción, pero xa vexo que lle chivan todo. Pero voulle dicir, respecto ás licencias.

Si é certo que está no noso tellado o do Pazo de dona Urraca. Neste momento está no noso tellado, pero o que non conta é que está no tellado da Xunta de Galicia a licencia do Hospital de San Miguel, que inda non fixo todos os deberes que tiña que facer, e temos pendentes dúas licencias que recorde neste momento: rúa Catedral, 18, e rúa Catedral, 22. E nas dúas falta o proxecto arqueolóxico, que ten que presentar a Xunta e que non o presentou.

Polo tanto, cando se fala, a parte deses chivatazos que lle dan cando se pide discreción, que é moi feo, porque eu son partidaria de traballar en silencio, arreo, pero en silencio, o que pasa é que aquí moitas veces o que se busca é un rédito electoral, e estamos en eleccións.

Imos votar esta proposición.

16/98 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE, NÚMERO 213/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AMOSAR O APOIO E RESPALDO AO CUMPRIMENTO DA LEI**

**20/2022, DE MEMORIA DEMOCRÁTICA (EXP. 2024/G004/000389).-** Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

"A Lei 52/2007 de 26 de decembro, coñecida como Lei de Memoria Histórica, foi desde a súa aprobación nese ano, e ata a súa revisión en 2022, unha ferramenta crucial para abordar o legado dun pasado estatal marcado por conflitos e violacións de dereitos humanos. A súa consolidación social e o seu cumprimento foron fundamentais non só para honrar a memoria das vítimas, senón tamén para avanzar cara a unha reconciliación social xenuína, a reparación do dano inflixido e o fortalecemento da convivencia democrática.

Posteriormente, o espíritu desta norma de gran consenso social foi recollido, actualizado e ampliado na Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática. O novo documento, na liña do anterior, busca fomentar o coñecemento das etapas democráticas da historia de España e manter a memoria das vítimas da Guerra e a Ditadura franquista a través de iniciativas como a creación dun Censo de Vítimas ou a retirada de símbolos da ditadura, cumprindo así un dobre obxectivo: fomentar o coñecemento das etapas democráticas da historia de España e das figuras e movementos que foron construíndo os nexos de cultura democrática, así como preservar a memoria das vítimas deste escuro período do século XX.

Sen embargo, nos últimos tempos e coincidindo co auxe das correntes políticas máis reaccionarias, o seu desenvolvemento está a verse comprometido nalgúns territorios do Estado. De feito, tras analizar as iniciativas dos gobernos bipartitos de PP e Vox para derrogar as leis rexionais de memoria e substituílas por outras chamadas "de concordia", Nacións Unidas viuse na necesidade de instar a España a que adopte "todas as medidas necesarias para garantir o estrito respecto dos estándares internacionais dos dereitos humanos en materia de preservación da memoria histórica polas graves violacións dos dereitos das vítimas". Debido a este risco real de que se retroceda no camiño percorrido, desde este grupo municipal, consideramos necesario reafirmar o compromiso do Concello de Lugo e de todos os grupos representados na súa Corporación con esta causa.
É preciso sinalar que a memoria histórica non se trata simplemente de lembrar o pasado, senón de confrontalo de maneira honesta e reflexiva. No caso de España, a Guerra Civil e a posterior ditadura franquista deixaron profundas feridas na sociedade, moitas das cales aínda non se pecharon completamente. A Lei de Memoria Democrática busca abordar estas feridas mediante o recoñecemento oficial das vítimas e a recuperación da verdade histórica sobre o sucedido.

Consideramos polo tanto que, ao avanzar na consolidación e o cumprimento desta norma, envíase unha mensaxe clara de que o Estado asume a responsabilidade de enfrontar o seu pasado e de garantir que as inxustizas cometidas non sexan esquecidas nin trivializadas. Algo esencial para a reconciliación social, xa que permite que a cidadanía recoñeza e respecte as experiencias e sufrimentos dos

demais, sentando as bases para a construción dunha sociedade máis consciente do seu pasado.

Así mesmo, camiñar en prol deste obxectivo é fundamental para reforzar a convivencia democrática e rematar coa fractura social que aínda persiste debido ás divisións orixinadas no período dos Trinta do pasado século. Promover o respecto polos dereitos humanos, a tolerancia e o pluralismo é esencial para construír unha sociedade sólida e resistente aos extremismos e autoritarismos. Nun momento no que os valores democráticos están a ser cuestionados en todo o mundo, as e os lucenses temos a oportunidade de demostrar o compromiso coa xustiza, a verdade e os dereitos humanos a través da implementación de aquelas iniciativas que contribúan e a acadar as metas determinadas nesta lei.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE, propón ao Pleno da Corporación o seguinte punto de **ACORDO:**

**1. Amosar o apoio e respaldo desta Corporación ao cumprimento da Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática, e a todas aquelas iniciativas que, amparadas neste marco xurídico, promovan a recuperación da memoria histórica no municipio de Lugo.**

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 25

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

Amosar o apoio e respaldo desta Corporación ao cumprimento da Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática, e a todas aquelas iniciativas que, amparadas neste marco xurídico, promovan a recuperación da memoria histórica no municipio de Lugo.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra a voceira do grupo municipal socialista, dona Ana Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Para min, coma portavoz e membro do Partido Socialista, é un orgullo falar desta aprobación desta lei e da consecución, mantemento e implementación desta Lei de Memoria democrática que se aprobou recentemente.

Porque creo que ningunha persoa con dous dedos de fronte seríalle necesario insistirlle que a concordia promove pechando feridas e non deixándoas abertas. Isto o dicían Preston ou Ian Gibson, como hispanistas que foron.

Hoxe esta intencionalidade da proposición, eu creo que cobra máis sentido ca nunca, porque un pobo, o español, neste caso, nunca chegará a coñecer a súa identidade se se afasta do seu pasado, por moi escuro que este sexa.

Como dicía esta lei do Goberno socialista, herdeira tamén da Lei de Memoria Histórica, aprobada no seu día no 2007, con Rodríguez Zapatero como presidente, tamén do goberno socialista, fomenta o coñecemento das distintas etapas democráticas da historia de España, que tampouco se estudan na nosa escola. E por iso temos que seguir mantendo viva esa memoria das vítimas da guerra e da ditadura franquista a través destas iniciativas, nas que a lei contempla a creación dun censo das vítimas, a retirada dos símbolos da ditadura, co fin de cumprir un dobre obxectivo, que é fomentar ese coñecemento das distintas etapas democráticas da nosa historia, así como preservar a memoria das vítimas, como canalizaradores que somos desa reivindicación social. Porén, de aí a importancia da presentación. Nos últimos tempos, e coincidindo coas correntes políticas ultras e da dereita máis reaccionaria, o desenvolvemento desta lei estase a ver comprometido nalgúns territorios do Estado español. De feito, alí onde gobernan os bipartitos de PP e Vox, estanse derrogando leis rexionais da memoria e substituíndoas por outras ou pretendendo substituílas polas que lle chaman da concordia.

Incluso Nacións Unidas viuse na necesidade de instar a España de que non tomase estas medidas en relación á memoria histórica porque se estaban violando os estándares internacionais dos dereitos humanos en materia de preservación da memoria histórica polas violacións dos dereitos das vítimas.

Polo tanto, é importante que todos os grupos desta corporación manifestemos o noso apoio á consecución e á implementación desta Lei de Memoria Democrática.

Creo que tamén é necesario sinalar que non se trata simplemente de lembrar o pasado, senón de confrontalo de maneira honesta e reflexiva, porque aquí non houbo bandos gañadores. Aquí o que houbo foi unha ditadura, que fixo moito dano e que xerou profundas feridas na nosa sociedade. E aínda están sen pechar.

Por isto esta lei de memoria pretende resarcir e contar a verdade histórica sobre o sucedido. Consideramos que é importante avanzar na consolidación e o cumprimento desta norma e enviar unha mensaxe clara de que o Estado asume a responsabilidade de enfrontar o seu pasado e garantir que esas inxustizas cometidas non sexan esquecidas nin trivializadas, algo para conseguir a reconciliación social que aínda afonda en moitos sentimentos da nosa sociedade.

E tamén temos que camiñar en prol deste obxectivo, reforzando a convivencia democrática e rematando con esa fractura social que aínda persiste e que xera divisións que veñen dende o século pasado dos anos 30. Por iso debemos seguir

promovendo o respecto polos dereitos humanos, a tolerancia o pluralismo e esencialmente construír unha sociedade sólida e resistente a estes extremismos e autoritarismos que agora nos invaden en España e en Europa.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Abelleira. Por parte do BNG, ten a palabra a súa voceira Maite Ferreiro.

**-MAITE FERRREIRO TALLÓN:** Grazas, alcaldesa. Empezo a miña intervención amosando o noso apoio ao acordo solicitado nesta proposición, unha lei de memoria democrática necesaria, aínda que desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que se podía mellorar e botamos en falta que non se declarase, por poñer un exemplo, o Pazo de Meirás como lugar de memoria histórica.
Aínda hai elementos ou símbolos contrarios á memoria democrática e non se fai nada para que se retiren. Unha mostra do que temos aquí na nosa cidade é o escudo que hai no edificio da Consellería de Sanidade na rúa Balteira.
Non se garante suficientemente, ao noso modo de ver, medidas para que nos plans de formación para o profesorado se inclúa a actualización para que poidan tratar na escola, impulsando na comunidade educativa, o dereito á verdade, á xustiza, á reparación e á non repetición. Nós seguimos pensando que a educación é básica e moi importante.
O retroceso nos valores de liberdades e dereitos humanos é moi evidente. A crispación, o insulto e a violencia está fomentada dun xeito interesado, xerando unha situación na que a dereita extrema e o fascismo se sinte cómoda. Un retroceso que se ve claramente alí onde goberna o Partido Popular e Vox, intentando, con ferramentas e métodos sucios, mesmo derrogando a lexislación que ao longo de moitos anos se consensuou, a pesares das discrepancias existentes, cunha única finalidade: avanzar, recoñecer e dignificar a todas as persoas familiares...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Non, concelleira. Vouna interromper un momento. Pódese facer unha apreciación. Pódese achegar algún a falar con algún concelleiro se ten que aportar algo, pero o que non se pode é estar... Está unha concelleira falando, contestando unha proposición. E paréceme que non se pode facer isto, porque é un murmullo constante. Non o podemos permitir. Se queren facer unha apreciación, salgan fóra e falan fóra, pero que non se pode falar así. Polo tanto, pido un pouco de respecto á intervención da concelleira. Continúe.

**-MAITE FERRREIRO TALLÓN:** Grazas. …Para recoñecer e dignificar a todas as persoas e familias que foron asasinadas, enterradas, para tapar e ocultar os asasinos e os cómplices.
Tamén para recoñecer, dignificar as e os represaliados, visibilizar a dor e o sufrimento que supón un golpe, ou que supuxo un golpe fascista e unha guerra que ninguén quería e que unha vez rematada empezou a vinganza dos vencedores aos defensores.
Perdón, vinganza dos defensores de "Viva la muerte, muera la inteligencia".

De 50 anos avanzando nos dereitos fundamentais, paso a paso, con tropezos, dos que aínda din que hai 80 anos "nuestros abuelos se pelearon".
O BNG, e tamén a inmensa maioría desta sociedade preocúpalle esta involución nos dereitos consagrados a base de moita loita, de moitas perdas, e non permiten pechar completamente feridas que agora están volvendo sangrar, ante o odio e a crispación, que sementan dende grupos e mesmo institucións gobernadas pola extrema dereita.
En Galicia xa vivimos no ano 2009 cando o Partido Popular, daquela Feijóo, chegou á Xunta que o que lle molestaba todo o que fose memoria histórica e dignificación para as vítimas.
Así eliminou as axudas a asociacións e institucións culturais para a realización de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica. Tamén cancelou proxectos, como o declarar San Simón como Illa da Memoria.
A Xunta do Partido Popular segue a negarse a recoñecer a necesidade dunha política pública de memoria histórica, para ampliar e desenvolver os dereitos recollidos na lexislación estatal.
O noso compañeiro e deputado do BNG, Luís Bará, propuxo xa no Parlamento Galego iniciativas que foron aprobadas no Parlamento, no propio Parlamento, como a declaración institucional reiterando a importancia de proseguir coas accións dirixidas a recuperar a memoria das persoas e vítimas da represión. Unha represión exercida durante a guerra e durante o postfranquismo, así como colaborar coa recuperación das persoas desaparecidas e retirar a simboloxía franquista.
Nada se fixo dese acordo no Parlamento. Será que o PP se sinte herdeiro ideolóxico e lle interesa tapar ese período histórico? Remato na miña segunda intervención, grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro. Polo Partido Popular... Señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** Muchas gracias, señora alcaldesa. Esta moción que hoy nos traen a pleno es una muestra más del cotidiano manejo que tiene el Partido Socialista de ciertos principios de la propaganda. Primero cambian y manipulan el significado de las palabras. A la palabra reconciliación la llaman, bueno, ahora mismo reconciliación, sabiendo perfectamente que una revancha. A la manipulación la llaman verdad y a la imposición del relato la llaman historia.
Pedro Sánchez les ha ordenado levantar un muro, pero culpan a los demás, lo hacía además la señora Ferreiro, de polarización. Llaman fascistas a todos los que no coinciden con su posición, sean jueces, políticos o periodistas. Si pones en duda la inmersión lingüística, eres un facha. Si crees que se debiera limitar la influencia de los independentistas a través de una nueva ley electoral, eres facha. Todos es facha si no llamas facha a todo.
Si crees que Sánchez es una calamidad, y que resucitar el guerracivilismo es un error, que los impuestos han superado los límites de lo razonable y que el Estado del bienestar ha sido engullido por el bienestar del Estado, de soltar a etarras para que te apoye Bildu es un bochorno…

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Vázquez, vou interromper... Un momento. Perdón, señor Vázquez, non ten o uso da palabra neste momento.
Céntrese na proposición, porque non imos facer... (voces de fondo) Creo que non. Non! Creo que estaba a falar doutra cousa. Aquí a proposición é apoiar o cumprimento da memoria democrática.
Estase falando de impostos, de non sei que... Pero a ver... Esta es la bancada del Partido Popular, nin sequera, ni sequera respectan á alcaldía. E é constante isto. Doulle a palabra, pero fundamente a proposición.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** [...] estoy argumentando cual es nuestra posición, de acuerdo con respecto al tema que se trae aquí. Puede gustarle más o menos y yo le pido también el mismo respeto para que usted me deje argumentar como yo crea conveniente.
Y decía, la cohesión de España la decidimos todos los españoles o que una ley libere a violadores es un desastre. Si consideramos eso también es un facha.
Todo es fascista, salvo los fascistas de verdad.
El nacionalismo racista y el populismo de Checa  socios de cama de un presidente del Gobierno…

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Primeira advertencia. Está falando de violadores. Está falando... É que, a ver, non todo vale. Escoite, escoite.
Primeiro escóiteme vostede a min. Non todo vale. E vostede non está fundamentando o apoio ou non á Lei de Memoria democrática. Vostede está falando doutras cousas completamente distintas. Polo tanto, é a primeira advertencia.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** Señora Alvarellos, vuelvo a repetirle... Con todos los respectos, le digo [...], como creo conveniente. En este caso, el tema que hoy se trae a pleno.
Continúo. Así case 50 años después de su muerte, Franco está más presente entre nosotros que el año antes de morir. Su figura debería pertenecer ya al campo de los historiadores como la de Alfonso XIII, Azaña o Largo Caballero. No ocurre así porque su partido, señora alcaldesa, apoyado en aquellos que quieren romper España ha tenido la peregrina y nociva idea de liquidar el pacto del perdón mutuo de la Transición, que intenta tomarse una revancha imposible. Una Guerra Civil del siglo pasado.
No existe una memoria colectiva de la historia y este tipo de planteamientos de leyes por iniciativa socialista tienen un sesgo ideológico que contribuye a una visión maniquea de nuestro pasado.
La Historia admite muchas interpretaciones, pero los hechos son sagrados. Por eso desde el Partido Popular no blanquemos el franquismo ni omitimos que hubo una dictadura ni unas consecuencias que son para todos muy perjudiciales. Una época atroz, en las que se cometieron terribles crímenes por ambos bandos y desde luego nada de lo que sentirnos orgullosos por ninguna parte.

Estamos asistiendo a un intento permanente de imponer su visión del pasado para controlar el futuro. El franquismo murió con Franco, pero incapaz de solucionar los de hoy, la izquierda parece empeñada en tratar de ganar algo que nadie ganó, una guerra que perdieron todos los españoles y de la mano del actual presidente del Gobierno han regresado Franco, Largo Caballero y un sinfín de historias que hacen que al final se encrespe la sociedad.
Hoy mismo se vota en el Congreso una ley de amnistía que el propio presidente del gobierno y los ministros negaban hace poco más de un año. Desde el año 1977 hasta el 2007 hubo un gran consenso en este país con decenas de decretos y leyes para reparar a las víctimas, ya fuesen por fallecimiento, por mutilación o privación de libertad. Y ese consenso se acabó con el señor Zapatero en el año 2007 y posteriormente ahora con el señor Pedro Sánchez. Lo que resulta, al menos, repugnante, es que el PSOE compre el relato que Bildu quiere imponer a la sociedad.
Todavía siguen homenajeando a etarras con delitos de sangre y ensalzando sus hazañas, y hace incomprensible la alianza parlamentaria del PSOE con esta marca y con la que pactó la nueva…

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Vázquez. Le advierto por segunda vez. No estamos hablando de independencia, no estamos hablando de ninguna cosa de esas. Estamos hablando de Ley de Memoria Histórica. Segunda vez, a la siguiente le retiro la palabra, lo siento.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO: …** La izquierda no se indignó cuando en las pasadas elecciones vascas el candidato de Bildu no quiso calificar la banda terrorista como banda terrorista.
Doble rasero de historia y alergia a la libertad de pensamiento. Se da la paradoja de que aquellos a los que se les llena la boca hablando de democracia, en realidad se les atraganta.
Señora Abelleira, no podemos cortar la palabra en función de si nos gustan los argumentos o no. Lo que he hecho, y con todo el respeto se lo digo, ha sido simplemente argumentar como he creído conveniente para defender la postura que tiene mi Partido. Hemos visto...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Muchas gracias. Acabó su tiempo. Ten a palabra a voceira do Goberno, señora Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Só os argumentos manifestan temas que lles causan nerviosismo cando ademais están referíndose a historiadores, a aqueles seguidores da Falange Española de las JONS, que é o único partido permitido en España nesas épocas e vostedes falan como historiadores aos que fixo referencia.
Pero continuando coa defensa da Memoria Histórica e co orgullo que é defendela o 5 de outubro, ademais de San Froilán, do ano 2022, tamén é o día que se aproba a memoria democrática.

É unha memoria democrática polos dereitos e valores democráticos, dereitos e liberdades fundamentais, que por primeira vez repúdiase e condenase expresamente o golpe militar de xullo de 1936, xunto coa ditadura franquista, por suposto. Ensalzando o auténtico compromiso coa reparación da memoria democrática, na que se loita contra o olvido daqueles e daquelas que pagaron coa súa vida a defensa da liberdade e da república, pero seguen nas cunetas.
É máis que cuestionable, señoras e señores do PP, que xunto con Vox ignoren conscientemente e paralicen, alí onde gobernan en bipartito a súa implementación, porque non existe vontade, non poñen recursos, non hai investimentos, nin sequera diálogo coas asociacións que llo piden.
A memoria histórica debería entenderse como patrimonio dos e das demócratas. Fóra de ideoloxías. Non se entende a oposición a esa concordia que busca os valores, as liberdades, os principios e os dereitos constitucionais. É unha lei máis ambiciosa da que existía, máis empática, que sitúa as vítimas no centro das políticas, co seu estatuto da vítima, a ilexitimidade e ilegalidade dos tribunais franquistas, a nulidade das condenas que se ditaron, e ademais, se mo permite, introducindo tamén o papel das mulleres na vida intelectual e política pola conquista dos dereitos que nos son propios e dentro dos valores democráticos.
Por exemplo, as superviventes dos padroados de protección das mulleres tan esquecidas, a esas que nos chamaban as descarriadas.
Están a favor de todo isto? Pois demóstreno e voten consecuentemente.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Abelleira. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular, señor Vázquez. Perdón, perdón. Olvideime, tena a voceira do grupo do Bloque Nacionalista Galego, señora Ferreiro. Un momento, un momento. Agora.

**-MAITE FERRREIRO TALLÓN:** É unha situación esta para min moi violenta, porque estamos falando de cousas que a verdade farían tremer ás persoas que foron vítimas desas persecucións durante a guerra, durante a posguerra e durante a ditadura de Franco. E eu, señor Vázquez, creo que lle está sentando mal estar tanto tempo en Madrid. Escape de alí en canto poida porque, a verdade, o Partido Popular, coa cuestión da memoria histórica e coa memoria democrática sempre tivo un papel aí un pouco ambiguo de "quiero y no puedo". É certo que durante un tempo se posicionaron, pero agora con eses pactos que vostedes mesmos chaman de perdedores, con Vox en distintas comunidades autónomas. Digo pacto de perdedores, que vostedes chaman a este goberno. Vostedes tamén son un pacto de perdedores coa extrema dereita. Coa extrema dereita, que está involucionando todos os valores que avanzamos despois de tantos anos da morte de Franco. Que vostedes tamén os están desfrutando.
Estou falando do aborto, estou falando do matrimonio de personas de distinto sexo, estou falando da liberdade de expresión, salvo na Televisión de Galicia, porque vostedes aquí falan de censura. Por favor, como poden aquí falar de censura cando están presidindo un ente público que pagamos todas as persoas que vivimos neste país, que teñen secuestrado. Téñeno secuestrado. Estou falando de liberdade de

expresión, que tamén se entende nesta cuestión que estamos falando da memoria democrática.
E, por favor, manteña correctamente, señora Candia, non se sulfure, ho, tranquila, tranquila, tranquila. Eu non a interrumpo, muller, non a interrumpo, tranquila. Tome un vasiño de auga, que lle senta ben, tranquila.
Entón, paréceme tremendo, porque efectivamente, paréceme preocupante que nesta involución que todos estamos vivindo e que todos estamos padecendo, e que moitos do Partido Popular seguramente tamén se verán afectados, se non fose porque viven aí arriba nunha elite, pero estase cuestionando outra vez o papel dos inmigrantes cando os nosos avós, os nosos e bisavós foron emigrantes e ninguén os cuestionou.
Estanse cuestionando a violencia contra as mulleres cando sigue habendo mulleres asasinadas. Mulleres maltratadas. Eses colaboradores e eses cos que vostedes pactan, gobernos, están botando atrás uns adiantos nos dereitos humanos que cando queiramos ver non os podemos... Unha vez perdidos vai custar moitísimo outra vez pillalos e poñelos no día a día e que a xente supoño que sabe tamén que iso é un perigo.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Perdón. Pasou o seu tempo. Despisteime, perdón. Ten a palabra o señor Vázquez polo Partido Popular.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** Gracias, señora alcaldesa. Con respecto a los pactos de gobierno, lo que parece mentira es que hablemos aquí de pactos de gobierno precisamente en este caso del Partido Popular con Vox, cuando el partido o uno de los partidos que sustentan el actual gobierno de España es uno marcadamente... Que está marcado, valga la redundancia, por la sangre, donde los herederos de la banda terrorista ETA sostienen ese gobierno y otro partido que ha dado un golpe de estado el día 1 de octubre de 2017.
De todas maneras, y para volver a centrarme en el tema, hay una parte de la izquierda española, y además no lo digo por usted, señora Abelleira, que padece una indigencia intelectual muy grande y cada cierto tiempo siente la necesidad de sacar a Franco de sus escombros.
Y se olvida muchas veces de poner en valor el éxito de la transición política y el orden constitucional como garante del Estado de derecho. Cada vez que Sánchez se encuentra en apuros, y últimamente por desgracia para nuestro país se encuentra con bastante frecuencia, veamos la trama de corrupción del PSOE, veamos las sombras de su ámbito familiar…

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Acabó su tiempo. En todo caso le iba a retirar la palabra porque aquí non se viene a hacer politica nacional, que parece que lo quieren ustedes... O que queren vostedes é introducir aquí... Deben estar bastante escamados, porque hoxe acábase de aprobar a Lei de Amnistía e creo que aquí, por iso a xente anda revolta. Imos votar.

## B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

**TESOURERÍA**

17/99 **DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE ABRIL 2024.-** En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de ABRIL de 2024, coa numeración 37/2024 a 52/2024.

Do 01 ao 30 de ABRIL de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

| Nº de Expediente | Asunto | Número de documento | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2024/T030/000037 | Recurso reposición dilixencia embargo EUGENIO LIVANNY PÉREZ RICARDO | 2024/37 | 01/04/2024 |
| 2024/T030/000038 | Recurso reposición contra a dilixencia de embargo JOSE MANUEL MEDINA RIVERO (Multas 20212021P0006264, 2021P0001067, 2021A00000345 e 2020A00006553) | 2024/38 | 02/04/2024 |
| 2024/T030/000039 | Recurso reposición contra a providencia de constrinximento JOSE ANTONIO PÉREZ CAMPO (Multa 2021-R-00005714) | 2024/39 | 04/04/2024 |
| 2024/T030/000040 | Deixar sen efecto a providencia de constrinximento e dilixencia de embargo JULIO GARCIA LOPEZ Axuda no Fogar Abril/2023 | 2024/40 | 08/04/2024 |
| 2024/T030/000041 | Recurso reposición dilixencia de embargo en contas 1T/23 CP RUA EIRIN 9-11-13-15-17 | 2024/41 | 08/04/2024 |
| 2024/T030/000042 | Recurso reposición dilixencia de embargo MANUEL PRADO PENIN | 2024/42 | 11/04/2024 |
| 2024/T030/000045 | Recurso reposición contra requerimento de pago HLT JOSE ANTONIO LOPEZ FERNANDEZ | 2024/43 | 15/04/2024 |
| 2024/T030/000043 | Recurso reposición contra providencia de constrinximento Jesús Antonio Sánchez Gómes HY | 2024/44 | 15/04/2024 |
| 2024/T030/000044 | Recurso reposición contra requerimento de pago HLT SANDRA CASTIÑEIRA VÁZQUEZ | 2024/45 | 15/04/2024 |
| 2024/T030/000046 | Recurso reposición providencia constrinximento LUIS CAMILO | 2024/46 | 16/04/2024 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | GOSENDE GÓMEZ (Multa 2018-R-00007866) | | |
| 2024/T030/000047 | Deixar sen efecto a providencia de constrinximento e a dilixencia de emabargo IVTM (Matricula 9794CWZ) | 2024/47 | 18/04/2024 |
| 2024/T030/000048 | Resolución recurso providencia de constrinximento presentado por Manuela Escalona Moreno Cid | 2024/48 | 19/04/2024 |
| 2024/T030/000049 | Recurso reposición providencia constrinximento MIGUEL ANGEL LOPEZ VARELA Multa coercitiva nº 11158019 | 2024/49 | 22/04/2024 |
| 2024/T030/000051 | Recurso reposición dilixencia de embargo MONICA GARCIA MODIA | 2024/50 | 24/04/2024 |
| 2024/T030/000052 | Corrección Resolución Tesourería 49/2024 de MIGUEL ANGEL LOPEZ VARELA | 2024/51 | 25/04/2024 |
| 2024/T030/000050 | Resolución recurso reposición contra providencia de constrinximento ALADINO BARROS DOPORTO (derivación subsidiaria) | 2024/52 | 25/04/2024 |

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

18/100 **DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME TRIMESTRAL DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2024.-** Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, DÁSELLE CONTA ao Pleno da Corporación do informe de morosidade correspondente ao primeiro trimestre de 2024 emitido pola Tesoureira Municipal en data 30 de abril de 2024 e que literalmente di:

***«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2024.***

***LEXISLACIÓN APLICABLE.***

*- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*- Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da*

*Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*- Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego*

*- Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

*- Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*

*- Lei 11/2013, de 26 de julio, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

*- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debeda comercial no sector público.*

*- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).*

*- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).*

*- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de de pago a proveedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.*

*- Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.*

***INFORME.***

***PRIMEIRO.** A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define ésta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do*

*principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.*

*O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da debeda comercial en términos económicos, como indicador distinto respecto do periodo legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febrero de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.*

*Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramente de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o deveño automático de xuros da débeda impagada.*

*Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.*

*Para o cálculo do período medio de pago a proveedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacions mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.*

*Quedan excluidas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores. Asimesmo, quedan excluidas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.*

***SEGUNDO.*** *O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que*

*«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.*

*4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».*

***TERCEIRO.*** *Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 31 de marzo de 2024, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:*

***1. Obrigas pagadas en prazo.***

*No primeiro trimestre do ano 2024 realizouse o pagamento de 904 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 10.766.285,70 euros. De ditas facturas, 532 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 8.154.523,11 euros.*

***O número de facturas pagadas en prazo supón o 58,85% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 75,74% do total pagado.***

***2. Obrigas pagadas fora prazo.***

*No primeiro trimestre do ano 2024 realizouse o pagamento de 904 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 10.766.285,70 euros. De ditas facturas, 372 foron pagadas fóra do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascendeu a 2.611.762,59 euros.*

***O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 41,15% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 24,25% do total pagado.***

***3. Período medio de pago.***

*O período medio de pago (PMPE) é de* ***56,46 días****.*

***4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre****.*

*Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 31 de marzo de 2024 3.193, que representan un importe global total de 12.477.097,38 euros.*

*Das anteditas facturas, 2.102, 8.210.461,24 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 1.091 restantes, 4.266.636,14 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.*

***5. Período medio de pago pendente.***

*O período medio de pago pendente (PMPP) é de **131,06 días**.*

***6. Xuros de demora.***

*Durante o primeiro trimestre de 2024 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.*

***7. Períodos medios de pago mensuais:***

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

| ***Periodos de PMP incluidos*** | ***PMP (días)*** |
|---|---|
| *Xaneiro 2024* | *20,59* |
| *Febreiro 2024* | *16,33* |
| *Marzo 2024* | *12,88* |

***CUARTO.*** *De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.*

***QUINTO.*** *Os datos do primeiro trimestre 2024 reflicten unha continuidade na mellora no procedemento de tramitación das facturas, que levou a unha mellora dos datos e a un cumprimento dos prazos de morosidade trimestrais; neste trimestre o PMPE diminúe por debaixo do límite legal de 60 días, e tamén o PMPP respecto ao trimestre anterior.*

*A porcentaxe do número de facturas pagadas dentro do prazo legal diminúe, e o importe total pagado en prazo aumenta de forma respecto ao trimestre anterior, acadando un total de 532 facturas por un importe de 8.154.523,11 euros.*

*Non obstante, a mellora dos datos de morosidade debe levar a **ser prudente respecto á mesma e continuar na senda da tramitación das facturas dentro dos prazos legais**.*

*O importe de facturas das compañías eléctricas históricamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para altera-los datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con*

*normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. A sinatura do novo contrato de subministración de enerxía eléctrica as instalacións municipais do Concello de Lugo permitiu acadar un lixeiro mellor control das facturas, así como unha melloría na xestión do procedemento de conformidade e tramitación das mesmas. Sen embargo,* ***a situación actual do contrato, vencido e en reparo****, está a alterar de novo os datos de morosidade.*

*Igualmente, existen facturas de subministración de electricidade de exercicios anteriores que figuran pendentes de pago e* ***das que resulta preciso levar a cabo unha labor de depuración*** *das mesmas en colaboración co servizo correspondente.*

*E non se pode esquecer que existen tamén outras facturas pendentes de pago de exercicios anteriores que tamén foi preciso levar a un recoñecemento extraxudicial de créditos a aprobar polo Pleno, polo que* ***resulta preciso que por parte das Áreas Xestoras se extreme a dilixencia debida na prestación de conformidade ás mesmas e na xestión dos gastos de forma que non queden pendentes facturas por falta de crédito axeitado e suficiente tanto de exercicios anteriores como no presente****.*

*Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento* ***transcorren escasos días.*** *De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a conformidade das facturas ata o seu pago efectivo,* ***o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos.*** *Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello* ***coadxuvan á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas.***

***Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade seguen a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na tramitación administrativa das facturas que debe continuar mellorando.***

***SEXTO.*** *Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de líquidez na tesourería, ademáis de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.*

*Este reparto que permite unha estabilidade na liquidez da Tesourería non resulta xa suficiente, o que pon de manifesto a insuficiencia dos ingresos do Concello con carácter xeral e estrutural, tal e como se viu nos resultados da liquidación de 2023 e se indicou nos informes da Intervención Municipal á mesma. Durante o primeiro trimestre de 2024 levouse a cabo pola Tesourería unha* ***xestión da liquidez existente que permitiu afrontar os pagamentos municipais dentro do período***

***<u>medio de pago</u>**, pero que está a requirir con urxencia a adopción de medidas de incremento de ingresos e de contención dos gastos.*

*Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no primeiro trimestre de 2024 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes, pero este atópase cada vez máis axustado.*

***Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada (prestación de conformidade á mesma ou rexeitamento) para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuizo económico a esta entidade».***

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**ACTAS E GOBERNO**

19/101 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 11 DE ABRIL DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000341).-** En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 11 de abril de 2024, coa numeración 3263/2024 a 4294/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal a Excma. Corporación quedou informada para os oportunos efectos.

20/102 **DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 4036/2024, DO 30 DE ABRIL DE 2024, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN DENDE O 30 DE ABRIL DE 2024 (CORPORACIÓN 2023-2027): XUNTA DE GOBERNO, TENENCIAS DE ALCALDÍA, ÁREAS DE GOBERNO E CONCELLERÍAS DELEGADAS (2024/G004/000338).-** Ó Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do Decreto número 4036/2024, do 30 de abril de 2024 que, a seguir, se transcribe:

**‘Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.**

Con data do 21 de xuño de 2023 aprobouse o Decreto 5756/2023, de organización municipal coas súas rectificacións posteriores.

Con data 12 de xaneiro de 2024 o Pleno da Corporación tomou efectivo coñecemento da renuncia a Alcaldía de quen ata ese momento viña ostentando o cargo, procedéndose na sesión do Pleno de data 18 de xaneiro de 2024 á miña elección como alcaldesa.

Consecuencia do anterior, esta Alcaldía plasmou unha nova organización municipal no Decreto 464/2024, do 19 de xaneiro de 2024.

Posteriormente, os cambios acaecidos e a toma de posesión da concelleira dona María de los Ángeles Novo Martínez, fan necesario afrontar o que resta de mandato coa debida organización e coordinación transversal entre as distintas áreas e concellerías o que motiva a necesidade de ditar unha nova resolución.

Á vista do exposto e en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), esta Alcaldía **RESOLVE** adoptar o seguinte acordo de organización municipal:

**PRIMEIRO.-** Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia da Excma. Sra. alcaldesa, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- Sr. D. Angel Pablo Permuy Villanueva
- Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- Sra. D.ª Ana María González Abelleira
- Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.ª María Cristina López Fernández

**SEGUNDO.-** Designar concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local a don Miguel Fernández Méndez e primeiro e segundo suplentes deste aos concelleiros don Rubén Arroxo Fernández e don Mauricio Vitorio Repetto Morbán, respectivamente.

Ás súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu concelleiro secretario e o interventor xeral municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

**TERCEIRO.-** A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **mércores ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria. A devandita sesión será presencial, sen prexuízo de que se poida celebrar de xeito telemático en casos excepcionais. Deberáselles preavisar, para tal efecto, con carácter previo, aos membros deste órgano colexiado.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

**CUARTO.-** Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de alcaldesa as seguintes concelleiras e concelleiros. Quedará establecida a seguinte orde para as **tenentas e tenentes de alcaldesa**:

- primeiro tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- segundo tenente de alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- terceiro tenente de alcaldesa: Ilma. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán
- cuarta tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- quinta tenenta de alcaldesa: Ilmo. Sra. D.ª. Ana María González Abelleira
- sexto tenente de alcaldesa: Ilma. Sra. D. Angel Pablo Permuy Villanueva
- sétima tenenta de alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª María Cristina López Fernández

As tenentas e os tenentes de alcaldesa substituirán a alcaldesa pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

**QUINTO.-** Determinar a denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** segundo o seguinte detalle:

**<u>ÁREA DE ALCALDÍA E PLANIFICACION DE CIDADE</u>**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos proxectos estratéxicos de transformación da cidade, así como a “Axenda 2030 para un desenvolvemento sostible”, sen prexuízo de que o seu seguimento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outra área, que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estratexias de xestión dos fondos europeos, goberno municipal e organización dos servizos administrativos e relacións de representación institucional con todo tipo de organismos ou entidades públicas e privadas, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

- Secretaría Xeral do Pleno
- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local
- Asesoría Xurídica
- Intervención Xeral

Esta **ÁREA DE ALCALDIA E PLANIFICACION DE CIDADE** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Licenzas, Arquitectura e da oficina de Arqueoloxía.

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Actas, Sección de Administración Municipal, Gabinete de Normalización Lingüística, Asesoría Xurídica, Servizo de Intervención, Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa, Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Protección civil e Servizo de Informática e os edificios adicados ás novas tecnoloxías.

No eido que corresponde á planificación de cidade corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal tamén os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación, Oficina de Arqueoloxía, e Empresa Municipal de Vivenda e Solo -EVISLUSA-.

Así mesmo, adscríbese a esta área a dona Marta Carballal Neira, adxunta ao xefe de servizo de Enxeñería para a colaboración naqueles proxectos estratéxicos que designe a alcaldesa e dependendo directamente desta.

**<u>ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA</u>**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medio ambiente e cambio climático,
- xestión enerxética eficiente,
- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria,
- parques e xardíns e zonas verdes,

- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM),
- vixilancia do acondicionamento e ornato de espazos públicos,
- almacenamento de verteduras incontroladas,
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade Administrativa de Parques e Xardíns e Brigada de Augas e Saneamento.

**ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- contratación local, fomento da actividade de interese público e patrimonio municipal.
- xestión e xeración de recursos económicos,
- contabilidade,
- tesourería e recadación,
- facenda local e xestión e inspección tributaria,
- médica municipal e
- xestión do persoal ao servizo da corporación local, incluido conserxería e notificadores.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área os seguintes **órganos directivos**:

Tesourería Xeral (órgano de xestión económico-financeira), que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesourería, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería, Servizo de Facenda Local, Servizo de Inspección de Tributos, órgano orzamentario e de contabilidade, Servizo de Contratación, Servizo de Fomento, Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Conserxería e Notificadores.

**ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIONS INSTITUCIONAIS**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- fomento e promoción da actividade económica,
- fomento e promoción do comercio,
- formación e fomento do emprego,

- estratexias xerais de desenvolvemento local,
- festivais musicais e de artes para o desenvolvemento local e
- seguimento e xestión ordinaria da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía.
- establecer relacións de colaboración con entidades de carácter municipal e supramunicipal
- participación en mesas de traballo de entidades de agrupación de intereses municipais
- exercicio de funcións relacionadas con materias derivadas de competencias doutras administracións

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local, CEI- NODUS, Impulso Verde e Viveiros de empresas.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE XUVENTUDE E DEPORTES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude,
- prevención das drogodependencias,
- Casa da Música,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte e
- ARDE LUCUS.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: puntos de información xuvenil, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa de Música e Sección de Deportes.

**ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación, limpeza e obras ordinarias en vías públicas e infraestruturas do ámbito rural.
- dinamización e promoción sociocultural dos centros ubicados na zona rural.
- todas aquelas funcións encamiñadas á satisfacción das necesidades da zona rural

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: centros de dinamización rural, Brigada e Parque de Maquinaria e Unidades de Zona Rural.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios especializados, servizo de axuda no fogar e servizo de xantar no fogar),
- instalacións e equipamentos de carácter social,
- pisos de emerxencia social
- voluntariado social,
- minorías étnicas
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica).
- organizacións non gobernamentais,
- centros de dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, Fogar do Transeúnte, pisos de emerxencia social, Centro de Día Antonio Gandoy e programas "Sen Teito", "Acompañámoste" e "Atención ás persoas maiores", centros onde se desenvolven actividade asociativas (Casa "Clara Campoamor", Casa María Mariño, Centro interxeracional Paco Martín, Centro Leiras Pulpeiro e Centro Díaz Castro).

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN**, que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos relacionados coas seguintes materias:

- centros municipais: pisos de acollida e Casa da Muller,
- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da igualdade e diversidade en todos os eidos,
- promoción da conciliación
- emigración e inmigración

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno

municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: programa “Aprende xogando”, Centro de Atención á Muller e pisos de acollida.

**ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- convenio Lugo cultural,
- actividades e instalacións e equipamentos culturais,
- festexos populares,
- bibliotecas públicas,
- museos e salas de exposicións,
- turismo e promoción da cidade,
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- Casa das Linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, museos e salas municipais de exposicións, auditorios municipais, bibliotecas municipais, Oficina de Turismo, Casa das Linguas, Banda de Música e Escola Municipal de Música.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- educación, centros docentes e equipamentos educativos,
- centro de educación infantil,
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e
- atención integral á infancia e adolescencia.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Educación e pedagogas municipais, centros de educación infantil, celadores de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico.

**ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- información e atención á cidadanía e participación cidadá,
- transparencia da información pública,
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es,
- atención á saúde,
- sanidade e protección da salubridade pública,

- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá,
- estatística e padrón municipal,
- cemiterio e servizos funerarios,
- taboleiro de edictos,
- arquivo municipal e
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Rexistro e Participación cidadá, Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá, Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor, Arquivo municipal, Taboleiro de Edictos e Encargado e vixilantes de prazas e mercados.

**ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas,
- transporte publico de viaxeiros/as,
- negociado de policía,
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico e
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes e brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías publicas, infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueloutros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Enxeñería, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias).

**SÉTIMO.-** De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía e Planificación de Cidade, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS.

Ao segundo tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Ao terceiro tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Mauricio Vitorio Repetto Morbán, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE DINAMIZACION ECONOMICA E RELACIONS INSTITUCIONAIS.

Á cuarta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

Á quinta tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.ª Ana González Abelleira, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE COHESION SOCIAL E TERRITORIAL.

Ao sexto tenente de alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Angel Pablo Permuy Villanueva, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE XESTION INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS.

Á sétima tenenta de alcaldesa, Ilma. Sra. D.ª M.ª Cristina López Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA.

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentes de alcaldesa delegados de área son as xefas e os xefes da área que se lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

**OITAVO.-** Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentes de alcaldesa de acordo co seguinte:

**As e os tenentes de alcaldesa delegados de área**, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da seguinte forma:

1. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas suplirao a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**
2. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica suplirao o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos**.
3. Ao tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos suplirao o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición ecolóxica**.

4. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua supliraa a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Participación e Servizos para a veciñanza.**
5. Ao tenente de alcaldesa delegada da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais suplirao a **tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social e Territorial.**
6. Á tenenta de alcaldesa delegada da Área de Cohesión Social e Territorial supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Dinamización económica e Relacións institucionais**
7. Á tenenta de alcaldesa delegada Área de Participación e Servizos para a Veciñanza supliraa o **tenente de alcaldesa delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.**

No caso de que se atopasen ausentes, a tenenta ou o tenente de alcaldesa titular dunha área e o seu suplente, a alcaldesa asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a Alcaldía.

**NOVENO.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.- Delegar nas e nos tenentes de alcaldesa delegados de área e nos concelleiros/as delegados/as** o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada,
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros,
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados,
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas e
- corresponderalle ao concelleiro delegado de Economía e Recursos Humanos respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a el ou a outra área.
- Corresponderálles ás e aos tenentas e tenentes de alcaldesa delegados de área e ás e aos concelleiras/as delegadas/os o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada.

A alcaldesa **reservarase** para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables,
- exercicio das atribucións que lle corresponden á alcaldesa en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na **ÁREA DA ALCALDÍA E PLANIFICACION DE CIDADE,**
- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue,
- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno e
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

**DÉCIMO.-** As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:
1 en DON JORGE BUSTOS ATANASIO **respecto da CONCELLERÍA DELEGADA DE XUVENTUDE E DEPORTES,**
2 en DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E MAIORES,**
3 en DON FELIPE RIVAS JORGE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO,**
4 en DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE INFRAESTRUTURAS URBANAS,**
5 en DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN.**
Supliranse as ausencias das/os concelleiras/os delegadas/os polas/os responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluirán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión da tenenta de alcaldesa delegada ou tenente de alcaldesa delegado da área na que se encadra a correspondente concellería.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase **nas e nos tenentes de alcaldesa delegadas e delegados de área e concelleiras e concelleiros delegados** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

**- "visto e prace"** das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública,

- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais,

**- anuncios e edictos,** agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985 e

- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

**DÉCIMO SEGUNDO.- VIXENCIA:**

1.- Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralles notificado ás e aos interesados, e as delegacións de atribucións conferidas –para a súa eficacia- requirirán ser aceptadas por parte das/os delegadas/os, aceptación que se entenderá feita polo transcurso de **TRES DÍAS DENDE** a notificación sen que se fixese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.’

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

21/103 **DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, LOGO DA INCORPORACIÓN DA CONCELLEIRA DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ (2024/G004/000344).-** Logo da incorporación ao Grupo Municipal do PSdeG-PSOE da concelleira dona María de los Ángeles Novo Martínez -segundo comunicación presentada o día 8 de maio de 2024 no Rexistro de Pleno co número 175/2024- **DÁSELLE CONTA** ó Excmo. Concello Pleno da composición do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, manténdose o resto dos grupos sen variacións, quedando, en consecuencia, todos eles como a continuación se indica:

**GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DA CORPORACIÓN DE LUGO.**

**DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.**
**Data de presentación do escrito de constitución:** 19 de xuño de 2023.
**Número de rexistro xeral do Pleno:** 118
**Compoñentes:**
Don Rubén Arroxo Fernández.
Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
Don Alexandre Penas Roibás.
Dona María Cristina López Fernández.
Don Felipe Rivas Jorge.
**Portavoz:**

Don Rubén Arroxo Fernández.
**Suplentes do portavoz:**
Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
Don Alexandre Penas Roibás.
Dona María Cristina López Fernández.
Don Felipe Rivas Jorge.

**DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**
**Data de presentación do escrito de constitución:** 19 de xuño de 2023
**Número de rexistro xeral do Pleno:** 119
**Compoñentes:**
Dona Elena Candia López.
Dona Cristina Sanz Arias.
Don Enrique Ceferino Rozas López.
Don Antonio Ameijide Osorio.
Don Javier Vázquez Prado.
Dona Flora Rubinos Rois.
Dona Silvia Colmenero Guzmán.
Don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez.
Don Agustín Gallego Vigo.
Dona Aurora Aida Goás Castro.
Don Gustavo Enrique Díaz Rey.
Dona María del Mar Carballas Piñeiro.
**Portavoz:**
Dona Elena Candia López.
**Portavoz suplente:**
Dona Cristina Sanz Arias.
**Portavoz adxunto:**
Don Enrique Ceferino Rozas López.
**Portavoz adxunto suplente:**
Don Antonio Ameijide Osorio

**DENOMINACIÓN: GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE**
**Data de presentación do escrito de constitución:** 21 de xuño de 2023
**Número de rexistro xeral do Pleno:** 120
**Compoñentes:**
Don Miguel Fernández Méndez.
Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.
Don Mauricio Victorio Repetto Morbán.
Dona Ana María González Abelleira.
Don Jorge Bustos Atanasio.
Dona Olga López Racamonde.
Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.
Dona María de los Ángeles Novo Martínez.
**Portavoz:**

Dona Ana María González Abelleira.
**Suplentes da portavoz:**
Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

22/104 **DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 4472/2024, DO 10 DE MAIO DE 2024, RELATIVO Á NOVA ADSCRICIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE ÁS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS E Á DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL, CON MOTIVO DA INCORPORACIÓN DE DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ COMO CONCELLEIRA DO DITO GRUPO (2024/G004/000347).-** Ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do decreto número 4472/2024, do 10 de maio de 2024, do seguinte teor literal:

"**DECRETO**

**Excma. Sra. alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.**

Vistos os acordos plenarios números 4/76 e 5/77 da sesión extraordinaria do 26 de xuño de 2023, polos que se aprobaron, respectivamente, as propostas da Alcaldía relativas á creación e composición das comisións permanentes ordinarias e permanentes especiais do Pleno, e vistos os escritos dos voceiros dos distintos grupos municipais designando os membros que formarían parte delas en representación de cada grupo, así como os e as que exercerían como portavoces; vistas as actas de constitución das ditas comisións celebradas o día 20 de xullo de 2023 nas que se procedeu, entre outros aspectos, á elección de presidentes/as e vicepresidentes/as delas, ditándose o Decreto número 6507/2023, do 20 de xullo de 2023, modificado posteriormente polo número 6918/2023, do 8 de agosto do 2023, no que atinxe ás adscricións do Grupo Municipal do Partido Popular.

Visto, así mesmo, o Acordo plenario número 2/16, da sesión extraordinaria do 1 de febreiro de 2024 que supuxo un cambio de denominación e competencias das comisións de Pleno, e o Decreto número 1972/2024, do 5 de marzo de 2024, no que se levou a cabo unha nova adscrición de membros.

E, tendo en conta que o pasado día 25 de abril de 2024, tomou posesión como concelleira desta corporación dona María de los Ángeles Novo Martínez -logo da renuncia de dona Lara Méndez López- o que supuxo unha nova organización municipal reflectida no Decreto 4036/2024, do 30 de abril de 2024, no que se lle asigna a titularidade da concellería delegada de Muller, Igualdade e Inclusión, **RESOLVO:**

Primeiro.- Efectuar, de conformidade co escrito presentado pola voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE -número 176/2024, de rexistro do Pleno-, a

modificación do nomeamento dos membros do dito grupo nas seguintes comisións permanentes ordinarias:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**
  Composición (en representación dos grupos municipais):
  Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
  Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), don Jorge Bustos Atanasio e dona María de los Ángeles Novo Martínez.
  Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**
  Composición (en representación dos grupos municipais):
  Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
  Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán, dona Olga López Racamonde (que actuará como portavoz) e dona María de los Ángeles Novo Martínez.
  Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.

Segundo.- Manter o resto de nomeamentos dos membros das comisións permanentes ordinarias e especiais, de conformidade cos escritos presentados no seu día polos voceiros dos distintos grupos municipais, así como dos/das seus/súas presidentes/as e vicepresidentes/as (elixidos no seo das propias comisións) segundo o seguinte detalle:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**
  Composición (en representación dos grupos municipais):
  Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
  Titulares: don Jorge Bustos Atanasio (que actuará como portavoz), Miguel Fernández Méndez e dona Ana María González Abelleira.
  Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.
  Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
  Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.
  Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.
  Grupo Municipal do Partido Popular
  Titulares: dona Flora Rubinos Hermida (que actuará como portavoz), don Antonio Ameijide Osorio, dona Aurora Aida Goás Castro e don Gustavo Enrique Díaz Rey.
  Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
  **Presidente e vicepresidenta e data de celebración:**
  - Presidente: DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ
  - Vicepresidenta: DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA

- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.00 horas (sesión constitutiva do 22 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE**

Composición (en representación dos grupos municipais):
Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
Titulares: dona Ana María González Abelleira (que actuará como portavoz), don Ángel Pablo Permuy Villanueva e don Miguel Fernández Méndez.
Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e don Alexandre Penas Roibás.
Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e don Felipe Rivas Jorge.
Grupo Municipal do Partido Popular
Titulares: dona María Elena Candia López (que actuará de portavoz), don Agustín Gallego Vigo, don Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez e don Javier Vázquez Prado.
Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.
**Presidente e vicepresidente e data de celebración:**
- Presidente: DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.
- Vicepresidente: DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.
- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 9.30 horas (sesión constitutiva do 23 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**

Composición (en representación dos grupos municipais):
Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán, dona Olga López Racamonde (que actuará como portavoz) e dona María de los Ángeles Novo Martínez.
Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
Titulares: don Alexandre Penas Roibás (que actuará como portavoz) e don Felipe Rivas Jorge.
Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e dona María Cristina López Fernández.
Grupo Municipal do Partido Popular
Titulares: dona Cristina Sanz Arias (que actuará como portavoz), don Gustavo Enrique Díaz Rey, dona Aurora Aida Goás Castro e dona Silvia Colmenero Guzmán.
Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.
**Presidente e vicepresidenta e data de celebración:**

- Presidente: DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN.
- Vicepresidenta: DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE.
- Data de celebración: os venres da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas (sesión constitutiva do 23 de febreiro de 2024).

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Composición (en representación dos grupos municipais):
Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
Titulares: don Mauricio Victorio Repetto Morbán (que actuará como portavoz), don Jorge Bustos Atanasio e dona María de los Ángeles Novo Martínez.
Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
Titulares: don Rubén Arroxo Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
Suplentes: don Alexandre Penas Roibás, dona María Cristina López Fernández e don Felipe Rivas Jorge.
Grupo Municipal do Partido Popular
Titulares: don Agustín Gallego Vigo (que actuará de portavoz), don Javier Vázquez Prado, don Ramón Cabarcos Rodríguez, dona Aurora Aida Goás Castro.
Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
**Presidente e vicepresidenta e data de celebración:**
- Presidente: DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.
- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.
- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 10.00 horas.

- **COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E PERMANENTE ORDINARIA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Composición (en representación dos grupos municipais):
Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
Titulares: don Miguel Fernández Méndez (que actuará como portavoz), dona Olga López Racamonde e don Ángel Pablo Permuy Villanueva.
Suplentes: resto de concelleiros e concelleiras por orde da candidatura.
Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego
Titulares: dona María Cristina López Fernández (que actuará como portavoz) e dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
Suplentes: don Rubén Arroxo Fernández, don Alexandre Penas Roibás e don Felipe Rivas Jorge.
Grupo Municipal do Partido Popular

Titulares: don Enrique Ceferino Rozas López (que actuará de portavoz), dona María del Mar Carballas Piñeiro, dona Silvia Colmenero Guzmán e don Gustavo Enrique Díaz Rey.

Suplentes: resto de concelleiros por orde da candidatura.

**Presidenta e vicepresidenta e data de celebración:**

- Presidenta: DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ.
- Vicepresidenta: DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN.
- Data de celebración: os xoves da semana anterior á celebración das sesións plenarias ordinarias ás 11.00 horas.

Segundo.- Comunicarlles esta resolución aos/ás interesados/as e darlle conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.

Cúmprase."

De todo o cal, a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

## ROGOS E PREGUNTAS

**ROGOS:**

**A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 212/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AXILICE E FAGA PÚBLICO O PLAN DE DINAMIZACIÓN DO COMERCIO.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Ante as demandas dos comerciantes da zona centro polas perdas económicas que lles estaban a ocasionar as obras, no mes de novembro este Grupo Municipal presentaba ante o pleno unha iniciativa para "instar ao Concello de Lugo a elaborar un plan de medidas para a dinamización do comercio da cidade e impulsar a Mesa de Comercio como canle de intercambio de información e propostas" que tivo o voto en contra do PSOE e BNG.

Tras publicar os medios de comunicación o pasado día 15 de maio que "la alcaldesa anuncia un plan de dinamización", o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO un ROGO para se axilice e se faga público dito plan.

### DELIBERACIÓN

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a concelleira dona Cristina Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Bien, el centro de nuestra ciudad está levantado e impracticable por las obras de peatonalización. Según una encuesta reciente, que ya salió en debates previos, estas obras, esta vez sí, son el principal motivo de preocupación, el número 1 de los problemas para

los lucenses, para los vecinos, para los peatones, para los conductores y especialmente para los comerciantes del casco histórico.
Conscientes de esta grave situación que estos últimos están atravesando y después de visitar uno a uno casi todos los establecementos afectados y escuchar sus problemas y quejas, el pasado mes de noviembre este grupo municipal, el Grupo Popular presentamos en este pleno una iniciativa para que instáramos al gobierno local a elaborar un plan de medidas para la dinamización del Comercio de la Ciudad.
Sorprendentemente, ajenos al clamor popular y a la dramática caída de las ventas que nuestro comercio al por menor está atravesando por la mala planificación de estas obras, tanto el Partido Socialista como el BNG votaron en contra, votaron non a poner en marcha un plan de apoyo a nuestro comercio local y desde ese día, silencio.
Silencio hasta el pasado 14 de mayo, fecha en la que nos enteramos por la prensa, ya que tampoco tuvieron a bien impulsar la mesa local de Comercio, pues por la prensa nos enteramos que la alcaldesa se reunió con un pequeño grupo de comerciantes y les informó que, literal, una vez terminen las obras, el Concello llevará a cabo una campaña de dinamización social y comercial del centro.
Bien, en primer lugar, darles la bienvenida, si es así, a la preocupación por la grave situación que atraviesa nuestro comercio de proximidad. Y en segundo lugar rogarles, de ahí el ruego, que esa preocupación no se quede en un titular. Rogadles que si ese plan no está hecho, que se agilice su elaboración y rogarles que una vez hecho actúen con transparencia e informen sobre su contenido a este grupo municipal, pero sobre todo as sus destinatarios, que son los comerciantes de Lugo. Muchas gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Sanz. Ten a palabra concelleiro, voceiro de Goberno, Mauricio Repetto.

**-MAURICIO VITORIO REPETTO MORBAN:** Buenos días. Gracias, alcaldesa. De verdad, señora Sanz, seguimos con la creación y la preocupación de las Mesas. Parece que todo se resuelve con la creación de una mesa, la Mesa de Bajas Emisiones, la Mesa de Urbanismo, la Mesa de Comercio... Le recuerdo que quien quitó el contenido y las competencias a la Mesa de Comercio fue la Xunta, tanto sus integrantes tienen la capacidad de convocara. De todas maneras, hay una comunicación constante, tanto con los comerciantes, con los hosteleros, con los vecinos que están sufriendo las obras del centro, que lo sabemos, pero primeramente con la alcaldesa y segundo con quien le habla, que es una preocupación del comercio, por supuesto, pero también le recuerdo que la Xunta es quien tiene las competencias en comercio.
Nosotros tenemos la preocupación, la incumbencia y por supuesto que trabajamos de la mano, no de algunos comerciantes, de la mano de la Federación de Comercio, que es el máximo órgano de representación de los comerciantes de esta ciudad.

Por lo tanto, sí que estamos trabajando en la elaboración de ese plan, que daremos a conocer en el momento, que se entienda por parte de este equipo de gobierno oportuno para poder llevarlo a cabo, y por supuesto de la mano de los hosteleros y de los comerciantes.
Muchísimas gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Señora Sanz. Eu non me reunín cun grupo pequeno de comerciantes, como dicía o concelleiro. Eu fun invitada pola Federación Galega de Comerciantes. Pola Federación Galega. Non estiven chamando a un pequeno grupo de comerciantes para reunirme con eles.
Fun invitada, e como sempre, como dixen, e seguirei dicindo, vou escoitar a todo o mundo. Teño a man tendida, e a Federación Galega, que é o máximo órgano, invitoume ás súas instalacións, pero aquí intenta terxiversarse. É dicir, reunirse cun pequeno grupo de comerciantes... Non, non, reuninme coa Federación Galega de Comerciantes, a invitación deles. Quero que conste, porque aquí se trata de, como dixen antes, cambiar e facer malabarismos para que as cousas non sexan o que son, queren que sexan doutra maneira.
Pero non é así, e como lle dixo o concelleiro é a máxima representación dos comerciantes galegos, e fun invitada a iso. Continuamos.

**B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 214/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO LOCAL, ANTES DE TOMAR DECISIÓNS UNILATERALMENTE, CONSULTE E ESCOITE Á VECIÑANZA.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O pasado 11 de maio de 2024 o goberno local, desde a concellería de Benestar Social e Maiores, decidiu cambiar as normas de acceso a un dos bailes máis con mais usuarios dos que se celebran nos centros sociais da cidade, o de Frigsa.

As novas normas impostas pola Concellería limitaron o acceso a persoas que están empadroadas na capital, restrinxiron o aforo a 55 persoas e acoutaron a zona de baile, xa que segundo declarou a Concelleira Olga López Racamonde "Isto non é unha discoteca que abre e a onde pode vir calquera".

O 13 de maio os usuarios víronse obrigados a reivindicar o seu malestar ante o Concello, ao que a Alcaldesa emprazoulles a unha nova reunión para escoitar a súa formulación e tentar chegar a un punto de acordo.

O 16 de maio o Goberno local recibiu aos veciños, dándolles como solución reorganizar o espazo quitando mobiliario para poder ampliar o aforo ata 140 persoas, sendo a ocupación por orde de chegada. En caso dun aforo extraordinariamente alto, os usuarios trasladaríanse a outro lugar.

O sábado 18 de maio os veciños que acudiron ao baile atopáronse cun garda de seguridade que lles pedía os datos o entrar, polo que se formaron colas de máis dunha hora para poder acceder.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO un ROGO para que o goberno local, antes de tomar decisións unilateralmente, consulte e escoite a veciñanza.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Por parte do Partido Popular, ten a palabra o senior Gallego.

**-AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Si, grazas, señora presidenta. Os bailes de Frigsa son unha parte fundamental da vida social lucense. Con todo, dende a Concellería de Benestar Social e Maiores recentemente implantáronse novas normas que xeraron polémica entre os asistentes.
O Concello decidiu limitar o acceso aos bailes de Frigsa aos lucenses empadroados en Lugo e esta medida enfada aos habituais, que veñen doutros lugares, como poden ser de Meira, Castro Riberas de Lea, Chantada, Sarria, Fonsagrada, etcétera. Antes a diversidade de asistentes, enriquecería a experiencia, pero agora, segundo din dende o goberno local, o obxectivo é organizar actividades e facelas de forma máis segura.
A limitación do aforo a 55 persoas tamén xerou incomodidade, xa que algúns temen que isto poida provocar unha redución da actividade ou mesmo a súa desaparición.
Os bailes de Frigsa non son só unha oportunidade para divertirse, son tamén para socializar, para coidar a saúde mental, para moitos é unha importante parte esencial da vida social.
É unha forma de manterse activo e motivado.
Dende o Partido Popular pedimos máis tacto e máis sensibilidade. É fundamental que as decisións que tome o goberno local se tomen de xeito consultivo.
O diálogo e a escoita activa son e serán fundamentais para construír unha sociedade máis inclusiva, que satisfaga as necesidades dos veciños e agardamos que esta perspectiva se teña en conta para futuras decisións e se busque un equilibrio entre a seguridade e o benestar dos lucenses.
Debido ao anterior, dende o grupo municipal presentamos ante este pleno o rogo para que antes de tomar decisións unilateralmente se consulte á veciñanza. Grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Gallego. Ten a palabra en nome do goberno a concelleira Olga López. Un momento...

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Pois con moitísimo respecto, con moitísima educación, voulles contestar en función dunha parte no texto que vostedes puxeron no rogo. E pídolles que contesten con coherencia. O centro de convivencia da Milagrosa é unha discoteca? É unha discoteca? Se cre que esta concelleira se vai retractar, non me vou retractar. Non é unha discoteca. Non o é. Reafírmome nese comentario e nesa decisión.

Entendo que vostedes antes de facer este rogo pediron os informes. E voulles trasladar que se transmitiron diferentes informes de técnicos, non de políticos, sobre diversos incidentes. Falo de incidentes, agresións, que tiveron lugar no centro da Milagrosa. En base a elo, en base a elo, os técnicos do Concello. En base a elo, os técnicos do Concello estimaron que era necesario reorganizar esta actividade. Mirouse o aforo pola lei de Galicia de actividades lúdicas, onde cos mobles eran 55 persoas. Sabe por que veñen de Castro? Sabe por que veñen de Castro e doutros lados? Porque alí cóbranlles. Porque alí cóbranlles. Pero, mire, voulles dicir… E estou a falar. Se me respectan a quenda, agradézolles e prolonguen un pouquiño o tempo.
Entón, voulles dicir que en base á desinformación que houbo, interesada por moitos eidos da sociedade, e lembrando o que vostede acaba de dicir, os bailes desaparecerán. Todo o contrario, é unha actividade que se pretende fortalecer, que se pretende protexer. En base a elo pediuse informes tamén de carga ao servizo de infraestrutura, que vostedes tamén como partido político poden ver. E en base a eses dous informes, volveuse facer unha xuntanza coa cidadanía, a cal se atendeu que non me pillaran a min nun buscando un voto antes que o benestar das persoas. Nunca me pillarán niso por moitas eleccións que esteamos agora mesmo en período electoral.
E como un voto non vale a seguridade dunha persoa, trasladóuselles a necesidade de estar seguros de que se ía identificar as persoas pola súa seguridade. E entendérono. Entendérono. E as persoas identifícanse sen ningún problema e neste eido seguiremos traballando, porque nunca me atoparán na manipulación. Nunca me atoparán xogando cos sentimentos das persoas, que son moi difícil, moi doados, perdón, de acadar. Nunca me atoparán nese tipo de políticas, porque para min os intereses das persoas están por riba de todo. E o benestar dos maiores é fundamental para eles e por eles. Moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Rocamonde. Imos á seguinte.

**C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 215/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS DE CARA A AMPLIAR A XORNADA A TEMPO COMPLETO DE DÚAS EDUCADORAS SOCIAIS DOS CENTROS MARÍA BALTEIRA E SAGRADO CORAZÓN.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Las educadoras sociales de los centros María Balteira y Sagrado Corazón, cuyos códigos de puesto son 4101/212/5 y 4101/212/6 respectivamente, están prestando sus servicios a tiempo parcial con una jornada laboral de 25 horas semanales. Teniendo en cuenta las necesidades de este servicio, el Grupo Municipal del Partido Popular presenta un ruego ante este Pleno para que se adopten las medidas necesarias para ampliar la jornada de dichas trabajadoras a tiempo completo.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Grupo Popular ten a palabra don Gustavo Díaz.

**-GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias. Las educadoras sociales de los centros María Balteira y Sagrado Corazón, en Fingoi, como saben están compartidos los dos centros, cuyos códigos de puestos de trabajo son 41012125 y 41012126 respectivamente, están prestando sus servicios a tiempo parcial con una jornada laboral de 25 horas semanales. A consecuencia de esto, los ciudadanos lucenses vinculados a estos centros, a los que se encuentran adscritas dichas traballadoras, al 66,7% de la jornada, no tienen un acceso igualitario a los servicios sociales, puesto que existe un determinado horario en el que no disponen de la atención de las educadoras.
Esta jornada reducida supone una clara dificultad añadida para gestionar el trabajo y coordinarlo con el resto de profesionales implicados en los procedimientos debido a las diferencias de horarios y de jornadas. Tal es el caso de los equipos técnicos del menor, trabajadores sociales de los centros de salud y del juzgado, la compleja coordinación con los propios equipos de trabajo de educadores y trabajadores sociales o la dificultad para coordinar visitas domiciliarias conjuntas.
Esta necesidad de educadores sociales en los centros es de sobra conocida por ustedes y así queda patente cuando acaban de publicar la convocatoria de una plaza de educador social en el boletín oficial de la provincia en el pasado 26 de abril.
Y si es así, y si son necesarias educadoras sociales, ¿no sería coherente aumentar la jornada de estas dos trabajadoras al 100%?
Recordemos además que se trata de dos trabajadoras que obtuvieron su plaza después de haber superado un proceso selectivo en las mismas condiciones, exactamente las mismas, que cualquier otro funcionario del Concello, del grupo A2 a jornada completa.
No podemos justificar situaciones como esta amparándonos en la RPT. La RPT en si misma es un instrumento vivo, modificable adaptable según las necesidades en cada momento.
No soy yo el que se dice que la RPT sea modificable. Lo dice el Estatuto básico del empleado público, que en su artículo 37 establecer la participación de los representantes sindicales en la definición de las condiciones de trabajo de los empleados públicos, incluyendo la elaboración y la modificación de la RPT.
La realidad es que se trata de una cuestión de voluntad política y es esa voluntad política a la que nosotros hoy apelamos.
Voluntad, además que sabemos, nos consta que ha sido compartida por ustedes en algún momento.
La ampliación de esta jornada laboral supondría, 1, una mejor coordinación con los distintos profesionales implicados en los casos: principio básico de trabajo social.
2. El incremento en el número de citas y la posibilidad de ofertar estas en un breve plazo de tiempo, principio de igualdad de acceso a los servicios sociales. Y 3. Eliminación de precariedad laboral que experimentan estas dos trabajadoras con respecto al resto de educadoras sociales.

Por todo ello, desde el grupo municipal do Partido Popular presentamos un ruego para que se adopten las medidas necesarias para ampliar la jornada de dichas trabajadoras a tiempo completo.
Con medidas necesarias me refiero también a articular los mecanismos necesarios, que non son sencillos, pero solo hace falta esa voluntad política. Gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Díaz. Ten a palabra a voceira do goberno, dona Olga Racamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bo día de novo e grazas. Direilles que dende a Concellería de Benestar, dende o primeiro momento, atendeuse a esta demanda das propias profesionais, e a ben traballando a prol das necesidades dos usuarios, xa se pediron informes e asesoramento tanto do interventor como da Secretaría do Concello para ver se era viable.
Dende a Concellería de Benestar emitíronse diversos informes ao servizo competente para que se ampliase esta xornada porque entendemos necesaria para a prestación do servizo aos usuarios.
Vaia por diante, e hai que dicilo, que estas traballadoras presentáronse e consciente e voluntariamente a unha oposición na que era convocado o 60% da xornada laboral, que é a que veñen prestar, de xeito que ninguén as obrigou, elas presentáronse voluntariamente. Non?
Entón temos que partir deste punto e da importancia de recoñecer a voluntariedade para ocupar estes postos.
Tendo en conta isto, e tendo en conta as necesidades de servizos sociais, e que elas saben da miña man e da miña voz que compartimos a necesidade de aumentar a xornada, isto lévase solicitando e farémolo posible sempre e cando existan os informes dos órganos habilitados e do persoal administrativo, que ten competencias neste eido para facelo deste xeito.
Bo día e moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora López Racamonde. Continuamos.

**D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 216/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO LOCAL INSTALE PANTALLAS DIXITAIS EN LUGARES ESTRATÉXICOS DA CIDADE.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Estamos na cúspide dunha nova era dixital, unha era onde a información e a conexión son máis accesibles que nunca, por elo debemos tratar de beneficiarnos de todas as vantaxes e posibilidades que están o noso alcance.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular creemos que é necesario cambiar a forma en que a nosa cidade preséntase e expóñense aos lucenses e aos visitantes en relación coas actividades e a programación cultural levadas a cabo.

Imaxinen un paseo pola cidade onde cada recuncho conta a súa historia non só con palabras, senón con imaxes impactantes, interaccións táctiles e contido

actualizado. Os paneis dixitais non só son esteticamente agradables, senón que tamén son ecolóxicos, reducindo a necesidade de materiais impresos e permitindo actualizacións en tempo real sen desperdicio adicional.

A promoción dixital da nosa cidade nos abriria un mundo de posibilidades.

Este cambio non é só unha mellora tecnolóxica, unha comunidade que mira cara ao futuro, que valora a sustentabilidade e que abraza a innovación.

Ao adoptar o dixital, non só melloramos a experiencia turística, senón que tamén fortalecemos a nosa economía local

Así que lles convido a que haxan realidade estás propostas e que fagamos que Lugo non só sexa un lugar para visitar, senón un destino dinámico e conectado á nova dixital.

En resumo o futuro é dixital, e o futuro é agora.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO un ROGO para que o goberno local instale pantallas dixitais en lugares estratéxicos da cidade.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois ten a palabra o voceiro do Partido Popular don Agustín Gallego.

**-AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Grazas de novo, señora presidenta.
Estamos na cúspide dunha nova era dixital. Unha era onde a información e a conexión son máis accesibles que nunca.
Por elo, debemos tratar de beneficiarnos de todas as ventaxas e posibilidades que están ao noso alcance.
Dende o grupo municipal do Partido Popular cremos que é necesario cambiar a forma en que a nosa cidade presenta e se expón aos lucenses e aos visitantes, en relación coas actividades e a programación cultural levadas a cabo.
Imaxínense un paseo pola cidade, onde cada recuncho conta cunha historia, non só con palabras, senón con imaxes impactantes, interaccións táctiles e con contido actualizado.
Os paneis dixitais non só son esteticamente agradables, senón que tamén son ecolóxicos, reducindo a necesidade de materiais impresos e permitindo actualizacións en tempo real e sen desperdicio adicional.
A promoción dixital da nosa cidade abriríanos un mundo de posibilidades. Este cambio suporía unha mellora tecnolóxica nunha comunicación que mira cara ao futuro e que valora a sustentabilidade e abraza a innovación.
Ao adoptar o dixital non só melloramos a experiencia turística, senón que tamén fortalecemos a nosa economía local, así que lles pido que fagan realidade estas propostas e que fagamos que Lugo non só sexa un lugar para visitar, senón tamén un destino dinámico e conectado á nova era dixital.
En resumo, o dixital é o futuro e é agora. Dende o grupo municipal do Partido Popular presentamos este rogo para que o goberno local instale paneis dixitais en lugares estratéxicos da cidade. Moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Gallego. Ten a palabra a concelleira de Goberno, dona Maite Ferreiro.

**-MAITE FERRREIRO TALLÓN:** Ben, en só lle podo dicir que se estudiará.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Continuamos.

**PREGUNTAS:**

**A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 208/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS INICIATIVAS QUE SE ESTÁN A LEVAR A CABO OU PARÁMETROS A SER MODIFICADOS NA NORMATIVA QUE POSIBILITE UN PRONTO APROVEITAMENTO DAS POSIBILIDADES INTRODUCIDAS POLO DECRETO 128/2023, DO 7 DE SETEMBRO.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
O Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Lugo, presentou, para o seu debate e aprobación en reunión de carácter ordinario do pleno da Corporación Municipal de finais do pasado ano, proposición para a modificación da normativa e planeamento urbanístico do eido local na procura de aproveitar as posibilidades introducidas polo decreto 128/2023, do 7 de setembro, polo que se modifica o decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
Durante a defensa da proposición, solicitamos minorar a altura mínima exterior da fiestra e reducir a profundidade mínima do patio previo a través da modificación do artigo 39 do PXOM o cun ANEXO DE HABITABILIDADE, rebaixar a altura mínima interior do uso vivenda a través dunha modificación do artigo 108 do PXOM, posibilitar a transformación de todos os locais que cumpran as esixencias normativas de vivenda ubicados por debaixo das plantas altas de uso vivenda a través da modificación do artigo 49.1 do PXOM para concretar esixencias de aparcadoiro en uso residencial e a través da modificación do artigo 33.2.2. do PXOM que define posibilidades de uso de entreplantas construídas con planeamento previo e adecuar ás novas esixencias, os requisitos de vivenda exterior a través da modificación do artigo 40 do PXOM e a través dun ANEXO DE HABITABILIDADE que fixe as condicións dos patios de mazá
En votación ordinaria dos membros do pleno, a proposición foi rexeitada coa xustificación de que os servizos técnicos municipais atopábanse xa traballando nestas demandas e posibilidades técnicas para aproveitar as posibilidades introducidas polo decreto 128/2023
Unha vez transcorridos un tempo que permite coñecer cal está a ser a estratexia de traballo do goberno municipal ao respecto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte PREGUNTA:
Que iniciativas estanse a levar a cabo ou que parámetros están a ser modificados na normativa que posibilite un pronto aproveitamento das posibilidades introducidas polo decreto 128/2023, do 7 de setembro?

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra o concelleiro do grupo popular, señor Cabarcos. Grazas

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** O noso grupo municipal a finais do pasado ano presentou unha proposición na que solicitamos minorar a altura mínima exterior da fiestra e reducir a profundidade mínima do patio previo, entre outras cousas, para poder aproveitar as posibilidades do Decreto 128/2023, que modificaba a aprobación das normas de habitabilidade.
Tamén solicitamos rebaixar a altura mínima interior de uso e vivenda, posibilitar a transformación noutros locais, que cumpran as esixencias normativas ubicados por debaixo das plantas altas, concretar esixencias de aparcadoiro de uso residencial, e adecuar estas novas esixencias aos requisitos de vivenda exterior a través da modificación do artigo 40 do PXOM.
Naquela ocasión, só se falou de modificar o nexo de habitabilidade, pero xa dixemos que era insuficiente. Supoño que están a traballar en silencio, como hai un momentiño vostede mesma dixo, pero convidámolos a que salgan dese silencio para informar aos propietarios que teñen locais que non poden aproveitar agora en zonas onde existe unha degradación ambiental evidente e que esta posibilidade é unha ferramenta máis, moi importante, para poder transformar o ambiente urbano, o aproveitamento dos locais e as posibilidades do comercio e da vivenda local.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Iso, perdón. Ten a palabra o concelleiro de Goberno, o señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Grazas, señora alcaldesa. Eu despois de ler a pregunta, ler a proposición, ademais fai especial reparo en solicitar minorar a altura mínima, a altura mínima interior...
Unha lista dos artigos do PXOM... Paréceme oportunista esta pregunta e, claro, vostedes solicitan, como se fose idea súa, que se aplique o decreto 128 que modifica a normativa de habitabilidade de vivendas de Galicia. Xa se está a facer. De feito a área de urbanismo do Concello está a traballar nun anexo de habitabilidade para introducir estes cambios normativos que fan máis laxas as licenzas.
Pero tamén quería informar de que xa saíron varias guías, como a do Colexio de Arquitectos, onde se poden consultar ditas modificacións. É isto, para rematar a parte da pregunta, pois, a pesar de que o anexo da habitabilidade aínda está en fase de relación, xa están a tramitar licenzas relativas ao uso residencial, adaptadas aos estándares de habitabilidade que enmarca o decreto 128.
Informámoslle tamén de que o Concello xa concedeu varias licenzas para o cambio de uso en plantas baixas para destinar a vivendas, e ademais se están a tramitar outras sete.
Estamos traballando nelo, pero a habitabilidade non se pode sacar nun mes. Hai que traballar e miralo ben. [...]. De acordo, grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

**B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 209/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN ACTUAL DA CONTRATACIÓN DUNHA PLATAFORMA PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO PATRIMONIO MUNICIPAL E DO SEU INVENTARIO.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:
En data de 1 de abril de 2022, a que entón era Tenente de Alcaldesa Delegada del área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos Paula Alvarellos Fondo, e en representación do Concello de Lugo, asinou contrato administrativo correspondente á CONTRATACIÓN DUNHA PLATAFORMA PARA A XESTIÓN INTEGRAL DO PATRIMONIO MUNICIPAL E DO SEU INVENTARIO, que permitise a integración con ferramentas do Sistema de Información Xeográfica (XIS).
Este contrato contaba coa cofinanciación do 80% do fondo europeo de desenvolvemento rexional e recaeu na mercantil CENTRO DE OBSERVACION Y TELEDETECCION ESPACIAL S.A. por un importe de 71.000,00 euros mais IVA.
O prazo máximo para a execución deste contrato no que atinxe á elaboración do inventario, entrega da documentación, posta en marcha da aplicación de xestión patrimonial e a precisa formación do persoal ao seu cargo foi de DOCE MESES.
Unha vez rematadas estas tarefas, o contrato vinculaba á empresa adxudicataria a un mantemento do entregado de UN ANO, NON EXISTINDO POSIBILIDADE DE PRÓRROGA e formalizándose garantía en resposta ao seu cumprimento de aval de sociedade de garantía recíproca por un importe de 3.550,00 euros.
Transcorridos hoxe mais de DOUS ANOS dende a sinatura do documento e non sendo coñecedores de que o obxecto do contrato teña sido levado a cabo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte PREGUNTA:
En que situación se atopa o devandito e vencido contrato, a elaboración do inventario, a entrega da documentación, a posta en marcha da aplicación de xestión patrimonial e a precisa formación ao seu cargo, así coma o seu período de mantemento anual?

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten novamente a palabra o concelleiro do Partido Popular, señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** En data 1 de abril de 2022, a que entón era tenente da alcaldesa e delegada da área de Gobernanza, economía e recursos humanos, e en representación do Concello de Lugo, asinou o contrato administrativo correspondente á contratación dunha plataforma para a xestión integral do patrimonio municipal e do seu inventario, que permitise a integración con ferramentas do Sistema de información xeográfica.

Este contrato contaba cunha cofinanciación do 80% do fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e recaeu no Mercantil Centro de Observación e Teledetección espacial, S.A., por un importe de 71.000 euros máis IVA.
O prazo máximo para a execución deste contrato, no que atinxe á elaboración do inventario, entrega da documentación, posta en marcha da aplicación de xestión patrimonial e a precisa formación do persoal ao seu cargo, foi de doce meses.
Unha vez rematadas estas tarefas, o contrato vinculaba a empresa adxudicataria a un mantemento do entregado dun ano, non existindo posibilidade de prórroga e formalizándose garantía en resposta ao cumprimento da aval de sociedade de garantía recíproca por un importe de 3.550 euros.
Transcorridos hoxe máis de dous anos dende a sinatura do documento e non sendo coñecedores de que o obxecto do contrato teña sido levado a cabo, o grupo municipal do Partido Popular presentando ante o pleno a seguinte pregunta.
A situación na que se atopa o devandito e vencido contrato, a elaboración do inventario, entrega da documentación, posta en marcha da aplicación da xestión patrimonial e a precisa formación do persoal ao seu cargo, así como o período do mantemento actual.
Podo dicir que a comprobación de que efectivamente non está implementado é tan sinxela como entrar no Catastro online e ver que lugares como Frigsa corresponde a un espacio baleiro sinuoso. Algo así.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Vaille responder o concelleiro de Goberno, Pablo Permuy.

**-ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA:** Grazas, alcaldesa. Como ben di o señor Cabarcos, o referido contrato asinouse no mes de abril de 2022, sendo o prazo de execución de 12 meses, posteriormente concedéuselle á empresa adxudicataria no mes de marzo de 2023, unha ampliación de prazo de tres meses para a execución dos traballos. O 30 de xuño de 2023 asinouse a acta da recepción dos traballos, obxecto do contrato editado. O día 10 de outubro de 2023, tras a realización dos traballos de comprobación da aplicación informática entregada, así como cambios na mesma e recibida a oportuna formación, informouse favorablemente a factura da empresa adxudicataria aos efectos do seu pagamento, e finalmente 11 de decembro de 2023 procedeuse á súa aprobación definitiva.
Na actualidade, a parte de consultar determinados datos puntuais, preguntando na área de Patrimonio dentro do Servizo de Contratación, podíase ver que se está a traballar con normalidade coa devandita aplicación informática, e como xa estaba previsto, a finais deste ano incorporaranse as altas e baixas que se produciron no ano en curso. E a empresa vai proceder á súa actualización.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

**C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 210/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA ENTREGA DAS**

**ESCRITURAS DAS VIVENDAS DO BARRIO DA CROA.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Como xa reiteramos en anteriores ocasións, o barrio de A Croa leva anos pendente da entrega de escrituras aos veciños.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o **pleno**, as seguinte preguntas:

1. Por qué non se entregaron todavía as escrituras de propiedade das vivendas de A Croa?
2. En que punto se atopa dita tramitación?

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular. Señora Rubinos, ten a palabra.

**-FLORA RUBINOS ROIS:** Foi no ano 1992 cando, gobernando o Partido Popular do Concello de Lugo, se ideou un proxecto para erradicar o chabolismo.
Este plan deu lugar a 15 vivendas na contorna do Castro da Croa. No ano 95 concedeuse a licenza e procedeuse coa execución da mesma.
29 anos despois, os propietarios das vivendas siguen sen poder dispoñer das escrituras que lles dá a súa titularidade, polo que o grupo municipal do Partido Popular presenta ante este pleno as seguintes preguntas. Por que non se entregaron aínda as escrituras da propiedade das vivendas da Croa? En que punto se atopa dita tramitación? Estamos a falar dun barrio carente de servizos e cunha escasa atención do goberno municipal. Se no ano 2022 se procedía ao derrubo das edificacións deshabitadas que había na contorna, as zonas verdes, ás que deu lugar, a día de hoxe non poden ser empregadas polos veciños no seu tempo de lecer, porque non existen. A vexetación e a falta de mantemento fan que non se poidan utilizar máis que polos cabalos que pastan na zona.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro de Goberno, señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Moitas grazas, señora alcaldesa e grazas aos vecinos da Croa tamén por asistir hoxe ao pleno.
Como saben, as escrituras están a preparalas nunha notoria de Lugo, que supoño que xa vos avisarían. Están realizadas en base a un documento proforma que contiña un proxecto. E ao pasar varios anos da redacción dese proxecto, é necesaria agora levar a cabo a súa actualización para facelo ben. Xa que a revisión realizada polo notario presentaba erros, que tamén supoño que volo contarían. En canto termine esa revisión... Non volo contaron o de...? Pois o notario presentaba erros no seu informe.
En canto esa revisión termine, realizarase unha corrección final co notario para que poida concluír o seu traballo e continuar así o procedemento.

**D) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 211/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO MOTIVO POLO QUE SE ATOPAN ACESAS OS ÚLTIMOS DÍAS AS VINTECATRO HORAS AS LUCES DO AUDITORIO DE MAGOI.-** Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Nos últimos días as luces do novo Auditorio de Magoi están acesas as 24h.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

1. Cal é o motivo?

## DELIBERACIÓN

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular ten a palabra a señora Colmenero.

**-SILVIA COLMENERO GUZMÁN:** Moitas grazas. El próximo mes de junio, que comienza pasado mañana se cumplen cuatro años desde que el gobierno municipal tiene las llaves del Auditorio de Magoi.

Hace un mes, la señora Alvarellos, cuando hizo la valoración de esos 100 días al frente de la alcaldía de Lugo, dijo sobre el Auditorio de Magoi, dijo textualmente que se habían dado pasos para empezar a definir el modelo de gestión y que tenía voluntad de abrirlo en breve.

Pues bien, preguntando sobre esto en la comisión preparatoria de este pleno, la respuesta fue vacía, echando balones fuera, descargando además la responsabilidad de la decisión en los técnicos municipales y diciendo que non se puede abrir porque está, atención, en precario. Sorprendente.

En todo caso, este grupo municipal sí que cree que hay voluntad por parte de este gobierno de abrir el Auditorio de Magoi. No en breve, es evidente, pero sí que cree que hay una voluntad futura.

Bueno, de todos... De parte de todos quizá no, porque al Bloque Nacionalista Galego todavía no le hemos escuchado decir nada de nada sobre este asunto. Silencio absoluto.

El BNG se pone de perfil, y eso que llevan el área de Cultura. Señor Maite Ferreiro, non lle vexo moita ansia.

El Bloque está gastando dinero en publicidad, eso sí, en reclamar y en exigir a otras administraciones que abran ya sus puertas para que todos podamos ocupar ya sus plazas de aparcamiento. Y sin embargo son incapaces de abrir ya la puerta de lo que sí tienen llave y de lo que es suyo: El Auditorio Municipal. Algo inverosímil.

La triste realidad es que Lugo tiene un auditorio cerrado, en el que artistas y público no podemos entrar ni disfrutarlo.

No obstante sí que parece que ha entrado alguien hace un mes y al salir cerró la puerta, pero olvidó apagar las luces. ¿Pueden explicarnos por qué las luminarias del interior del Auditorio de Magoi llevan tres semanas encendidas de día y noche? Espero que no me contesten que es el instalador eléctrico o el organismo de control, que está haciendo pruebas. Y a ver, a ver qué respuesta nos dan. Gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Colmenero. Pois vaille dar resposta para esa inquedanza que ten a concelleira de Goberno dona Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Acaba de lanzar unha serie de preguntas ao pleno que di: Nos últimos días as luces do novo Auditorio de Magoi están acesas as 24 horas. E pregunta cal é o motivo. Pois a resposta é: por cuestións técnicas que o requiren.

**C) <u>DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS</u>**

- **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO MEDIO AMBIENTE.-** A Excma. Corporación municipal, formula a seguinte declaración institucional con motivo do día internacional do medio ambiente:

“A campaña do Día Mundial do Medio Ambiente de 2024 celébrase baixo o lema "As nosas terras. O noso futuro. Somos a "Generación Restauración".

Os chans están a degradarse, as secas aumentan e as terras que algunha vez foron fértiles están a converterse en desertos. Pero hai escintileos de esperanza. O 5 de xuño, Arabia Saudita acollerá o Día Mundial do Medio Ambiente 2024 , unha celebración anual do planeta que este ano se centra na desertificación, a degradación da terra e a resiliencia ás secas.

A nivel global, máis de 2 mil millóns de hectáreas de terra están degradadas, o que afecta á metade da poboación mundial e ameaza a innumerables especies.

Todos os que estamos vivos agora somos parte dunha xeración que é a primeira en presenciar os efectos devastadores da degradación ambiental.

A seca, a degradación da terra e a desertificación teñen o potencial de destruír a vida no planeta Terra. Agora que comeza a campaña polo Día Mundial do Medio Ambiente, é unha boa oportunidade para involucrarse.

A mensaxe é clara. É necesaria a restauración dos ecosistemas a gran escala para abordar o cambio climático, salvar especies da extinción e asegurar o noso futuro.

Este ano, o Día Mundial do Medio Ambiente dirixirá a mirada do mundo cara a tres desafíos perigosos, aínda que a miúdo pasados por alto: a degradación da terra, a desertificación e a seca. A nosa prioridade agora debe ser restaurar os ecosistemas: coidar os nosos bosques, replantar novas superficies, rehumedecer nosas marismas e revitalizar os nosos chans.

Unha das formas máis efectivas de restaurar terras degradadas, deter a desertificación e aumentar a resiliencia á seca é mediante a restauración dos ecosistemas . E o bo da restauración é que pode ocorrer a calquera escala. Isto significa que todos teñen un papel que desempeñar.

O tema elixido para o "Día da Desertificación e a Seca deste ano: Unidos pola Terra: o noso legado. O noso Futuro" busca mobilizar á sociedade en apoio da administración sostible da terra. O 17 de xuño celebrarase tamén o 30º aniversario da Convención das Nacións Unidas de Loita contra a Desertificación (UNCCD), o único Tratado Internacional xuridicamente vinculante sobre xestión da terra e seca.

O cambio climático está a exacerbar a desertificación: neste momento, ao redor de 2 mil millóns de persoas viven en terras secas vulnerables á desertificación, o que podería desprazar a uns 50 millóns de persoas para 2030.

Ao redor dunha cuarta parte da poboación mundial vese afectada pola seca. O estado dos nosos chans en Europa tamén se está deteriorando rapidamente. Protexer o chan e a terra é un desafío global. Necesitamos actuar xuntos hoxe para que as xeracións vindeiras poidan ter acceso a recursos naturais vitais. Só poderemos alimentar á humanidade e facer fronte á crise climática e de biodiversidade se temos chans sans.

A "Resolución do Parlamento Europeo, do 19 de maio de 2021, sobre os efectos do cambio climático nos dereitos humanos e o papel dos defensores do medio ambiente (2020/2134(INI)" lembra a obrigación dos Estados de protexerlles do acoso, a intimidación e a violencia, así como de garantir as súas liberdades fundamentais, e a súa deber de recoñecer os dereitos dos pobos indíxenas e das comunidades locais, así como de celebrar a achega da súa experiencia e os seus coñecementos na loita contra a perda de biodiversidade e a degradación ambiental, pedindo unha maior cooperación con estas colectividades e animando á Comisión para seguir impulsando o diálogo e a colaboración entre os pobos indíxenas e a Unión Europea.

Países de todo o mundo están a mobilizarse para conmemorar o “Día do Medio Ambiente” e o “Día da Desertificación e a Seca” cunha variedade de actividades educativas, culturais e deportivas, desde proxeccións de películas ata torneos de fútbol e desde plantación de árbores ata concursos de xardinería.

Neste contexto, o día 5 de xuño data de conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) en representación do mundo local no seu conxunto quere sumarse á iniciativa promovendo entre o ámbito local actuacións ao redor da sustentabilidade, o coidado do medio ambiente, e a concienciación climática.

Por todo iso o Pleno do Concello de Lugo únese a esta “Declaración Institucional da FEMP” para apoiar todas as iniciativas encamiñadas ao fomento dos principios do Pacto Verde Europeo: economía circular, enerxía limpa, eficiencia enerxética, mobilidade sostible, incremento da biodiversidade, eliminación da contaminación e loita contra o cambio climático no noso planeta cos seguintes obxectivos:

- Reiterar a tolerancia cero ante calquera acción violenta contra a degradación do medio Ambiente e a degradación do noso planeta.

- Reprantar os nosos bosques e parques naturais, rehumedecer nosas marismas e revitalizar os nosos chans.

- Frear a perda da biodiversidade e protexer os ecosistemas e, en especial, facer fronte á seca, a desertificación e a degradación da terra que ameazan as rexións do noso país, Europa e o planeta Terra.

- Promover a conciencia pública sobre as cuestións relacionadas coa desertificación, a degradación da terra e a seca.

- En liña coa ONU, desde o ámbito local, facémonos eco da voz dos mozos que son o futuro do noso planeta para facer fronte ao cambio climático.

- Dar visibilidade á Plataforma de Comunidades Locais e Pobos Indíxenas de Nacións Unidas e comprometernos co papel crucial que teñen estas colectividades para a consecución dos obxectivos do “Acordo de París”.

- Valorar os nosos espazos verdes non só desde o punto de vista paisaxístico, botánico e de lecer, senón tamén por outros moitos servizos ecosistémicos que nos presta, en termos de saúde física e mental, protección da biodiversidade, incremento da equidade social, desenvolvemento da economía verde.

- Potenciar o cambio na xestión tradicional dos parques e xardíns municipais cara á xestión da infraestrutura verde municipal, co fin de lograr que os nosos pobos e cidades sexan máis sostibles, saudables e resilientes.

- Impulsar en liña coa Rede de Gobernos Locais + Biodiversidade da FEMP o modelo de municipio verde e biodiverso 3/30/300, cos principais obxectivos de recuperar e preservar a biodiversidade urbana, crear cidades e pobos máis saudables e habitables.

- Fomentar aquelas accións no ámbito da redución de emisións de $CO_2$, a mellora de eficiencia enerxética, o fomento da mobilidade sostible e a prevención na xeración de residuos que contribúan á adaptación e loita contra o cambio climático, en colaboración e coordinación coas actuacións da Rede Española de Cidades polo Clima da FEMP.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do expresado día trinta de maio de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribirase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental da Corporación, dou fe.**